



XUNTA DE GALICIA


**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CEIP Mestre Pastor Barral

R/ Camiño Real s/n
15800 Melide (A Coruña)
Tfno.: 881866132/31/33 Fax: 881866134
ceip.pastor.barral@edu.xunta.es

PXA

2023 – 2024




ÍNDICE

1. Datos do centro
2. Obxectivos
 - Obxectivos Xerais do Centro
 - Obxectivos Específicos
 - Medidas a desenvolver para a súa consecución
 - Recursos previstos para o efecto.
3. Instalacións e equipamento
4. Alumnado
5. Profesorado
6. Equipos de coordinación docente
7. Consello escolar
 - Xunta económica
8. Horario do centro
9. Horario de Atención ao Público
10. Días non lectivos
11. Quendas de vixilancia
 - Vixilancias de recreo
 - Vixilancias de transporte
12. Concreción anual e modificación do proxecto educativo
13. Plan de autoprotección do centro
14. Relacións do centro coas familias e a comunidade educativa
15. Plan de transporte
16. Plan de actuación dos órganos colexiados
 - Consello escolar
 - Claustro de Profesores
17. Plan de actuación do Equipo Directivo.
18. Plan de organización das tarefas do persoal non docente.



19. Plan de formación do profesorado e de participación en programas de innovación educativa.
20. Plan de traballo da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
21. Plan de traballo de Educación Infantil
22. Plan de traballo de Educación Primaria
23. Programación anual de atención á diversidade.
24. Proxecto de Educación artística
25. Proxecto de Lingua Inglesa
26. Plan de traballo de Relixión católica
27. Plan de traballo de Educación Física
28. Proxecto de Normalización Lingüística
29. Plan de Traballo do Equipo de Actividades complementarias e extraescolares.
30. Actuacións previstas no plan de Convivencia para o presente curso.
31. Actividades organizadas pola ANPA.
32. Relación de libros de texto para o curso 2023-24
33. Plan xeral de avaliación do centro
34. Avaliación da Programación Anual
35. Anexo I – Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables.
36. Anexo II – Plan de Igualdade
37. Anexo III – Concreción Anual do Plan de Atención á diversidade.
38. Anexo IV – Plan de lectura
39. Anexo V – Plan dixital



1. DATOS DO CENTRO

O Ceip Mestre Pastor Barral é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que comezou a funcionar en setembro de 1995 e está adscrito ao IES de Melide.

Está situado na Rúa Camiño Real S/N na vila de Melide, cabeceira de comarca da Terra de Melide. En devandita vila hai outros dous centros de Educación Infantil e Primaria, cos que en ocasión se organizan actividades conxuntas, ademáis de dúas escolas infantís (0 - 3 anos) unha delas municipal e outra Galiña Azul, dependente da Xunta de Galicia, así como o IES mencionado anteriormente.

2. OBXECTIVOS

Esta programación Xeral Anual pretende, tendo en conta novos obxectivos e baseándose na última Memoria, sinalar o camiño a seguir neste curso escolar.

2.1 OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

- Proporcionarlle ó alumnado unha educación básica e integral que lle permita desenvolver ó máximo ás súas competencias básicas.
- Conseguir que os nenos e nenas gocen vindo ao colexio e aprendan nun ambiente axeitado, onde poidan ser debidamente atendidos e respectados e onde atopen seguridade emocional e apoio social.
- Asentar as bases das linguas galega, castelá e inglesa aproveitando a curiosidade natural do alumnado.
- Desenvolver as actitudes para as actividades musicais, plásticas e deportivas.
- Coñecer o propio corpo e tomar conciencia da identidade.
- Coñecer o medio que rodea ao alumnado para repectalo, valoralo e tomar conciencia das repercusións do seu deterioro.
- Favorecer actitudes de observación, interese por aprender e gusto polo traballo. Fomentar os espírito investigador.
- Desenvolver, a través dunha ampla de actividades, todos os aspectos da personalidade das alumnas e alumnos.



- Potenciar as destrezas persoais e capacidade de autonomía, aprendeno a relacionarse cos demais.
- Fomentar o hábito da lectura e da escritura e crear hábitos de traballo e estudo.
- Manter e potenciar un ambiente de respecto e cordialidade entre todos os membros da comunidade educativa.

2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS


- Revisión e cumprimento do PEC. Revisar os Plans de centro que o compoñen.
- Promover a elaboración do Proxecto de Xestión do Centro.
- Promover as normas de organización e funcionamento nas que se garantan o cumprimento do Plan de Convivencia.
- Dinamizar as TIC' s tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, rematando a dotación do centro dos medios para realizar esta tarefa, dentro das nosas posibilidades.
- Seguir coa dinamización da Biblioteca, incluída no PLAMBE, así como realizar actividades mensuais de fomento da lectura e continuar co mesmo sistema de préstamo.
- Facilitar e posibilitar os medios necesarios para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.
- Fomentar a investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- Facer as concrecións anuais dos distintos proxectos.
- Establecer criterios de coordinación entre os distintos niveis e etapas educativas.
- Ofrecer unha educación e formación para a igualdade entre homes e mulleres.
- Ofrecer unha educación ambiental e de coidado de medio máis próximo que nos rodea.
- Implicar ás distintas administración na mellora das instalación do centro.
- Potenciar o uso da lingua estranxeira.



- Fomentar unha alimentación saudable a través do consumo de froita no recreo coa participación no programa Edu-saúde dos Plan Innova de Consellería de Educación, ademáis de solicitar un Plan Proxecta “ Proxectos de vida activa e deportiva”. No centro dispoñemos dunha nutricionista, que vai intentar crear en cada curso , e coa axuda dos tiores uns hábitos de vida saudables.
- Formación do Profesorado con cursos de formación online e cun Plan de Formación no mesmos centro escolar.
- Participación no Erasmus+ 2019-ES01-KA101-061954 “ El Camino de Europa: XACOBEO 2021, la multiculturalidad como oportunidad de desarrollo (CAMINE), con mobilidade de mestres ao estraxeiro.

2.3 MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCCIÓN.


- A través do Claustro de Profesores, Comisión de Coordinación Pedagoxica, Departamento de Orientación, equipos docentes e Consello Escolar, revisarase o PE.
- Revisar o Plan de Autoprotección para actualízalo e completalo, así como sometelo á aprobación do Claustro e Consello Escolar.
- Elaboración do anteproxecto de xestión anual polo Secretario. Serán a Comisión Económica e o Consello Escolar quen aproben e xustifiquen este proxecto. Informarase ao Claustro do mesmo.
- Solicitar recursos informáticos para o centro.
- Dinamizar as Bibliotecas do centro a través da responsable da biblioteca.
- Revisar, cos mestres, a orientadora, especialistas de PT e AL, un protocolo de acollida do alumnado novo.
- Elaborar por parte do Departamento de Orientación xunto coa CCP e o profesorado, un listado das necesidades de atención a alumnado de EP con dificultades, así como das necesidades nas aulas de Ed. Infantil. Identificación e valoración dos alumnos susceptibles de apoio e adopción de medidas.
- Potenciar o uso da lingua galega. Publicación da revista Somos Nós, e realización de enquisas anuais sobre o uso do idioma.



- Elaborar as programacións e comprobar que inclúan medidas conducentes a unha educación pola igualdade.
- Implicar aos alumnos do colexio sobre a limpeza(non tirar envoltorios ao chan, nin envases....)
- Implicar ás institucións e a toda a comunidade educativa no proxecto educativo de centro e na súa consecución dotando ao centro de mellores medios materiais.
- Participar en programas da Consellería que teñan que ver co consumo de froita e comida saudable.
- Solicitar a participación en Programas de Éxito educativo (CPinnova e CPinclúe)
- Solicitar a participación en diferentes Plan Proxecta(Proxectos de Vida Activa e deportiva, Mobilidade sostible e segura)
- Participar no Plan director.
- Realización dos PFPP sobre Polos creativos, e convivencia e inclusión, no que afondaremos no DUA (Diseño Universal de Aprendizaxe).

2.4 RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO.


- Os recursos humanos son persoal docente, e non docente.
- A ANPA Camiño Real.
- Recursos materiais. Solicitamos cada curso material de renovación de mesas, encerados, cadeiras, armarios e material informático. Para pequenos arranxos contamos coa colaboración do Concello.
- Solicitud perante a Xefatura Territorial do cambio de Tellado do colexio, posto que hai moitas humidades e goteiras tanto nas cúpulas de infantil como en Primaria. E durante o curso pasado tamén no salón de actos e no local da ANPA. Tamén presenta o colexio moitas humidades nas paredes laterais interiores e no chan.
- Solicitud da retirada das tarimas de cemento que atopan nalgúnhas aulas posto que meman o espacio das mesmas.
- Os recursos económicos cos que conta o centro son os que proveñen da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



3. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

- Nove aulas de espazo reducido, inconveniente que se ve incrementado por teren tarima onde se atopa mesa do mestre/a, o que impide o aproveitamento da superficie.
- Unha aula de atención preferente.
- Unha aula de informática.
- Unha aula de Pedagogía Terapéutica.
- Unha aula de Audición e Linguaxe.
- Unha aula de Plástica.
- Unha aula de Relixión.
- Unha aula de Inglés.
- Despacho de Orientación.
- Ximnasio con duchas e servizos.
- Patio cuberto de 800 metros cadrados, cerrado por tres caras.
- Biblioteca.
- Salón de Actos habilitado como Aula de Educación Musical.
- Sala do profesorado.
- Dirección.
- Secretaría e Xefatura de estudos.
- Sala de ordenadores para o profesorado.
- Conserxería.
- Local para as fotocopiadoras.
- Pequenos almacéns para materiais didácticos.
- Sede da ANPA.

Algunhas das dependencias mencionadas atópanse no que foron as instalación da sección do CEFORE e do antigo EPSA, xa que nos foi comunicado pola Xefatura Territorial de Educación de A Coruña con data 31 de marzo de 2008 que podemos contar coas mesmas para todos os efectos.



En canto á conexión a internet no centro, sinalar que están conectadas a internet todas as zonas de docencia mediante WIFI. Seguimos coa conexión wifi de Orange, a través do Programa

da Consellería de Educación “ Escolas Conectadas” coa que dotaron ao centro escolar con internet de máis megas, para poder ter máis velocidade tanto de subida como de baixada. A pesar de todo isto, hai algunhas zonas na que a conexión segue a ser débil. Xa dende o curso 2022/23 a conexión por cable pertence a compañía Movistar.

4. ALUMNADO

O número total de alumnos/as é de 156, que están distribuídos do seguinte xeito:

- 4º de Educación Infantil – 25
- 5º de Educación Infantil – 16
- 6º de Educación Infantil – 18
- 1º de Educación Primaria – 15
- 2º de Educación Primaria – 15
- 3º de Educación Primaria – 17
- 4º de Educación Primaria – 14
- 5º de Educación Primaria – 16
- 6º de Educación Primaria – 20


Temos alumnado procedente do estranxeiro con descoñecemento do idioma, tanto galego como castelán.



5. PROFESORADO

A plantilla de mestres/as é a que se recolle no seguinte cadro :

	Nome e apelidos	Situación no centro
1	Asorey Sesto, María Isabel	Definitiva (PT)
2	Ausina Arrojo, Auria	Definitiva (EP)
3	Blanco Rodríguez, Miriam	Orientación (compartida co Ceip Martagona)
4	Castro Pedreira, Concepción	Definitiva (EI)
5	Cea Vázquez, M ^a Socorro	Definitiva (EP)
6	Fernández Carril, David	Interino (AL)
7	Gómez Neira, María Dolores	Relixión (compartida co Ceip Martagona)
8	González Morán, M ^a Belén	Definitiva (Inglés)
9	Leiro Castro, Cristina	Definitiva (Francés)
10	Martínez Obarrio, Rosa María	Comisión de Servicios (PT)
11	Mejuto Torreiro, M ^a Belén	Comisión de Servicios (Inglés)
12	Noguerol López, María Ángeles	Definitiva (EI)
13	Prado Souto, Noa	Definitiva (EI)
14	Rodríguez Cebreiro, M ^a Elvira	Definitiva (EP)
15	Rodríguez Laya, Javier	Definitivo (EP)
16	Sánchez Vila, Miguel Anxo	Definitivo (EF)
17	Valdés González, Iván	Substituto (EA) mestra titular Malena Pazos Pintor
18	Vilariño Fociños, Mónica	Definitiva (EI)
19	Villar Vázquez , Natalia	Definitiva (EP)



ADSCRICIÓN DO PROFESORADO

Concepción Castro Pedreira	4º Educación Infantil
Mª Ángeles Noguerol López	5º Educación Infantil
Noa Prado Souto	6º Educación Infantil
Auria Ausina Arrojo	1º Educación Primaria
Cristina Leiro Castro	2º Educación Primaria
Mª Elvira Rodríguez Cebreiro	3º Educación Primaria
Natalia Villar Vázquez	4º Educación Primaria
Mª Socorro Cea Vázquez	5º Educación Primaria
Javier Rodríguez Laya	6º Educación Primaria
Mª Belén González Morán	Inglés EI e EP
Iván Valdés González	Educación Artística
Mª Dolores Gómez Neira	Relixión
Miguel Anxo Sánchez Vila	EF
Mª Isabel Asorey Sesto	PT
Rosa María Martínez Obarrio	PT(aula atención preferente)
Mª Belén Mejuto Torreiro	Dirección
Miriam Blanco Rodríguez	Orientadora
David Fernández Carril	Audición e Linguaxe



TITORÍAS


Infantil 3 anos	Castro Pedreira, Concepción
Infantil 4 anos	Noguerol López, M ^a Ángeles
Infantil 5 anos	Prado Souto, Noa
1º EP	Ausina Arrojo, Auria
2º EP	Leiro Castro, Cristina
3º EP	Rodríguez Cebreiro, M ^a Elvira
4º EP	Villar Vázquez, Natalia
5º EP	Cea Vázquez, M ^a Socorro
6º EP	Rodríguez Laya, Javier
Aula Específica	Martínez Obarrio, Rosa María

6. EQUIPOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- Coordinadora de Educación Infantil: Concepción Castro Pedreira.
- Coordinador do Primeiro Ciclo: Cristina Leiro Castro.
- Coordinador do Segundo Ciclo: M^a Belén González Morán.
- Coordinador do Terceiro Ciclo: Miguel Anxo Sánchez Vila.
- Equipo de dinamización da Lingua Galega: M^a Socorro Cea Vázquez.
- Equipo da Biblioteca Escolar: Auria Ausina Arrojo
- Comisión Coordinación Pedagóxica
 - Presidenta: M^a Belén Mejuto Torreiro
 - Secretario: Miriam Blanco Rodríguez.
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: Natalia Villar Vázquez.
- Departamento de Orientación: Miriam Blanco Rodríguez.
- Equipo Tic . David Fernández Carril.

As datas e horas de reunión dos equipos docentes son as seguintes:

- Equipos de Ciclo : o primeiro luns do mes de 17:00 – 18:00.



- Equipo de Actividades Extraescolares: o segundo luns de mes, de 17:00 – 18:00
- Equipo de Dinamización da lingua galega, Equipo Tic´s e Biblioteca Escolar: terceiro luns de mes de 17:00 – 18:00.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica : os cuartos luns de mes de 17:00 – 18:00.
- Departamento de Orientación: mércores de 13:55 a 14:05.

7. CONSELLO ESCOLAR


O Consello Escolar está composto polos seguintes membros:

- Presidenta : M^a Belén Mejuto Torreiro.
- Xefa de Estudos : Mónica Vilariño Fociños.
- Secretaria : M^a Dolores Gómez Neira.
- Representantes do Profesorado:
 - Rosa M^a Martínez Obarrio
 - Auria Ausina Arrojo
 - Miriam Blanco Rodríguez
 - Javier Rodríguez Laya
 - Natalia o Cris
- Representantes dos Pais:
 - Representante da ANPA : Ana Méndez Varela
 - M^a Nieves Morogosa Neira.
 - Isabel Carreira López
 - Raquel Rúa Vaamonde.
 - Verónica Buján Casal.
- Persoal de administración: Eva María Roibás Curros.
- Representante do Concello: Maika Basalo Santín.

XUNTA ECONÓMICA

A xunta económica do centro está composta polo seguintes membros:

- **PRESIDENTA** : M^a Belén Mejuto Torreiro.
- **SECRETARIA** : M^a Dolores Gómez Neira.
- **REPRESENTANTE PAIS/NAIS** : Ana Méndez Varela.
- **REPRESENTANTE DO PROFESORADO** : Auria Ausina Arrojo



8. HORARIO DO CENTRO

O horario do centro é d e 9:05 ata 14:05, chegando 10 minutos antes para atender a todos os nenos e enas que veñen no transporte escolar.

O recreo é todos os días de 11:50 ata 12:20

9. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO


Horario de atención pais/nais

Establecemos o día de visita dos pais para falar co profesorado titor o luns de 16:00 a 17:00 horas. Os pais preferentemente solicitarán as entrevistas con antelación, para que as titoras lles poidan dar unha mellor atención.

As familias tamén poderán solicitar entrevistas co profesorado especialista, preferentemente a través da titora.

Horario de dedicación do Equipo Directivo

HORA/DÍA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:05-10:00	Dirección	Dirección	Dirección		
10:00-10:05			Xefatura		
11:00-11:50					
11:50-12:20	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:20-13:15		Secretaría		Dirección	Dirección Xefatura
13:15-14:05	Secretaría				



10. DÍAS NON LECTIVOS


Despois de infomar ao Consello Esolar na sesión celebrada o 9 de Outubro acórdase solicitar os días 29 e 30 de abril como días non lectivos.

11. QUENDAS DE VIXILANCIA

Vixilancia de Recreo

GARDAS DE RECREO ED. INFANTIL				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Ángeles Noa Belén G. Morán	Mónica Rosa Loly	Ángeles Conchi Malena	Mónica Loly Rosa	Noa Conchi Belén G. Morán

GARDAS DE RECREO ED. INFANTIL				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Ángeles Noa Belén G. Morán	Mónica Rosa Loly	Ángeles Conchi Malena	Mónica Loly Rosa	Noa Conchi Belén G. Morán



Vixilancias de transporte


GARDAS DE TRANSPORTE				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Isa	Cris	Loly	Mariví	Belén G.
Conchi	Rosa	Mónica	Auria	Morán
<u>Soqui</u>	Miguel	David	Javi	Ángeles
<u>Nati</u>	Noa			Malena

12. CONCRECIÓN ANUAL E MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

Ó comezo do curso académico, e seguindo as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, estableceranse as medidas necesarias para poñer en práctica o P.E. durante o curso escolar. Entre estas medidas atópase a elaboración das programacións didácticas, que ó supoñer o segundo nivel de concreción do currículo, permiten adaptar os contidos do P.E. ó grupo de alumnos/as atendendo ás necesidades e características dos mesmos.

Estas programacións, seguindo a norma sinalada na Orde que regula o Calendario escolar, serán elaboradas antes de que comece o período lectivo, entregaranse á xefatura de estudos e, posteriormente, serán remitidas ó Servizo de Inspección Educativa.

Cada mestre/a, pola súa banda, e partindo das programacións, elaborará a súa programación de aula, que levará á práctica diaria na aula, os aspectos indicados nos niveis de concreción curricular anteriores. As programacións de aula, quedarán en poder dos respectivos mestres/as para seren usadas nas aulas, e entregarán un copia en formato dixital á xefatura de estudos. Ditas programacións poderán ser reclamadas en calquera momento para verificar a súa coherencia co P.E. e programación didáctica.



13. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

Xa que as características das instalacións do centro, coma a organización do alumnado nas diferentes áreas do colexio non cambiaron, neste curso 2021 - 22 segue vixente o anterior plan de autoprotección do centro, pero revisárase no presente curso, por se cómpre facer algún cambio.

14. RELACIÓNS DO CENTRO COAS FAMILIAS E A COMUNIDADE EDUCATIVA.

É preciso destacar que existe unha boa colaboración entre o colectivo docente e os demais membros da comunidade educativa.

O contacto coas familias dos alumnos prodúcese día a día, pero especialmente nas horas dedicadas ás visitas de pais (luns, de 16.00 a 17.00 h.). Hai que dicir igualmente que, na maioría dos casos, existe reciprocidade nesa boa relación e, habitualmente, cando se solicita a súa colaboración.

Este curso tratarase de facilitar ás familias a información necesaria que permita unha mellor participación na xestión do centro e o establecemento de vías que permitan levar adiante propostas conxuntas.


Así mesmo hai unha moi boa relación coa A.N.P.A., que colabora e coopera co centro no que se lle solicita. Ademais organiza as actividades extraescolares no centro. Asimesmo, dende o centro procúrase colaborar facilitándolle as instalacións do mesmo, sempre e cando non alteren o normal funcionamento do mesmo.

Esta boa relación existe tamén coa corporación do Concello de Melide e coas distintas Asociacións Culturais, coas que se colabora na medida do posible. Somos conscientes de que a participación no centro é un criterio de calidade e que o establecemento dunha boa comunicación mellora as relacións e a convivencia.

15. PLAN DE TRANSPORTE.

Este curso escolar 2023-24 seguimos coas mesmas rutas que xa tiñamos. Todas as rutas que temos tanto de entrada como de saída pertencen a Mobilidade da Consellería de Industria, o que supón un problema para organizar axeitadamente todo a comenzo de curso.

En total temos dúas rutas:



Nunha delas temos 2 nen@s e na outra 9 nen@s.

TOTAL ALUMNADO TRANSPORTADO: 9+2

16. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

• **Consello Escolar**

Reunirase polo menos unha vez por trimestre e cando se solicite ou sexa necesario.

No Consello Escolar trataranse entre outros os seguintes temas:

- Aprobar, se procede, e avaliar a programación xeral anual e o seu desenvolvemento.
- Aprobar a programación das actividades extraescolares e complementarias e avaliar o seu desenvolvemento.
- Aprobar as contas e o orzamento do centro.
- Decidir sobre a admisión de alumnos e alumnas.
- Estudar as solicitudes de utilización das instalacións.
- Informar a memoria de final de curso.

• **Claustro de Profesores**


O claustro de profesores reunirase polo menos unha vez por trimestre e tratará entre outros os seguintes temas:

- Facer a adscrición funcional do profesorado..
- Elexir os seus representantantes par o Consello Escolar.
- Avaliar o funcionamento xeral do centro.
- Elixir os libros de texto e materiais curriculares.
- Informar a memoria de fin de curso.

17. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.

COMPOSICIÓN

CARGO	NOME E APELIDOS
Directora	M. ^a Belén Mejuto Torreiro
Xefa de estudos	Monica Vilariño Fociños
Secretaria	M. ^a Dolores Gómez Neira



OBXETIVOS

- Elaborar a Programación Xeral Anual coas propostas do Claustro de profesores e coas diretrices do consello escolar.
- Traballar a prol da consecución dos obxectivos que no novo Proxecto Educativo se formulen e nos marcado na Programación Xeral Anual.
- Favorecer a convivencia do centro, mantendo unha actitude de escoita activa co profesorado, alumnado, pais e nais e demais membros da comunidade educativa.
- Dotar ao centro dos medios necesarios para que o profesorado poida levar a cabo a súa labor nas mellores condicións posibles.
- O equipo directivo reunirse unha vez por semana para avaliar a actividade do centro e para programar as actividades da semana seguinte.

18. PLAN DE ORGANIZACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

Como persoal non docente o centro conta con:

- Juan Manuel Cardelle Segade(substituído por ITE por Sergio Monterroso Gómez) que realiza as funcións de conserxe. Os seus dereitos e deberes recóllense no Regulamento de Réxime Interno. Será encargado de abrir as instalacións do centro, cando menos uns minutos antes da chegada do alumnado do transporte escolar, do profesorado e coidadoras. Será o encargado tamén de pechar as instalacións no remate do horario.
- Eva M^a Roibas Curros (substituído por Javier López Blanco) desenvolve a labor de coidadora. O seu horario de entrada será o mesmo que o do centro, tendo en conta que estarán para o momento de chegada do transporte escolar (10 minutos antes do horario de entrada), para recoller a unha alumna con nee que ven no mesmo. O horario de saída será o mesmo que o de saída do alumnado do centro.

As súas labores coordinaranse a través do equipo directivo do Centro. Estes horarios serán flexibles axustándoos sempre ás necesidades do centro.



19. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO E DE PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

O profesorado deste centro está participando ou ten pensado participar nos seguintes cursos de formación:


- A xestión informatizada da biblioteca escolar. Proxecto Meiga V15.
- Formación a distancia de coordinadores e coordinadoras das tecnoloxías da información e a comunicación en centros educativos. Edición Abalar.
- Actividades no medio rural.
- Ferramentas TIC na educación física.
- Lectura e comprensión. Formación de lectores competentes.
- Exercicios para o coidado e hixiene da voz. Foniatría e ortofonía
- IX Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia.

Tamén é salientable dicir que este ano non seguimos co **Plan de Formación Do Profesorado** para realizar no centro escolar, con dúas liñas “ Elaboración Plan Dixital de Centro” e “ Patios saudables e diferentes” . Está organizada de dous xeitos, por un lado, un curso e por outro un grupo de traballo.

20. PLAN DE TRABALLO DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

Compoñentes da Comisión

- Presidente : M^a Belén Mejuto Torreiro
- Xefa de Estudos : Mónica Vilariño Fociños
- Coordinadora de Educación Infantil : M^a Concepción Castro Pedreira.
- Coordinadora de 1º de Educación Primaria: Cristina Leiro Castro.
- Coordinadora de 2º de Educación Primaria: M^a Belén González Morán.
- Coordinadora de 3º de Educación Primaria: Miguel Angel Sánchez Vila.
- Mestra de PT : Aula de Atención Preferente – Rosa M^a Martínez Obarrio.
- Mestre de PT: Atención Alumnado NEAE – M^a Isabel Asorey Sesto.
- Mestre de AL : David Fernández Carril
- Xefa do Departamento de Orientación: Miriam Rodríguez Blanco(secretaria)
- Coordinadora do EDLG: M^a Socorro Cea Vázquez.



- Responsable da Biblioteca: Auria Ausina Arrojo.

REUNIÓN

A CCP reunirse os cuartos luns de mes de 17:00 a 18:00

OBXECTIVOS

- Crear as condicións necesarias para poder levar a cabo o traballo no centro de forma máis axeitada e sacar deste traballo o maior proveito posible.
- Coordinar as actividades dos distintos órganos docentes para asegurar a coherencia entre os distintos proxectos e programacións.
- Manter informado ao profesorado en canto a temas de lexislación, cursos de formación, innovacións pedagóxicas...
- Velar pola calidade do ensino no centro.
- Fomentar o uso das TIC's e a formación do profesorado do centro.
- Seguir de preto o proceso de incorporación de novos alumn@s ao centro, especialmente se se trata de alumnado inmigrante.

PROCEDEMENTOS


- Revisar as distintas partes do Proxecto Educativo: concrecións curriculares..
- Revisar os criterios en canto a normas na aula e no colexio.
- Marcar as directrices para as reunións cos pais/nais
- Marcar as directrices para as avaliacións, así como facer un seguimento das mesmas.
- Revisar a información que se envía aos pais e nais para que cada titor ou especialista o adapte ao seu método de traballo.
- Establecer vínculos de cooperación co CEFORE e co CAFI e canalizar as necesidades de formación do profesorado.

21.PLAN DE TRABALLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

MATRÍCULA PARA O CURSO 2022/23

4º de Ed.Infantil.....25 alumnos/as

5º de Ed.Infantil..... 14 alumnos/as



6º de Ed.Infantil..... 18 alumnos/as

COMPOÑENTES DO EQUIPO

- CONCEPCIÓN CASTRO PEDREIRA..... 4º de E.I (Coordinadora)
- ÁNGELES NOGUEROL LÓPEZ.....5º de E.I.
- NOA PRADO SOUTO.....6º de E.I
- MÓNICA VILARIÑO FOCIÑOS.....Apoio a EI e psicomotricidade
- ROSA Mª MARTÍNEZ OBARRIO.....Aula específica
- MIRIAM BLANCO RODRIGUEZ.....Orientadora

Tamén son docentes deste ciclo o seguinte profesorado:

- Mª DOLORES GÓMEZ NEIRA..... Mestra de Relixión Católica
- Mª BELÉN GONZÁLEZ MORÁN..... Mestra de Inglés
- DAVID FERNÁNDEZ CARRIL..... Mestre de A.L
- MALENA PAZOS PINTOR..... Mestra de Música


A alternativa á relixión, para este curso, será impartida polas titoras de cada curso de EI.

PLAN DE ADAPTACIÓN PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL DE 3 ANOS

Reunidas as mestras que compoñetes do Equipo de Educación Infantil, elaboramos un plan de adaptación para os/as alumnos/as que comezan a súa escolaridade no 1º nivel do 2º Ciclo de E.I dentro do presente curso 2023/24

Dito plan estrutúrase do seguinte xeito:

- Organízase no mes de xuño unha xornada de portas abertas para achegar e dar a coñecer o Centro ao novo e futuro alumnado.
Estarán acompañados en todo momento polas súas familias.
- No mes de xuño facilítaselles ás familias o listado do material necesario para o desenrolo das actividades escolares neste curso académico 2023-24.



- O 8 de setembro, as titoras teñen unha xuntanza con todas as familias do alumnado de EI co fin de darlles a información necesaria relativa a normas, necesidades e organización para o vindeiro curso.

A titora de 4º de EI dará tamén a coñecer o horario do Plan de Adaptación.

Matrículanse 25 alumnos/as en Educación Infantil de 3 anos(14 nenas e 11 nenos). Lévese a cabo o plan de adaptación con todo o grupo á vez.

O período abrangue dende o luns 11 de Setembro ata o venres 15 de dito mes, atendendo así a Orde de 3 Maio do 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023-24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Infórmase tamén ás familias dos dereitos recollidos no punto sexto da citada orde, que fai referencia a garantir a tempo completo a asistencia ao alumnado de familias que así o precisen.


PERÍODO DE ADAPTACIÓN 3 ANOS
SETEMBRO 2023

LUNS.....11	9:05-10:05h
MARTES12	9:05-10:30h
MÉRCORES. 13	9:05-11:00h
XOVES..... 14	9:05- 11:30h
VENRES15	9:05-12:00h

O luns día 18 de setembro comezarase con horario completo de 9:05h a14:05h

PLAN DE TRABALLO DO EQUIPO PARA O CURSO 2023/2024

- Participar en cursos de formación do profesorado.
- Investigar novas técnicas de traballo para mellorar a labor pedagóxica.
- Intercambiar experiencias e técnicas entre os distintos membros do Equipo de Educación Infantil e demais profesorado do centro.



- Adquirir novo material para as aulas.
- Elaborar material didáctico.
- Motivar á participación do alumnado de Educación Infantil nas actividades organizadas polas mestras do ciclo.
- Traballar na aula actividades encamiñadas a acadar os obxectivos marcados, así como a ir adquirindo unha maior autonomía.
- Analizar dificultades de aprendizaxe de xeito individualizado
- Manter contacto continuo coas familias.
- Integrar as tics nas aulas de infantil.
- Axudar na adquisición e desenvolvemento do idioma ao alumnado estranxeiro.
- Tratar que os alumnos/as da aula específica se integren, o máximo posible, co resto dos alumnos/as de Educación Infantil, promovendo tamén a súa asistan a actividades lúdicas conxuntas: contos, obradoiros, etc....

DATA DAS REUNIÓNS DO EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL

O primeiro luns de cada mes ás 17:00h

DATAS DE TITORÍAS

Os luns de 16:00 a 17:00 (facilitarase ás familias a elección de titoria presencial o telefónica)

SAÍDAS ESCOLARES

As saídas e excursións que se realizarán ao longo do curso aínda están sen acordar.

22. PLAN DE TRABALLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

22.1 PLAN DE TRABALLO DE 1º EP

PROFESORADO


Titora de 1º E.P.: Auria Ausina Arrojo.

Mestra de Matemáticas, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e Proxecto Competencial: Auria Ausina Arrojo.

Mestra de Educación Artística: Malena Pazos Pintor, substituto: Iván Valdés González.

Mestre de Educación Física: Miguel Anxo Sánchez Vila .

Mestra de Lingua Estranxeira: M^a Belén González Morán.



Mestra de Relixión : M^a Dolores Gómez Neira.

Orientadora: Miriam Blanco Rodríguez.

ALUMNADO

Comezamos o día 11 de setembro de 2023 con 15 alumn@s: 6 alumnas e 9 alumnos.

DATAS DE TITORÍAS

Os luns de 16h. a 17h sempre con cita previa ou solicitada pola titora/especialista/s.

Como dinámica sempre se terá ao menos 1 titoría por trimestre con cada familia.

OBXECTIVOS


O principal obxectivo será de proporcionarlles a tod@s @s nen@s a educación que lles permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión oral, á lectura, ao cálculo, á escritura, á creatividade e a afectividade así como desenvolver as habilidades sociais, a autonomía e os hábitos de traballo. Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado adaptándose aos seus diferentes soportes e metodoloxías para a adaptarse aos diferentes estilos cognitivos e atender á diversidade.

Para este fin, traballarase cara á adquisición dos contidos, capacidades e actitudes en relación coas sete competencias básicas establecidas no Currículo de EP:

- Comunicación en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencias cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresións culturais.

Así pois, traballarase intentando :

- 1- Conseguir os mellores resultados no proceso de ensinanza-aprendizaxe facendo posibles as situacións que os propicien.
- 2- Procurar a integración das distintas experiencias e aprendizaxes adaptándose aos seus ritmos de traballo.




- 3- Atender á diversidade mediante soportes e metodoloxías diferentes e con plans de reforzo e ampliación se fose necesario.
- 4- Fomentar o hábito da lectura.
- 5- Desenvolver no noso alumnado os valores que os axudarán a construír unha sociedade activa e cívica.
- 6- Procurar a máxima coordinación posible entre os docentes das distintas áreas.

PROCEDEMENTOS

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave; aínda que, non se poderá falar de inclusión realmente ata que a Consellería non dote aos centros dos recursos necesarios tanto materiais coma persoais. Neste senso, prestarase atención ás técnicas que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para acadalo:

- Ofreceráse ao alumnado o material e recursos que sexa posible con vistas a favorecer as distintas aprendizaxes.
- Se favorecerán as aprendizaxes que permitan ao alumnado a aplicación do seu coñecemento mediante metodoloxías de aulas activas.
- Dotarase de toda a información posible e periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe a través da aplicación ABALAR e as titorías.
- Participarase nas actividades deseñadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o Equipo de Biblioteca, o Equipo de Actividades extraescolares e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Se deseñarán tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción (saber facer).



TAREFAS EXTRAESCOLARES

As tarefas extraescolares neste curso de E.P. limitaranse a acabar as tarefas programadas, así como traballos individuais e colectivos (contidos a reforzar, de investigación,...) e pequenas lecturas

AVALIACIÓN

A avaliación será, global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.


No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo, polo que:

- Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, segundo as necesidades.
- Os instrumentos e procedementos serán adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe e permitirán a valoración obxectiva de todo o alumnado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Neste curso 2023/2024 seguiremos realizando actividades fóra do recinto escolar sempre en relación cos contidos curriculares correspondentes ao nivel así como actividades enfocadas a celebrar as conmemoracións do calendario escolar así como as festas tradicionais galegas.

Este curso escolar escolleuse como proxecto de centro os camélidos e todo que lle rodea (características, civilizacións,...) Polo que realizaremos as saídas, sempre que se poida relacionadas con dito proxecto. Nun principio, no 1º trimestre está programado ir ao NUMAX en Santiago de Compostela a ver a película "Momias", no 2º trimestre visitaremos o Enredo do Abelleiro en Arzúa e no 3º trimestre, excursión de fin de curso, unha sobre multiaventuras. Ademais, participaremos en todas as actividades que se propoñan dende o Concello e outras institucións.



22.2 PLAN DE TRABAJO DE 2º EP

PROFESORADO DE 2º

Titora de 2º E.P.: Cristina Leiro Castro

Mestra de Educación Artística: Malena Pazos Pintor, Iván Valdés Suárez (substituto)

Mestre de Educación Física: Miguel Anxo Sánchez Vila

Mestra de Lingua Estranxeira: Belén González Morán

Mestra de Relixión : M^a Dolores Gómez Neira

Orientadora: Miriam Blanco Rodríguez

Mestra de AL: David Fernández Carril

Mestra de PT: Isabel Asorey Sesto

ALUMNADO

Comenzo o día 11 de setembro de 2022 con 15 alumnos, coma continuación da titoría do curso pasado. Incorporárase unha alumna nova , que non promocionou primeiro . Nun principio, vanse valorar os alumnos para a súa continuidade en A.L. Con respecto ao apoio de P.T. este será realizado tanto dentro coma fóra da aula e será para 1 alumno que continúa , e valorarase a nena nova, así como que o necesiten ,. Levarao a cabo o equipo de orientación. alumnos.

DATAS DE TITORÍAS

Os luns, de 16h. a 17h sempre con cita previa ou solicitada pola titora/especialista/s. Como dinámica sempre se terá ao menos 1 titoría por trimestre con cada familia.

OBXECTIVOS

Fomentar a integración das competencias clave, para favorecer unha adquisición eficaz das mesmas, elaborando tarefas axeitadas.

Prestar especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos.

Para conseguilos teremos en conta as competencias clave dado que a aprendizaxe así baseada, caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral.




O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento, e implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso. Para lograr este proceso é preciso favorecer unha visión interdisciplinar e globalizadora.

As competencias clave son as seguintes

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Así pois, traballarase intentando :

1. Conseguir os mellores resultados no proceso de ensinanza-aprendizaxe facendo posibles as situacións que os propicien.
2. Procurar a integración das distintas experiencias e aprendizaxes adaptándose aos seus ritmos de traballo.
3. Atender á diversidade mediante soportes e metodoloxías diferentes e con plans de reforzo e ampliación se fose necesario.
4. Achegar ao alumnado o coñecemento dunha lingua estranxeira a través das Ciencias Naturais e Sociais dentro da Sección Bilingüe.
5. Fomentar o hábito da lectura.
6. Desenvolver no noso alumnado os valores que os axudarán a construír unha sociedade activa e cívica.
7. Procurar a máxima coordinación posible entre os docentes das distintas áreas, contando sempre co Proxecto Curricular como referencia.



PROCEDEMENTOS

- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste senso, prestarase atención ás técnicas que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para acadalo:
 - Ofrecerase ao alumnado o material e recursos que sexa posible con vistas a favorecer as distintas aprendizaxes.
 - Se favorecerán as aprendizaxes que permitan ao alumnado a aplicación do seu coñecemento mediante metodoloxías de aulas activas.
 - Dotarase de toda a información posible e periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe a través da aplicación ABALAR e as titorías.
 - Participarase nas actividades deseñadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o Equipo de Biblioteca, o Equipo de Actividades extraescolares e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
 - Se deseñarán tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción (saber facer).
- A avaliación será, global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo, polo que:



- Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos.
- Os instrumentos e procedementos serán adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe e permitirán a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Participar nas actividades deseñadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o Equipo de Actividades Extraescolares e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

22.3 PLAN DE TRABAJO DE 3º EP

PROFESORADO

M^a Elvira Rodríguez Cebreiro, titora de 3º.

Miguel A. Sánchez Vila, mestre de Educación Física .

María Belén González Morán, mestra de Lingua Estranxeira: Inglés .

María Dolores Gómez Neira, mestra de Relixión Católica.

Malena Pazos Pintor, mestre de Educación Artística, sendo substituída por Iván Valdés González.

María Isabel Asorey Sesto, mestra de Pedagogía Terapéutica.


DATAS DAS TITORÍAS

As titorias celebraranse todos os luns, de 16h. a 17h., no propio centro na aula de 3º.

PLAN DE TRABAJO PARA O CURSO 2023/2024

O profesorado de 3º de Educación Primaria terá en conta as seguintes liñas de actuación:

- Fomentar condicións de traballo axeitadas para acadar o máximo rendemento.
- Unificar os criterios básicos do proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Facilitar a incorporación de novos alumnos e alumnas ó centro.
- Analizar de xeito individualizado as dificultades de aprendizaxe que se detecten no grupo- clase.
- Valoración dos materiais cos que conta a aula, de cara á solicitude de mobiliario, material didáctico e deportivo á Consellería.
- Manter reunións periódicas entre todos os docentes do nivel, para organizar, analizar e valorar as actividades académicas do mesmo.



- Participar en cursos de formación do profesorado.
- Manter reunións periódicas cos pais/nais dos/das alumnos/as, para informar sobre os progresos, dificultades e necesidades dos/das mesmos/as.
- Programar e organizar actividades de reforzo e de ampliación.
- Programar e organizar actividades complementarias e extraescolares en colaboración co equipo.
- Diseñar e promover actividades conducentes á mellora da calidade educativa.

SAÍDAS ESCOLARES NO CURSO 2023/24

En canto á posibilidade de levar a cabo actividades complementarias e extraescolares, dicir que se lle dará preferencia a aquelas que se desenvolvan no propio Concello. As saídas que implicasen saír fóra dos límites do noso termo municipal, estudaranse en cada momento concreto e realizaranse ou non, despois de ser valoradas na súa xusta medida. Terase tamén moi en conta se o horario a seguir para participar nestas actividades está ou non dentro dos límites horarios de entrada e saída do colexio.

Así mesmo participaremos en todas as actividades complementarias propostas desde o centro.

22.4 PLAN DE TRABALLO DE 4º EP

PROFESORADO DE 4º EP

Natalia Villar Vázquez , titora de 4º de Educación Primaria.

Miguel A. Sánchez Vila, mestre de Educación Física.

Mª Belén González Morán, mestra de Lingua Estranxeira: Inglés.

María Dolores Gómez Neira, mestra de Relixión Católica


Malena Pazos Pintor, mestra titular de Música e Danza.

Iván Valdés González, mestre substituto de Música e Danza.

María Isabel Asorey Sesto, mestra de Pedagogía Terapéutica.

David Fernández Carril, mestra de Audición e Linguaxe

Rosa Mª Martínez Obarrio, mestra de Pedagogía Terapéutica da aula específica.




DATAS DAS TITORÍAS

As titorías coas familias do alumnado levaranse no seguinte horario, sempre baixo cita previa, os luns de 16:00 a 17:00 horas.

PLAN DE TRABALLO

O profesorado de 4º de Educación Primaria terá en conta as seguintes liñas de actuación:

- Ter en conta as aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2022-2023 en 3º de Ed. Primaria.
- Fomentar condicións de traballo que permitan acadar o máximo rendemento.
- Unificar os criterios básicos no proceso de ensinanza-aprendizaxe: obxectivos, metodoloxía, materiais, avaliación e promoción do alumnado, revisión da programación...
- Desenvolver hábitos de traballo, capacidade de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmos, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Facilitar a incorporación do novo alumnado ao centro en caso de habelo ao longo do curso escolar.
- Analizar de xeito individualizado as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- Valorar os materiais cos que conta o nivel de cara á elaboración das fichas de solicitude de mobiliario, material didáctico e deportivo, que deberán ser enviados á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con anterioridade ó 31 de outubro de 2023.
- Manter reunións periódicas entre o profesorado para organizar e coordinar as diferentes actividades relacionadas co nivel.
- Manter unha comunicación activa cos/coas responsables do alumnado para informar sobre os progresos, dificultades e necesidades dos/as mesmos/as.
- Participar en cursos de formación do profesorado.
- Levar a cabo actuacións que faciliten o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades.
- Deseñar actividades orientadas que contribúan a mellorar a convivencia escolar así como actitudes de respecto cara os demais e o seu medio.
- Deseñar e apoiar actividades para o fomento da lectura.
- Colaborar, na medida do posible, en todas as actividades que se organicen desde o centro.
- Deseñar e promover actividades orientadas á mellora da calidade educativa.



SAÍDAS ESCOLARES

As saídas que se contemplan para o curso 2023/2024 son, por unha banda aquelas que se levan a cabo no Concello de Melide e que sexan axeitadas para o 4º nivel. Pola outra contémpanse levar a cabo algunha fóra do Concello ao longo do curso, pendente de confirmación.

22.5 PLAN DE TRABALLO DE 5º EP

PROFESORADO

Mª Socorro Cea Vázquez, titora de 5º.

Miguel A. Sánchez Vila, mestre de Educación Física.

Mª Belén González Morán, mestra de Lingua Estranxeira –Inglés.

María Dolores Gómez Neira, mestra de Relixión Católica.

Malena Pazos Pintor, mestra de Educación Artística.

DATAS DAS TITORÍAS

Os luns, de 16h. a 17h.


PLAN DE TRABALLO PARA O CURSO 2023-2024

O principal obxectivo será dotar ao alumnado da formación que require a sociedade do século XXI; unha formación integral, dotada de sentido crítico non só para comprender, senón tamén para actuar de xeito adecuado nos problemas que, no complexo mundo no que vivimos, suscítanse permanentemente.

Por iso, o proceso de ensino-aprendizaxe se apoiará en tres principios:

Promover unha aprendizaxe eficaz que permita ao alumno desenvolver satisfactoriamente as habilidades adquiridas nos primeiros cursos. Trátase de garantir unha aprendizaxe sólida dos contidos curriculares fundamentais propios deste nivel: lectura, escritura e comprensión.


Aplicar o coñecemento á vida cotiá, de modo que os nenos e as nenas poidan actuar satisfactoriamente na súa vida diaria. Así, pretendemos que os alumnos se desenvolvan nas situacións comunicativas en que se ven inmersos, utilicen os seus coñecementos para resolver problemas da súa vida diaria e se vaian dos contidos aprendidos para comprender e tomar decisións sobre o seu contorno natural e social.



Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave que debe adquirir o alumnado.

O profesorado de 5º de Educación Primaria terá en conta as seguintes liñas de actuación:

- Fomentar condicións de traballo axeitadas para acadar o máximo redemento.
- Unificar os criterios básicos no proceso de ensinanza-aprendizaxe: obxectivos, metodoloxía, materiais, avaliación e promoción do alumnado, revisión da programación...
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmos, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Facilitar a incorporación de novos alumnos ao centro.
- Analizar de xeito individualizado as dificultades de aprendizaxe.
- Valorar os materiais cos que conta o nivel de cara á elaboración das fichas de solicitude de mobiliario, material didáctico e deportivo, que deberán ser enviados á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Manter reunións periódicas cos pais/nais dos/as alumnos/as para informar sobre os progresos, dificultades e necesidades dos/as mesmos/as.
- Participar en cursos de formación, así como solicitar cursos que resulten de interese para os docentes do nivel.
- Levar a cabo actuación que faciliten o tratamento transversal dos contados e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades.
- Diseñar actividades orietadas a promover actitudes de respecto cos demais e co seu medio.
- Diseñar e apoiar actividades para fomento da lectura.



- Colaborar na medida do posible, en todas as actividades que organice o centro.
- Participar no programa Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.
- Programar e organizar actividades complementarias e extraescolares.
- Programar, organizar e participar en actividades complementarias e extraescolares, que se decidirán ao longo de todo o curso, segundo as posibilidades do momento.
- Diseñar e promover actividades orientadas á mellora da calidade educativa.

22.6 PLAN DE TRABALLO DE 6º EP

PROFESORADO DE 6º

- Javier Rodríguez Laya- Mestre-titor de 6º de Primaria
- Miguel Ángel Sánchez Vila - Mestre de Educación Física.
- Mª Belén González Morán - Mestra de Inglés.
- Malena Pazos Pintor - Mestra de Educación Artística
- María Dolores Gómez Neira - Mestra de Relixión
- Mª Isabel Asorey Sesto: Mestra de Pedagogía Terapéutica.
- Rosa María Martínez Obarrio: Mestra de Pedagogía Terapéutica
- David Fernández Carril: mestre de Audición e Linguaxe.
- Orientadora: Miriam Blanco Rodríguez

DATAS DE TITORÍAS

Os luns, de 16h. a 17h de xeito presencial na aula de 6º.


DATAS DE REUNIÓNS

Os luns de 17h. A 18h

PLAN DE TRABALLO PARA O CURSO 2023/2024

O principal obxectivo será dotar ao alumnado dunha formación integral, con sentido crítico non só para comprender, senón tamén para actuar de xeito adecuado nos problemas que, no complexo mundo no que vivimos, suscítanse permanentemente.

Por iso, o proceso de ensino-aprendizaxe apoiarase en tres principios:



- **Promover unha aprendizaxe eficaz** que permita ao alumno desenvolver satisfactoriamente as habilidades adquiridas nos primeiros cursos. Trátase de garantir unha aprendizaxe sólida dos contidos curriculares fundamentais propios deste nivel: lectura, escritura e comprensión.

- **Aplicar o coñecemento á vida cotiá**, de modo que os nenos e as nenas poidan actuar satisfactoriamente na súa vida diaria. Así, pretendemos que o alumnado sexa competente nas situacións comunicativas en que se ven inmersos, utilicen os seus coñecementos para resolver problemas da súa vida diaria e se vaian dos contidos aprendidos para comprender e tomar decisións sobre o seu contorno natural e social.

- Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave que deben adquirir os alumnos e alumnas.

O profesorado de 6º de Educación Primaria terá en conta as seguintes liñas de actuación:

- Fomentar condicións de traballo cooperativo en en equipo axeitadas para acadar o máximo rendemento.
- Unificar os criterios básicos no proceso de ensino-aprendizaxe: obxectivos, metodoloxía, materiais, avaliación e promoción do alumnado, revisión da programación...
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudio, así como actitudes de confianza en si mesmos, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Empregar unha metodoloxía participativa e inclusiva baseada no AbP (Aprendizaxe baseado en Proxectos) na que o agrupamento do alumnado estará distribuído en equipos de traballo.
- Facilitar a incorporación de novos alumnos ó centro.
- Analizar de xeito individualizado as dificultades de aprendizaxe.
- Valorar os materiais cos que conta o nivel de cara á elaboración das fichas de solicitude de mobiliario, material didáctico e deportivo, que deberán ser enviados á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con anterioridade ó 31 de outubro de 2022.



- Manter reunións periódicas entre todos os docentes do nivel para analizar as actividades académicas dos mesmos.
- Manter reunións periódicas cos docentes dos niveis inmediatos, tratando así de darlle continuidade ao proceso educativo.
- Manter reunións periódicas cos pais/nais do alumnado para informar sobre os progresos, dificultades e necesidades do mesmo.
- Participar en cursos de formación, así como solicitar cursos que resulten de interese para os docentes do nivel.
- Levar a cabo actuacións que faciliten o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades.
- Diseñar actividades orientadas a promover actitudes de respecto cos demais e coseu medio.
- Diseñar e apoiar actividades para o fomento da lectura.
- Colaborar, na medida do posible, en todas as actividades que se organicen no centro.
- Participar no programa Plan Director para a convivencia e mellora de seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.
- Programar, organizar e participar en actividades complementarias e extraescolares, que se decidirán ao longo de todo o curso, segundo as posibilidades do momento.
- Diseñar e promover actividades orientadas á mellora da calidade educativa.

SAÍDAS ESCOLARES do Curso 2023-2024


En canto á posibilidade de levar a cabo actividades complementarias e extraescolares, daráselle preferencia a aquelas que se desenvolvan en Melide. As saídas que implicasen

saír fóra dos límites do noso termo municipal estudaranse en cada momento concreto e realizaran se ou non despois de ser valoradas na súa xusta medida.

23. PROGRAMACIÓN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA DA AULA ESPECÍFICA

No presente curso, prevese que se atenderán na aula a dous alumnos con necesidade específica de apoio educativo asociadas a dificultades na motricidade e outras patoloxías.



Na aula específica, a atención educativa estará dirixida a dous alumnos en escolarización combinada entre a aula de cuarto de primaria e a propia aula específica.

Ambos alumnos acoden cos compañeiros de referencia ás actividades como: (música, educación física, inglés, plástica, relixión, etc.).

Un alumno, conta cun grao de discapacidade do 39% (derivado dun importante atraso xeral no desenvolvemento e con trastorno metabólico).

O outro alumno, conta cun grao de discapacidade do 49% (derivado dun trastorno do espectro autista , en grado II).

Un alumno de catro anos con N.E.A.E, asociadas a un trastorno do espectro autista, con conductas repetitivas e pouca tolerancia a frustración.

Unha alumna de cinco anos con N.E.A.E, asociadas a un trastorno do desenvolvemento en grao moderado. Presenta unha discapacidade cognitiva, con alteracións nas conductas de reciprocidade que requiren a avaliación e seguemento polos especialistas clínicos.

Os catro alumnos/as precisan de coidador/a de forma permanente, tanto no período de tempo que están na aula específica, como durante o tempo que permanezan en integración na aula ordinaria.


A atención educativa, estará dirixida a un alumno escolarizado en sexto curso de primaria con N.E.A.E derivadas de TEA . Presenta un trastorno específico da linguaxe.

A finalidade da programación é a seguinte: Lograr que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo acaden, en relación coas súas posibilidades, o maior desenvolvemento posible e integración persoal, escolar e social mediante o desenvolvemento das capacidades básicas nun contexto de normalización e de inclusión; para o que é necesario levar a cabo una serie de actuacións e obxectivos prioritarios.

A posta en práctica destas actuacións, desenvolverase e concretarase nos programas de intervención e de estimulación multisensorial que se desenvolverán de forma individualizada co alumnado. Os obxectivos que constitúen o punto de partida para o desenvolvemento das actuacións educativas son:


OS OBXECTIVOS xerais que se pretenden acadar son:

- Conseguir que o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, emocional e social posible.



- Compartir experiencias cos iguais nun contexto de normalización e de inclusión.
- Dotar a aula específica cos materiais e equipamentos necesarios para o desenvolvemento das actuacións educativas.
- Proporcionar un ambiente estruturado nun contexto de normalización e unha atención individualizada.
- Recoñecer os sentidos como fonte de sensacións, empregándoos para o coñecemento do seu medio.
- Motivar ao alumnado na adquisición de novas aprendizaxes e habilidades comunicativas, mediante estratexias comunicativas tales como a satisfacción de necesidades primarias, búsqueda do contacto físico e visual.
- Estimular visual, auditiva, táctil, olfactiva e kinestésicamente aos alumnos.
- Estimular una aprendizaxe activa e participativa na aula.
- Proporcionar estratexias e actuacións para favorecer a autonomía persoal dos alumnos de cara as tarefas cotiás.
- Desenvolver estratexias para satisfacer autonomamente as súas necesidades básicas de afecto, de individualización, físicas, de xogo, de exploración e de relación, manifestando satisfacción polos logros alcanzados.
- Realizar, de maneira progresivamente autónoma, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa.
- Iniciarse no uso de instrumentos tecnolóxicos e valorar a súa capacidade comunicativa, para utilízalos progresivamente como fonte de información e aprendizaxe.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas e na súa linguaxe a partir de situacións significativas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamento, clasificación, comparación, seriación, secuenciación, orde, medición e cuantificación.
- Coordinarse cos servizos externos de atención: E.O.E., servizos de atención primaria, servizos de rehabilitación infantil e atención temperá, etc.


AS ACTUACIÓNS que se levarán a cabo:



- Continuación e dotación de materiais e equipamentos necesarios á aula específica para o desenvolvemento das actuacións educativas.
- Continuación e/ou elaboración e desenvolvemento de programas específicos para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, programas de estimulación multisensorial, facendo fincapé no desenvolvemento de aspectos socioafectivos,
- Estimulación multisensorial (visual, auditiva, táctil, olfactiva, gustativa, desenvolvemento motor, desenvolvemento comunicativo-lingüístico).
- Ampliación do vocabulario e mellora da expresión oral mediante o uso das tarxetas de accións e lugares, pictogramas, fotografías, cartolinas de imaxes e tarxetas de vocabulario.
- Desenvolvemento do razoamento lóxico mediante a realización de series sinxelas e outras actividades.
- Mellora na coordinación do razoamento lóxico mediante a realización de series sinxelas e outras actividades.
- Mellora na coordinación dinámica xeral e óculo-manual a través da realización das actividades psicomotrices e plásticas.
- Utilización dos diferentes materiais e recursos dispoñibles na aula (material da aula, material do alumno, fichas de plástica, actividades e recursos musicais e psicomotrices, contos clásicos, contos de emocións, xogos didácticos...).
- Establecemento dunha continua coordinación con todos os profesionais (mestres , coidadora, orientadora...) que actúan co alumnado con necesidade específica de apoio educativo para o establecemento de normas simples, claras e precisas, desenvolvemento da pautas conxuntas na linguaxe e, en definitiva, actuar todos na mesma dirección.
- Colaboración no desenvolvemento de programas educativos.
- Información e orientación ás familias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.

OS RECURSOS:

Os recursos materiais están distribuídos en función do tipo de material e de área a traballar. Desta forma, temos recursos para o desenvolvemento da psicomotricidade, a



atención, a estimulación da audición, a vista, o tacto, olfacto e o gusto. Algúns dos recursos materiais que se dispoñen na aula:

- Unha zona de psicomotricidade para o que se empregan colchonetas, onde se realiza estimulación motriz grossa e tamén empregada coma área de relaxación. Zona de estimulación sensorial (caixa de instrumentos musicais, de pelotas con diferentes texturas, caixa de olores relacionados coa contorna, coxín con sistema de vibración, lámpadas, pelotas con luces de cores, teas...
- Recuncho dos xogos (de psicomotricidade fina-grosa)
- Zona de traballo (traballo (xogos didácticos, contos, lotos fonético, contos en soporte dixital, crebacabezas, xogos de asociación e conceptos básicos, ensartables...)
- Zona de hixiene persoal (padiola, cambiador, utensilios hixiénicos varios: salvacamás, cueiros...


PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

A mestra de PT realizará os apoios prioritariamente con alumnado de E. Primaria con necesidades, tanto permanentes como temporais e axeitando , en función das necesidades, o tipo de apoio. Continuará co traballo iniciado a mediados do curso pasado cun alumno de 4 anos con NEAE.


As áreas que, en principio, se van traballar co alumnado de Primaria e dependendo das necesidades de cada un, son basicamente as instrumentais (matemáticas, lingua castelá e lingua galega). A intervención basearase principalmente na consecución dos obxectivos recollidos nas diferentes programacións de aula. Tamén se traballarán as habilidades sociais en xeral no grupo de cuarto de primaria aproveitando os casos de TEA da aula. En canto ao alumno de EI, seguiremos introducindo normas moi sinxelas e, segundo evolución, iremos introducindo linguaxe pictográfica.

Para a atención ao alumnado que precise apoio de P. T. propoñemos acadar os seguintes **OBXECTIVOS**:

- Establecer canles de colaboración con toda a comunidade educativa (pais/nais do alumnado , profesorado do centro , etc) implicada no desenvolvemento dos alumnos con NEAE.



- Facilitar a axeitada integración do alumnado con NEAE no centro.
- Utilizar as novas tecnoloxías da comunicación como recurso de ensino-aprendizaxe motivador para o alumnado.
- Ofrecer atención individualizada aos alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo.
- Estimular as capacidades cognitivas básicas: percepción, atención, memoria e razoamento.
- Traballar a linguaxe oral.
- Mellorar o compoñente fonolóxico.
- Fomentar a adquisición de novo vocabulario, comprensivo e expresivo.
- Fomentar a participación en situacións de comunicación cos compañeiros e co resto da comunidade educativa respectando as normas básicas.
- Traballar a linguaxe escrita.
- Chegar a un axeitado desenvolvemento grafo-motriz.
- Optimizar o ritmo, velocidade, entoación e comprensión lectora.
- Alcanzar un axeitado nivel de escritura: axeitada conversión fonema-grafema, secuenciación das palabras e frases, composición escrita, etc..
- Traballar as matemáticas e o cálculo.
- Desenvolver a capacidade de razoamento, comprensión e resolución de problemas e operacións matemáticas.
- Adquisición e desenvolvemento dun conxunto de destrezas matemáticas correspondentes ao nivel do alumno/a.
- Potenciar as condutas sociais positivas, favorecendo a autoestima e autoconcepto.
- Conseguir a xeneralización do aprendido a todos os contextos.
- Traballar gradualmente a educación emocional:
 - Adquirir un mellor coñecemento das emocións propias.
 - Identificar as emocións nos demais.
 - Desenrolar a habilidade de controlar as propias emocións , de xerar emocións positivas e de automotivarse.
- Facilitar a adquisición de habilidades sociais para a vida diaria en alumnos con



Trastorno de Espectro Autista.

PLAN DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Durante o presente curso escolar 2023/2024 levarei a cabo a función como mestre de Audición e Linguaxe (AL) no centro **CEIP Mestre Pastor Barral**.

A presente programación terá en conta, como marco de referencia xeral, o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, que determina o currículo da Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia, tirado da referencia legislativa da LOMLOE. Asemade, dicir que as funcións como mestre de Audición e Linguaxe veñen recollidas tanto no Decreto 374/1996, de 17 de outubro, como na Orde do 24 de xullo, e están dirixidas a dar resposta ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), contribuíndo á consecución das Competencias Clave, incidindo especialmente na Competencia en Comunicación Lingüística (CCL), na Competencia Cidadá (CC) e na Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA). As dificultades máis comúns do alumnado do centro son: dificultades na comunicación, dificultades de aprendizaxe e as dificultades na linguaxe e na fala.

Para a detección das mesmas é importante resaltar que o meu traballo comeza coa revisión, xunto coa orientadora do centro, dos informes de AL existentes no Departamento de Orientación (DO) para coñecer o cadro de necesidades presentes no centro o curso pasado. Simultaneamente a isto, iremos recollendo as distintas demandas realizadas polas titoras e polos titores. A continuación, procederemos a realizar unha valoración específica caso por caso para a cal empregarei a observación e probas como o Rexistro Fonolóxico Inducido (RFI) de Monfort e Juárez e a Proba da Linguaxe Oral de Navarra (PLON) de Aguinaga. Do resultado das nosas avaliacións, daremos traslado á xefatura do DO, ao/á titor/a e ás familias para lles comunicar a necesidade de establecer un **programade apoio individualizado**.

Os **obxectivos** que se perseguen para o presente curso escolar establécense tendo en conta as necesidades detectadas, para dar así unha resposta axustada tanto a nivel escolar como socio-familiar. Concretando o seguinte obxectivo xeral:

- Dar resposta ás dificultades de comunicación, linguaxe e fala.

En canto aos obxectivos específicos podemos destacar os seguintes:



- Poñer en marcha un protocolo de detección precoz e atención temperá das NEAE relacionadas coa comunicación e a linguaxe.
- Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica e no establecemento de medidas de reforzo.
- Diseñar e desenvolver programas de intervención específicos e individuais para o alumnado con NEAE.
- Dar apoio ao alumnado obxecto de medidas de reforzo para a consecución dos obxectivos mínimos do curso ou etapa.
- Fomentar ou reforzar a implicación e participación das familias, así como orientalas e darlles pautas.
- Elaborar e adaptar recursos materiais para as sesións de AL.

Pasada a sesión de Avaliación Inicial, poderán ser valorados novos/as alumnos/as por petición dos/das titores/as para a súa incorporación ás sesións de AL, así como producirse modificacións nas sesións previamente acordadas (redución ou ampliación) por avance ou retroceso nas súas dificultades.


En relación ao **alumnado** que recibirá atención por parte do mestre de Audición e Linguaxe en sesións individuais, despois de recoller as demandas do equipo docente reunido en sesión de xunta co DO e atendendo as demandas dos titores do centro, seguindo a Orde 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o D.229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a Atención á Diversidade, será dun total de 8 alumnas e alumnos.

Concretamos, tamén, intervencións de estimulación de linguaxe oral (P.E.L.O) nos cursos 4º, 5º e 6º de Educación Infantil, e varios apoios de aula.

En canto ás **estratexias metodolóxicas**, a resposta educativa será axustada ao alumnado onde partiremos dos seus coñecementos previos, o que fomentará un aprendizaxe significativo.

Seguiranse os principios de individualización, polos que nos adaptaremos aos diferentes ritmos do alumnado, premiando os seus éxitos e reforzando a súas limitacións; así como tamén o principio de socialización que favorecerá a implicación de todo o alumnado nas clases ordinarias.

Será importante ter en conta que a miña intervención como mestre de AL estará en continuo cambio, xa que é moi posible que aparezan novidades ás que nos teremos que adaptar.




As **actividades** serán variadas, promovendo que sexan atractivas, eficaces, lúdicas e motivadoras, favorecendo unha mellora na autoestima e potenciando a autonomía dos/das discentes. Non deberán ser demasiado longas, pois resultarían duras, complexas e provocarían cansazo no alumnado, o que nos levaría a unha diminución no nivel de atención.

Outro aspecto fundamental son as **familias**, coas que mantereirei unha relación fluída, ben de xeito presencial no centro, ou ben a través das distintas canles de comunicación. Do mesmo xeito, salientar que habitualmente expoñeranse na web do centro e na Aula Virtual as actividades levadas a cabo. Será especialmente importante a colaboración, participación e implicación das mesmas nas actividades propostas, tal e como se reflicte no Artigo 25 do Decreto 155/2022, citado anteriormente.

Destacar que tamén teremos en conta a **coordinación interprofesional**, a través de rexistros de información periódica doutros/as compañeiros/as sobre o alumnado, tanto dentro como fóra da aula ordinaria, así como tamén información das actividades levadas a cabo con eles, sen esquecermos da abordaxe interdisciplinar, segundo a cal compartiremos obxectivos con outros profesionais.

Para a consecución dos obxectivos propostos precisarei de recursos, distinguindo entre: recursos organizativos, recursos materiais e recursos persoais. Con respecto aos **recursos organizativos** temos que sinalar que a planificación inmediata do centro necesita dunha serie de aspectos que incidan na súa correcta organización a nivel escolar. En primeiro lugar estarían os documentos do centro. Os que se tiveron en conta á hora de confeccionar esta programación foron o P.E. e o PXAD. A este efecto, na concreción anual do PXAD -realizada pola xefatura do DO- e encadrada dentro da PXA, están expresadas as necesidades detectadas no ámbito da AL.

Tamén poderemos incluír dentro dos recursos organizativos o horario do profesorado, as reunións, os espazos físicos en cuestión de accesibilidade e o mobiliario, dependendo do tipo de alumnado e as dificultades que presente. En segundo lugar, encontrámonos cos recursos materiais. Estes, deben cumprir unha triple función, como indica Gimeno Sacristán, para ser seleccionados para o proceso de ensinanza-aprendizaxe: función motivadora despertando o interese do alumnado, función de apoio á presentación de contidos e función estruturadora para guiar os procesos metodolóxicos.



Dentro deste grupo temos que facer referencia aos **recursos materiais** xerais do centro, sinalando que todo o material que se atope dentro das instalacións do mesmo será susceptible de emprego na intervención do alumnado con NEAE. De forma máis concreta, a aula de AL tamén conta con material específico para a atención ao alumnado que acode á mesma. Dentro destes debemos destacar tanto os materiais para a avaliación como para a intervención. Para avaliar, destacan, por exemplo, e como xa dixen anteriormente, o RXI, o PLON, o PAF e, para a intervención, algúns dos recursos serán:


- Material de discriminación auditiva: lotos sonoros, instrumentos musicais...
- Material para la reeducación fonética:
- Recursos materiais para o desenvolvemento léxico semántico: vocabulario en imaxes, lotos de diferenzas, dicionarios e libros de imaxes...
- Recursos materiais para o desenvolvemento morfosintáctico: "El tren de las palabras", cómics para falar, barallas por centros de interese, "Enséñame a hablar", etc.
- Recursos materiais para o desenvolvemento pragmático: marionetas, secuencias temporais, láminas...

A parte de todo o material citado é importante resaltar tamén as TIC contempladas no artigo 34 do Decreto 155/2022 (programa dixital) como un potente recurso de atención á diversidade.

Por último, con respecto aos **recursos persoais**, distinguiremos entre recursos persoais internos e recursos persoais externos. Nos recursos persoais internos estaría o profesorado titor e o profesorado de apoio (PT e AL). Tamén deberemos ter en conta o Departamento de Orientación (DO), que será o que guíe todas as nosas accións docentes. En canto aos recursos persoais externos, destacar o Equipo de Orientación Específico (EOE) ao que acudiremos en caso de necesitalo e o Centro de Formación e Recursos (CFR) que proporcionará a formación necesaria para o profesorado, regulado todo isto polo Decreto 74/2011 e a Orde do 14 de maio de 2013 de formación do profesorado.

En canto á **temporalización**, destacar que o alumnado ten designadas un número de sesións, dita temporalización non é fixa, senón que poderá cambiar ao longo de todo o curso en función das necesidades individuais. En canto ao apoio en aula, realizárase do mesmo xeito e dependendo das necesidades poderá ser modificado.

Realizarase unha **avaliación** continua que permitirá introducir os cambios precisos ao longo do proceso en función das dificultades atopadas, dos logros, da adecuación aos




medios... para así garantir o éxito. Así, nos primeiros días do curso escolar levarase a cabo unha **Avaliación Inicial** observando a tódolos alumnos e alumnas da aula, vendo así as alteracións que poidan presentar en todas as dimensións da linguaxe. Ao longo do curso realizarase unha **Avaliación Continua** para comprobar os progresos do alumnado. Finalmente, ao remate do curso escolar, levarase a cabo unha **Avaliación Final** para analizar se se alcanzaron os obxectivos establecidos ao inicio do programa e para formular así mesmo as propostas de mellora para o vindeiro curso.

A avaliación ocuparase dos seguintes aspectos:

En relación a **programación**. Consecución dos obxectivos propostos. Adecuación da programación ás NEAE e posibilidades do alumnado. Aproveitamento de recursos.

En relación ao **alumnado**. Valoración dos informes de avaliación individualizada; grao de consecución dos obxectivos; dificultades observadas; materias; recursos e metodoloxía empregada.

En relación a **práctica docente**. As estratexias metodolóxicas empregadas, a adecuación das actividades e a temporalización foron as correctas. Os recursos elaborados, adaptados e empregados axustáronse ás necesidades do alumnado. Grao de coordinación co persoal e a vida do centro. Coordinación coas familias e con outros axentes e institucións.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CEIP Mestre Pastor Barral

R/ Camiño Real s/n
15800 Melide (A Coruña)
Tfno.: 881866132/31/33 Fax: 881866134
ceip.pastor.barral@edu.xunta.es



Plan DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO 2023-2024




CEIP MESTRE PASTOR BARRAL



ÍNDICE

1. Introducción
2. Base legal
3. Xustificación baseada na contorna
4. Composición do Departamento de Orientación
5. Obxectivos xerais
6. Obxectivos específicos
7. Recursos
8. Liñas prioritarias de actuación
9. Actuacións e temporalización das mesmas
10. Horario do Departamento de Orientación
11. Seguimento e avaliación



1. INTRODUCCIÓN:

O presente Plan de Orientación Educativa trata de establecer a liña de traballo a seguir no noso centro nesta materia.

A lexislación educativa máis recente outórgalle a función orientadora un papel relevante, considerándoa un pilar básico e decisivo na calidade do sistema educativo.

Tal e como recolle a Orde do 24 de xuño de 1998, pola que se establece a organización dos Departamentos de Orientación en Galicia: a orientación enténdese coma un proceso que abrangue a toda a comunidade educativa, que debe garantirse desde as primeiras idades do alumnado permitindo así a prevención e detección temperá das súas dificultades tanto no desenvolvemento persoal ou da aprendizaxe como profesional.


Neste senso, queremos para o noso centro unha orientación que incida sobre a comunidade educativa no seu conxunto (alumnado, profesorado e familias), que atenda aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos aos que se enfronta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e co contorno, contribuíndo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenrolan nela e, conseguintemente, da acción educativa.

A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, define no seu Capítulo I, artigo 3 o concepto de atención a diversidade como:

“O conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.”

Polo tanto debemos entender a orientación educativa como un proceso de axuda continua e sistemática, que forma parte esencial do proceso educativo e está dirixido a todos os membros da comunidade educativa, poñéndose unha especial atención na prevención das dificultades e na posta en práctica de mecanismos e reforzo, así como no desenvolvemento integral do alumnado.

O Plan de Orientación, é o instrumento pedagóxico e didáctico que articula, a medio e longo prazo, as actuacións relacionadas coa orientación e a acción titorial. Esta planificación, polo




tanto, non debe facerse de xeito illado, esta debe formar parte da organización pedagóxico-educativa do centro e debe unirse coa actividade e estrutura xeral deste.

En base a todo o sinalado, podemos indicar que o Plan de Orientación é un documento aberto e flexible, que se transforma e evoluciona ao mesmo tempo que o fai a escola e a propia comunidade educativa.


2. BASE LEGAL:

- Lei Orgánica 2/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Centros de Educación Primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, que desenvolve o Decreto anterior.
- Decreto 120/1998, polo que se regula a Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos Centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas



de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Circular nº 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma no curso 2003-2004.
- Circular nº 20/2005 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2005-2006.
- Circular nº 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2006-2007.
- Circular nº 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Circular nº 10/2010 da Dirección Xeral de educación, formación do profesorado e innovación educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia.
- Instrucións do 31 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolos da Xunta de Galicia:
 - Protocolo Educativo para a prevención, detección e tratamento escolar do acoso escolar e ciberacoso.
 - Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica. Addenda diabete.
 - Protocolo prevención, detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo.
 - Orientacións sobre o Plan de Convivencia do centro educativo.



- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo de protección de datos.
- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar.
- Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.
- Protocolo de consenso sobre o TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de tratamento educativo do alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA).
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe.
- Outros protocolos que poida publicar a Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

O CEIP Mestre Pastor Barral e o CEIP Martagona teñen departamento de orientación compartido tal e como recolle a rede de orientación marcada pola Consellería de Educación.


Ambos os dous centros sitúanse na vila de Melide, na provincia da Coruña.

O CEIP Mestre Pastor Barral é un centro ordinario de escolarización preferente de alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que conta cunha unidade creada de educación especial.

O centro conta con 10 unidades repartidas do seguinte xeito:

- 3 unidades de Educación Infantil.
- 6 unidades de Educación Primaria.
- 1 unidade de Educación Especial.

A estrutura organizativa do centro é a que marca a lexislación pertinente e está composta polos órganos unipersoais (Director, Xefe de estudos e Secretario), colexiados (Consello Escolar, Claustro de Profesorado) e polos Órganos de coordinación docente (Departamento de



Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística).


En canto a infraestruturas conta con dúas plantas nas que se reparten as distintas localizacións do centro:

Planta baixa:

- Conserxería.
- Dirección, xefatura de estudos e secretaría.
- Sala do profesorado.
- Sala de ordenadores para o profesorado.
- Sala de reprografía.
- Salón de actos – aula de música.
- Aula de educación artística.
- Departamento de Orientación.
- Aula de pedagogía terapéutica.
- Aula de audición e linguaxe.
- Sala do profesorado.
- Biblioteca.
- Zona de infantil:
 - o 3 aulas de educación infantil (4º, 5º e 6º de Educación Infantil).
 - o Unidade de Educación Especial.
- Aseos para os nenos e as nenas.
- Aseos para o profesorado.
- Almacéns.
- Local ANPA.
- Ximnasio.

Primeiro andar:

- 6 aulas de educación primaria.
- 1 aula de inglés.
- 1 aula de relixión.
- Aseos para os nenos e as nenas.
- Aseos para o profesorado.



Actualmente no atópanse matriculados 158 alumnos/as repartidos do seguinte xeito:

ETAPA	CURSO	ALUMNADO
Educación Infantil	4º de Educación Infantil	25
	5º de Educación Infantil	16
	6º de Educación Infantil	19
Educación Primaria	1º de Educación Primaria	15
	2º de Educación Primaria	16
	3º de Educación Primaria	17
	4º de Educación Primaria	14
	5º de Educación Primaria	16
	6º de Educación Primaria	20


Respecto aos recursos humanos, cóntase con 18 mestres/as das seguintes especialidades, pertencendo todos e todas elas ao claustro do profesorado do CEIP Mestre Pastor Barral:

- 4 mestras de Educación Infantil.
- 6 mestres/as de Educación Primaria.
- 1 mestra de Educación Artística.
- 1 mestre de Educación Física.
- 1 mestra de Lingua Estranxeira: Inglés.
- 1 mestra de Relixión compartida co CEIP Martagona.
- 2 mestras de Pedagogía Terapéutica.
- 1 mestre de Audición e Linguaxe.
- 1 Orientadora compartida co CEIP Martagona.

A orientación educativa constitúese como un proceso de acompañamento, asesoramento e axuda ao alumnado, sen embargo tamén leva implícito un proceso de apoio referido ao profesorado e ás familias.

Por este motivo o plan de orientación ten como destinatarios a todos os membros da Comunidade Educativa:

- Alumnado.
- Profesorado.
- Familias.



4. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:


A composición do Departamento de Orientación queda establecida no Artigo 4 do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Atendendo a esta normativa, o Departamento de Orientación do CEIP Mestre Pastor Barral para o curso 2023-2024 conta cos seguintes membros:


Xefa do Departamento de Orientación	
Miriam Blanco Rodríguez	
Nome dos membros	Nivel/Especialidade
M ^a Isabel Asorey Sesto	Pedagogía Terapéutica
Rosa M ^a Martínez Obarrio	Pedagogía Terapéutica
David Fernández Carril	Audición e Linguaxe
Concepción Castro Pedreira	Coordinadora Educación Infantil
Cristina Leiro Castro	Coordinadora 1º ciclo Educación Primaria
Belén González Morán	Coordinadora 2º ciclo Educación Primaria
Miguel Ángel Sánchez Vila	Coordinador 3º ciclo Educación Primaria

5. OBXECTIVOS XERAIS:

- Colaborar na revisión, actualización e elaboración dos distintos documentos do centro.
- Actualizar o Plan Xeral de Atención á diversidade, de acordo a nova lexislación.
- Revisar e actualizar, asesorar e orientar ao alumnado, ao profesorado e ás familias para a mellora da calidade do ensino.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que melloren a atención educativa do alumnado de educación infantil e primaria que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- Participa no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que melloren a atención do alumnado de educación infantil e primaria que presenten necesidades específica de apoio educativo.
- Contribuir a deseñar medidas para a detección temperá das necesidades.



- Contribuir a previr as dificultades de aprendizaxe e a deseñar os mecanismos de reforzo.
- Colaborar na revisión, actualización e elaboración dos distintos documentos do centro.
- Actualizar o Plan Xeral de Atención á diversidade, de acordo a nova lexislación.
- Revisar e actualizar os documentos do Departamento de orientación que así o requiran.
- Asesorar e orientar ao alumnado, ao profesorado e ás familias para a mellora da calidade do ensino.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que melloren a atención educativa do alumnado de educación infantil e primaria que presenten necesidades específica de apoio educativo.
- Contribuir a deseñar medidas para a detección temperá das necesidades.
- Contribuir a previr as dificultades de aprendizaxe e a deseñar os mecanismos de reforzo.
- Favorecer a inclusión plena de todo o alumnado en xeral, prestando especial atención a aqueles que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- Apoiar os procesos de ensino-aprendizaxe nos ámbitos de atención a toda a diversidade e do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE).
- Colaborar no desenvolvemento do Plan de Convivencia do centro implicando a todos os membros da comunidade educativa.
- Promover a comunicación, colaboración e coordinación coas familias, potenciando a súa implicación en todo o que ten que ver o proceso educativo dos seus fillos/as.
- Asesorar, informar e orientar ao alumnado e as súas familias nos momentos decisivos da historia escolar do alumnado (inicio da escolarización, cambios de etapa...).
- Establecer canles de comunicación e coordinar actuación cos diferentes servizos e institucións.
- Facilitar aos membros da comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesario para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e axudarlles a afrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.




6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

a. Obxectivos referidos ao centro

- Colaborar na revisión e actualización dos documentos de centro.
- Participar nas avaliacións e colaborar no ámbito das competencias da orientación.
- Elaborar os horarios de atención ao alumnado NEAE do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.
- Participar e representar ao Departamento de Orientación nas xuntanzas da CCP.
- Cooperar coa comunidade educativa, favorecendo as canles de comunicación e colaboración conxuntas.
- Convocar e presidir as xuntanzas do Departamento de Orientación.
- Velar pola confidencialidade dos documentos.

b. Obxectivos referidos ao alumnado


- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con necesidades educativas especiais, concretando as pautas de actuación e as medidas de atención.
- Favorecer e orientar a adaptación do alumnado ao contexto escolar e a integración no seu grupo clase.
- Contribuír a detección das necesidades do alumnado así como a busca dos recursos necesarios para o logro dunha maior eficacia na labor educativa.
- Prestar especial atención ao benestar emocional do alumnado, fomentando a autoestima e o recoñecemento das emocións. (Educación Emocional).
- Contribuír a mellorar a atención educativa proporcionada ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE).
- Asesorar no desenvolvemento de estratexias e elaboración de instrumentos para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares do alumnado.
- Axudar a reforzar a equidade na educación, mellorando a inclusión e a calidade da resposta educativa proporcionada ao alumnado en situación de desvantaxe.
- Promover a busca de estratexias que favorezan a adquisición de aprendizaxes instrumentais, competencias básicas, estratexias de aprendizaxe e técnicas de traballo intelectual.



- Potenciar e asesorar na posta en marcha, seguimento e avaliación de adaptacións curriculares, medidas de reforzo educativo e calquera actuación destinada á mellora da aprendizaxe.
- Contribuír a socialización do alumnado promovendo una formación en valores conectada coa realidade social e comprometida con principios universais como: cooperación, convivencia, respecto e solidariedade, etc concibindo o diálogo como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.
- Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para mellorar o clima de traballo e convivencia.
- Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas.
- Orientar adecuadamente o proceso de acollida ao alumnado de novo ingreso no centro, prestando singular atención ao inicio da Educación Infantil e o alumnado de nova incorporación ao centro.
- Apoiar o proceso de transición entre etapas educativas, poñendo en marcha as medidas organizativas e curriculares necesarias para facilitar dito proceso.

c. Obxectivos referidos ao profesorado

- Asesorar ao profesorado nas actuacións educativas a realizar segundo as diferentes necesidades que podan presentar os alumnos.
- Participar no deseño, desenvolvemento e avaliación das diferentes medidas de atención á diversidade: actividades de reforzo, ACS e outras medidas curriculares ou organizativas.
- Apoiar e asesorar no desenvolvemento da acción educativa e das actuacións que forman parte do desempeño da función docente: programación, avaliación, etc.
- Recadar a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.
- Transmitir a información relativa a avaliación psicopedagóxica do alumnado e das súas características persoais.
- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor/a, profesorado especialista, profesorado de apoio e a orientadora de cara a dar resposta ás NEAE do alumnado.




- Proporcionar ao profesorado información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer a súa labor docente

d. Obxectivos referidos ás familias

- Manter entrevistas coas nais/pais do alumnado que presente algún tipo de problema ou particularidade específica.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE, en calquera momento crítico ou de toma de decisións.
- Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan a asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desvantaxe socioeducativa, pola súa condición de emigrante, por pertencer a minorías étnicas ou por estar a vivir situación complexas ou problemáticas.
- Establecer canles de comunicación a través de reunións colectivas ou individuais co fin de implicalos no proceso educativo dos/as seus/súas fillos/as.

e. Obxectivos en relación a outras institucións e órganos externos

- Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de orientación específico e Departamento de Orientación do IES.
- Coordinar actuacións cos servizos e axentes externos: Saúde, Servizos Sociais, Concello, etc, aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofrecer.
- Recompilar información que poidan proporcionar servizos externos ao centro a fin de optimizar a atención ofrecida ao noso alumnado.



7. RECURSOS:

Humanos	Materiais
<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado titor/a. - Profesorado especialista. - Persoal auxiliar coidador. - Equipo Directivo. - Xefa do Departamento. - Inspección Educativa. - Equipo de Orientación Específico (EOE). - Organismos e entidades externas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Material funxible. - Material de reprografía. - Material bibliográfico e curricular das aulas de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) - Distintos manuais de orientación e titoría. - Material informático e tecnolóxico. - Probas estandarizadas para realizar as avaliacións psicopedagóxicas. - Materiais para as titorías. - Materiais para as actividades de apoio e reforzo.

8. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN


A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso fundamental e necesario nunha planificación de acción realista e efectiva.

Cumpre neste momento analizar a Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, formación profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén referente da acción orientadora.

O desenvolvemento dalgunhas delas precisará da continuidade do seu tratamento ao longo de varios anos e, ao ter que responder de xeito prioritario fundamentalmente ás demandas de atención ás necesidades específicas de apoio educativo que puideran presentarse ao longo do presente curso, é posible tamén que sexa necesario pospoñer o desenvolvemento doutras a vindeiros anos.

Destacamos as seguintes:

- Colaborar na elaboración e revisión dos documentos de centro.
- Atender ás demandas realizadas ao departamento de orientación.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que xurdan ao longo do curso.
- Actualizar os informes psicopedagóxicos do alumnado no que se produza un cambio de etapa.




CEIP Mestre Pastor Barral

- Facer un seguimento das medidas de atención á diversidade aplicadas ao alumnado.
- Asesorar na posta en marcha de medidas de atención a diversidade.
- Asesorar e colaborar nos procesos de elaboración e desenvolvemento dos aspectos curriculares, especialmente no relativo á promoción da convivencia e atención á diversidade e ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE).
- Asesorar e colaborar no desenvolvemento das actuacións recollidas no Plan de Acción Titorial, Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Convivencia, entre outros.
- Diseñar e colaborar en actuacións que teñan como obxecto a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Diseñar medidas que permitan a detección temperá das necesidades.
- Promover a reflexión e a coordinación entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno/a.
- Mellorar o proceso de transición entre etapas: educación infantil-educación primaria; educación primaria-educación secundaria obrigatoria (en colaboración co departamento de orientación do IES de Melide)

9. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN DAS MESMAS.

TEMPORALIZACIÓN	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1. Constitución do Departamento de Orientación.	X		
2. Levar a cabo reunións de coordinación co profesorado especialista en PT e AL.	X	X	X
3. Establecer un horario de atención e coordinación co profesorado titor.	X	X	X
4. Proposta e organización dos apoios ao alumnado con NEAE	X	X	X
5. Deseño dos horarios das mestras especialistas en PT e AL en función das previsións do curso anterior.	X		
6. Análise das necesidades e establecemento de medidas de atención educativa.	X		
7. Revisión e modificación dos horarios do profesorado especialista en PT e AL.	X	X	X
8. Colaborar no deseño e desenvolvemento das ACS.	X		
9. Realización e revisión das becas do alumnado NEAE.	X		
10. Elaborar os Informes Específicos das becas para o NEAE.	X		
11. Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do DO	X		
12. Revisión e actualización dos distintos documentos do Departamento de Orientación.	X		
13. Información ao profesorado titor que muda de grupo.	X		
14. Atender as demandas de intervención realizadas polo profesorado ao Departamento de Orientación.	X	X	X
15. Actualización dos arquivos e informes do Departamento de Orientación	X	X	X
16. Realización de avaliacións psicopedagóxica e dos	X	X	X




correspondentes informes psicopedagógicos.			
17. Avaliación do Plan Anual de Actividades do DO			X
18.Avaliación do Plan de Orientación			X
19.Elaboración da memoria do Departamento de Orientación.			X
20.Elaboración dos informes do alumnado que remata a educación primaria e foi obxecto dalgunha medida de atención a diversidade			X
21.Participación nas sesións de avaliación dos grupos de alumnado.	X	X	X
22.Reunións do Departamento de Orientación	X	X	X
23.Reunións do Departamento de Orientación	X	X	X
24.Participar nas reunións da CCP	X	X	X
25.Asistir as reunións propostas polo Departamento de Orientación do IES de Melide ao que estamos adscritos.	X	X	X
26.Asistir as reunións propostas polo Departamento de Orientación do IES de Melide ao que estamos adscritos.	X	X	X
27.Asistir as reunións propostas polo Departamento de Orientación do IES de Melide ao que estamos adscritos.	X	X	X
28.Colaborar, xunto co titor do 6º curso de educación primaria, equipo directivo e o IES de Melide, na transición de primaria a secundaria			X
29.Elaborar táboas informativas do alumnado que cambiará de etapa ao IES.			X
30.Facilitar a documentación ao titor de 6º de Educación Primaria para a proposta de exención da 2º lingua estranxeira na ESO do seu alumnado.			X
31.Asesoramento á comunidade educativa	X	X	X
32.Recompilación e adquisición de material para o DO.	X	X	X
33.Asesoramento e/ou participación na realización e seguimento das AC	X	X	X
34.Asesoramento xeral na acción titorial	X	X	X
35.Colaborar coas titorías na resolución de conflitos que así o requiran	X	X	X
36.Asesoramento e colaboración na elaboración e/ou revisión dos documentos de centro	X	X	X
37.Actuacións que axuden a promoción da convivencia	X	X	X
38.Realizar o DRDORIENTA, DRDADI e DRDESPE	X	X	X
39.Colaborar e coordinación co EOE.	X	X	X
40.Establecer reunións precisas coas familias e axentes externos.	X	X	X
41.Realización da previsión de necesidades do Departamento de Orientación para o vindeiro curso escolar.			X

10. HORARIO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

O horario dos membros do Departamento de Orientación son fixados ao inicio do curso escolar.

A proposta de atención será elaborada pola Xefatura do Departamento de Orientación en xuntanza co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe en función da previsión realizada ao remate do curso escolar.



Ditos horarios poden estar suxeitos a modificacións en base ás necesidades que poidan xurdir ao longo do curso escolar, atendendo sempre aos criterios de intervención deste profesorado.

O horario da Orientadora para o curso 2023 - 2024 é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:05 – 10:00			Garda		
10:00 – 10:55					Garda
10:55 – 11:50			Equipo Biblioteca		
11:50 – 12:20			RECREO		
12:20 – 13:15					
13:15 – 14:05					

O horario de **atención ás familias** será preferentemente os **luns de 16:00 a 17:00 horas**, con **cita previa**.


8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN:

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñer en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo.

A avaliación do plan realizarase ao logo de todo o curso escolar.

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan de Orientación relaciónanse directamente cos obxectivos expostos nel e veñen determinados por:

- A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
- O grado de axuste á realidade do noso centro.
- Á resposta a diversidade.
- O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
- A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- A relación cos axentes externos.
- O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- A promoción e apoio á convivencia.



Segundo o establecido no Decreto 120/1998 a avaliación do plan de orientación someterase a un proceso continuo de avaliación formativa, que culmina coa elaboración da memoria segundo a orde do 24 de xullo de 1998.

A memoria será entregada ao equipo directivo para a súa inclusión na memoria final do centro.

En Melide, 26 de setembro de 2023


A xefa do departamento de orientación

Asdo: Miriam Blanco Rodríguez

24.PROXECTO DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA.

O principal obxectivo da Educación Artística para este curso 2023-2024 será o de educar a alumnas e alumnos axudándoos a desenvolver as capacidades básicas relacionadas coa interpretación das representacións musicais e plásticas e coa expresión de pensamentos, sentimentos e emocións; a través da exploración, a experimentación e o descubrimento dos aspectos sonoros e visuais.

Para a área de educación artística a LOMLOE establece catro grandes bloques de contidos para as áreas de Educación Plástica e Visual e Música e Danza respectivamente a través dos cales traballaremos de forma global durante esta etapa



EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

- Educación plástica e visual: Percepción e análise
- Educación plástica e visual: Creación e interpretación
- Educación audiovisual: Percepción e análise
- Educación audiovisual: Creación e interpretación.

MÚSICA E DANZA


- Educación musical: Percepción e análise.
- Educación musical: Creación e interpretación
- Educación en artes escénicas e performativas: Percepción e análise.
- Educación en artes escénicas e performativas: Creación e interpretación

A metodoloxía para o desenvolvemento dos contidos e a consecución dos obxectivos propostos será activa, fundamentada na aprendizaxe significativa e seguindo os principios xerais do construtivismo, procurando que todos os nenos e todas as nenas participen con interese nas distintas actividades e sexan axentes e protagonistas da acción educativa.

A avaliación será continua e formativa, tendo en conta o desenvolvemento global dos alumnos/as e os seus aspectos específicos dentro do proceso de aprendizaxe. Tamén posuirá un carácter global enmarcando, dentro do posible, todos os aspectos que interveñen no proceso de ensinanza- aprendizaxe. Entre os elementos a ter en conta podemos salienta algúns como os seguintes:

- A eficacia das actividades deseñadas e o establecemento dun ambiente propicio para a expresión e comunicación.
- A evolución da capacidade expresivo-comunicativa dos alumnos e alumnas
- O uso de medios axeitados para levar a cabo as actividades deseñadas.
- A posta en marcha dunha programación en consonancia cos obxectivos e contidos.

Posuirá unha grande importancia así mesmo o proceso de autoavaliación, para o que se establecerán os mecanismos oportunos. Cabe resaltar na avaliación que se terá en consideración o nivel de consecución dos obxectivos propostos así como a adquisición das competencias básicas correspondentes. Ademais cobrarán especial importancia elementos como a participación nas actividades, o coidado do material, o cumprimento e respecto das



normas e todo tipo de accións necesarias para un correcto desenvolvemento das diferentes sesións.

Dado o carácter da área que nos ocupa tamén cabe salientar que, a fin de complementar as actividades diarias programadas, poderán ter lugar de xeito habitual outras actividades que afloren froito das circunstancias de cada momento e que poidan favorecer e fomentar o interese e o respecto polas persoas do ámbito cultural, polas súas obras e polas tradicións culturais en xeral.

Profesorado


As clases de Educación Artística serán impartidas polo mestre especialista de Educación Musical.

25.PROXECTO DE LINGUA INGLESA.

O principal obxectivo no ensino dunha lingua estranxeira, neste caso da Lingua Inglesa, é facilitar e lograr unha formación sólida para que os discentes se familiaricen cunha lingua que actualmente falan, como primeira lingua, ou como lingua de intercambio, varios millóns de persoas no mundo. Actualmente é o medio de comunicación común entre persoas que usan diferentes idiomas. Dentro dos nosos obxectivos faremos énfase en tratar de achegar aos discentes ao coñecemento doutra cultura e costumes diferentes das súas propias. Isto é posible en grande medida as tecnoloxías da información e as redes sociais que nos aproximan ao que está lonxano xeográficamente.

Por outra banda, dispoñer dunha persoa auxiliar de conversa ao longo de moitos cursos, é un valor engadido ao aprendizaxe e ensino dunha lingua estranxeira. É por iso que cada vez outras culturas sentímolos máis cercanas. A pesares de que este ano non haberá SS.BB no centro, parece que sí haberá unha persoa Auxiliar de conversa que acompañará aos discentes de outubro a maio en horario de 8 sesións semanais.

En canto ao ensino/aprendizaxe da lingua, partiremos de centros de interese próximos ós discentes, de fácil identificación para eles tales como: a escola, a casa, o corpo, a familia, as festividades, a roupa, a comida, os xoguetes, o deporte, os xogos, os animais, os medios de transporte, a música, as profesións, etc.. Grazas e a partires destes centros de interese xurdirán as situacións de comunicación nas que irán adquirindo a linguaxe.



No nivel de E.I. pretendo sobre todo que os nenos descubran o idioma a través de actividade física: de imitación, repetición, a través de cancións sobre todo. Un pouco máis avanzado o curso tamén traballaremos con xogos (unha vez van comprendendo regras e teñen rutinas adquiridas de orde, respecto, silencio...) e sobre todo cando xa teñen asimilado moito vocabulario da nova lingua. Esta “mini-inmersión” produce unha asimilación que ao ser tan temperá convértese en automática. A través de contos, teatrillos, bonecos feitos por nós, as mestras ou outros obxectos e proxectos os nenos aprenden dun xeito divertido e sin esforzo para eles. Esta aprendizaxe é oral ata chegar a E.P. e moi centrada no TPR.

Dado que impartimos Lingua Inglesa en todos os niveis educativos, dende E.I ata 6º de E.P, seguiremos procurando que predomine a produción oral sobre a escrita, por suposto en E.I e sobre todo nos dous primeiros cursos de educación primaria. Consecuencia disto, a metodoloxía de adquisición do idioma nas diferentes unidades será a seguinte (téñase en conta que o “Reading” e o “Writing” refírese aos cursos superiores.


1. escoitar e comprender (LISTENING).
2. Producir oralmente (SPEAKING) e TPR
3. Comprender textos escritos sinxelos e axeitados á súa idade (READING).
4. Producir textos escritos sinxelos segundo o nivel (WRITING).

Contamos con pizarra dixital na aula de inglés, e actualmente tamén no resto das aulas. Os libros de texto se utilizan a partir de E.P, dende 1º e 2º de E.P cursos nos que empregamos o Activity Book titulado “All about us now” da editorial Oxford, e de 3º a 6º empregamos o mesmo libros “All about us now”, pero neste caso empregamos tanto o Class Book coma o Activity Book.

Nas aulas de E.I empregamos a pizarra dixital, teatriños, contos, marionetas, xoguetes de fácil manexo.

Sen dúbida dispoñer de pantaias é unha axuda moi grande e implica que as clases resulten máis motivadoras, amenas, participativas, tanto polas actividades propostas como polos medios para realizalas.

Os discentes aprenderán a lingua a través de audicións, presentacións, vídeos, cancións (karaoke), xogos, rimas, escoitando á persoa auxiliar (este curso a persoa auxiliar é da India) e á mestra, en diferentes formatos, as veces tamén empregaremos o Play back



etc. así como a través de actividades e traballos de interpretar, repetir, recortar, pegar, debuxar e/ou pintar.

Cada curso escolar tratamos de innovar e realizar unha aprendizaxe dinámica e atractiva, por iso estamos sempre formándonos, tanto en cursos online coma presenciais, proxectos como foi ERASMUS+CAMINE, etc.

Estaría ben contar cun altofalante na aula para diversos usos, para non ter que alzar a voz e poder grabar aos rapaces cando presentan os seus traballos.

Dende o 2015 e ata o curso pasado houbo Seccións Bilingües en 1º e 2º cursos de E.P. Esperamos que en cursos próximos se poida solicitar un novo proxecto de SSBB para manter a persoa auxiliar, xa que ao non contar o colexio con SS.BB en activo, o normal é que xa non envíen Auxiliar de Conversa a partires de agora.


Para o ensino/aprendizaxe de Inglés supón unha grande axuda dispor dunha persoa auxiliar (aínda que este curso 23-24 a persoa non é falante nativa, contamos ca ventaxa de que non falta castelán nin galego). Esta situación fai que o alumnado teña que usar a L.Estranxeira, así como todas as estratexias xestuais, etc ao seu alcance para comunicarse coa persoa auxiliar. Trátase dunha persoa auxiliar que ven de India. Ter entre nós unha persoa de fora, aportará un aire fresco á aprendizaxe da L.E e o alumnado concienciarase do importante de coñecer outro idioma e outras culturas.

Nas clases de Inglés, o alumnado, ademais de adquiriren un vocabulario activo que comprenderán e usarán, tamén aprenderán un vocabulario pasivo que só terán que entender no contexto.

Recursos de aula como como xogos de mesa, lecturas, pasatempos para aqueles alumnos máis rápidos ou “fast finishers” co obxectivo de que os máis rápidos e con mellor nivel poidan seguir traballando e aprendendo en Inglés autónomamente, mentres a mestra pode axudar ao resto. Tamén usando as tablets, etc.

Cabe destacar que nos niveis de 5º e 6º de E.P imos seguir traballando co PROGRAMA SNAPPET. En cursos anteriores permitiu tanto a docentes coma discentes foi moi satisfactorio para eles e para os Mestres/mestras. Permittunos e permitiulles practicar os contidos e a gramática en forma de xogos, aprendendo sin esforzo.

Pretendemos adaptarnos aos cambios na nosa sociedade propoñendo cada curso algún traballo oral en grupo para presentacións na aula (cancións, exposicións sobre



distintos temas, debates, teatro, investigación sobre persoeiros célebres, etc), puidendo ser sempre ao fío da actualidade máis da temática que cada ano escollamos como tema no CEIP. Este ano dedicaremoslo aos camélidos, xa que é o ano internacional dos mesmos. Este será tamén outro punto de partida para propoñer actividades durante este curso. Afortunadamente este curso tamén organizaremos a celebración en Melide de teatro en Inglés. Tal como fixemos o curso anterior, reservaremos á compañía Face to face e convocaremos ao resto de centros escolares da localidade, así como arredores, de xeito que o prezo sexa asequible para todos os discentes. Como en cursos anteriores, contrataremos dúas obras de teatro para abranguer todos ou casi todos os cursos e que poidan asistir o máximo número de discentes (dende E.I ata E.P) .


A avaliación será continua e formativa, e a aprendizaxe cíclica: para aprender novos contidos servímonos dos asimilados con anterioridade. Esta avaliación centrarase en tódolos aspectos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe:

- Se os obxectivos e os contidos foron os axeitados.
- Se coa metodoloxía aplicada se conseguen os obxectivos previstos.
- Se as actividades son motivantes e axudan a adquirir os conceptos.
- Se os materiais utilizados foron produtivos.

Na aprendizaxe da lingua estranxeira tamén se terán en conta os contidos transversais en cada unha das unidades. Estes contidos trabállanse en cada unha das unidades, CLIL (Content and Language Integrated Learning) (Aprendizaxe de contidos a través dunha lingua estranxeira)

Por suposto tamén ás celebracións típicas dos países anglosaxóns (Halloween, Thanksgiving, Bonfire Night, Christmas, Pancake Day, St. Valentine's Day, Easter...). terán o seu oco nas clases de Inglés.

Continuamos compartindo a persoa auxiliar de conversa que acudiría ao noso CEIP (4 meses durante 8 horas á semana). Este curso serían os días mércores e xoves, dende outubro ata finais de maio. Seguimos compartindo co CEIP de Toques. O seu cometido será traballar os aspectos lingüísticos orais a través de diferentes actividades lúdicas, etc. a través de proxectos que aproximen a cultura estranxeira, ou ás persoas que poida falar Inglés ou comunicarse nesta lingua. Esperamos que os nosos escolares



e o resto da comunidade escolar vexan con entusiasmo esta grande vantaxe de contar coa Auxiliar de Conversación.

26. PLAN DE TRABALLO DE RELIXIÓN CATÓLICA.

A formación relixiosa e moral católica ten como finalidade aproximar ao alumno aos valores, ás tradicións culturais e ás crenzas relixiosas do noso contorno, segundo as convicións dos pais, que optaron libremente por esta formación. A mensaxe cristiá implica unhas esixencias morais que permiten a liberación e o desenvolvemento integral da persoa.

A ensinanza relixiosa católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e as virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno en orde a facer posible a maduración da responsabilidade, o exercicio da solidariedade e a auténtica caridade; todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus, revelado en Xesucristo, e ao mesmo tempo como resposta ás grandes preguntas sobre o sentido da vida que xa nesta idade se formulan os alumnos.

A ensinanza da Relixión Católica pretende tamén presentar o acontecemento cristián en diálogo coa cultura. Esta finalidade estará sempre presente na ensinanza da Relixión Católica, motivando o aprecio da propia cultura e a estima doutras tradicións culturais e relixiosas.


Para acadar os obxectivos e a aprendizaxe do programa de contidos nesta área, é necesario optar por unha metodoloxía que sirva de camiño para acadar tales metas.

A ensinanza desta materia ten un criterio común, e cada curso enlaza cos contidos dos cursos posteriores.

- Unha ensinanza-aprendizaxe da relixión baseada no proceso psicoevolutivo do alumnado.
- Construción do coñecemento baseado en aprendizaxes significativas.
Unhas actividades que promovan a interdisciplinariedade con outras áreas.
- Fomentar nos alumnos/as a súa capacidade para ver, xulgar e actuar sobre si, sobre os demais, a sociedade e o ambiente.

As finalidades que perseguiremos serán:

- Educar a dimensión relixiosa desde e para a vida cotiá.
- Favorecer o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno/a.



- Elaborar o Proxecto Persoal de vida a través dunha escala de virtudes e valores morais, personalizados, cívicos, democráticos e relixiosos.
- Favorecer a capacidade de diálogo coas demais áreas curriculares.


A avaliación será continua e a aprendizaxe cíclica, servirémonos dos contidos xa aprendidos para asimilar outros novos. A avaliación centrarase en todos os aspectos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe. Na aprendizaxe da Relixión Católica teremos en conta os contidos transversais en cada unha das unidades.

Participarase en todas as celebracións propias do centro (Magosto, Entroido... sempre que a situación epidemilóxica así o permita) facendo fincapé nas propiamente relixiosas (Nadal, Semana Santa, ...)

27. PLAN DE TRABAJO DE EDUCACIÓN FÍSICA.

Neste curso 2023/2024, no que á área de Educación Física se refire, podemos enumerar as seguintes liñas xerais de actuación:

- Teranse en conta, á hora de deseñar as sesións, todos os obxectivos que se relacionan nas programacións didácticas de cada curso, sen esquecerse daqueles relacionados con bloques de contidos ós que é frecuente dedicarlles menos tempo, como son os relacionados co bloque de Actividades físicas artístico-expresivas e co de Actividade física e saúde.
- O curso pasado tiñamos como gran meta a de intentar volver á normalidade que rompera a COVID no ano 2020. Pensamos que esa meta foi alcanzada sobradamente e neste curso 2023/2024 pretendemos continuar esa vía con lixeiros retoques e tomando algunhas direccións novas. Está previsto desenvolver estas actividades:
 1. Carreira solidaria no mes de outubro de 2023 para colaborar na loita contra a leucemia infantil e celebración do Día do Peón 2023 no mes de novembro.
 2. Realización dunhas xornadas de deporte adaptado, na Coruña, a cargo da organización ENKI.
 3. Xornadas de goalball no pista cuberta do noso colexio, contando coa colaboración de persoal da ONCE.
 4. Corremelide 2024 no mes de maio.
 5. Encontros lúdicos (Convivencias) con alumnado dos outros dous colexios de infantil e primaria de Melide e, de ser factible, doutros concellos limítrofes.



CEIP Mestre Pastor Barral

- Na medida do posible, daráselles prioridade ás actividades de carácter cooperativo fronte ás de carácter competitivo, aínda que sen renunciar a estas últimas, dado o seu destacado compoñente motivacional.
- Prestarase atención a distintos aspectos nos que a Educación Física pode ter un papel relevante: a atención á diversidade, a coeducación e a igualdade de sexos, ... en suma, tratarase de enfocar a actividade física á mellora das relacións afectivas e á potenciación das actitudes e valores dunha sociedade solidaria e respectuosa coas persoas, sen distinción por razóns de sexo, de etnia, de relixión, de ideoloxía, de capacidade física, psíquica ou sensorial ...
- En canto á avaliación e máis concretamente ás cualificacións, terase en conta o nivel de consecución dos obxectivos propostos e o grao de adquisición das competencias básicas. Prestarase especial atención á participación do alumnado nas tarefas que se propoñen e á súa actitude fronte ás aprendizaxes, o coidado do material, o cumprimento das normas e a vestimenta axeitada para o desenvolvemento das sesións. En síntese, a cualificación basearase no rendemento ou competencia conseguido polo alumno ou alumna pero tendo presente en todo momento a actitude amosada e o esforzo realizado polo mesmo/a ó longo das sesións desta área.

28.PROXECTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.


Introdución

Segundo se establece no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia:

- No seu artigo 5º para a **Educación Infantil**, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia.

Tamén se incluírá o primeiro achegamento á lingua estranxeira dende 4º de Educación Infantil.

- No seu artigo 6º para a **Educación Primaria**, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia, sendo o galego utilizado no resto das materias agás Educación Artística e Matemáticas que serán impartidos en castelán.



O alumnado que o precise recibirá as oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, coa finalidade de acadar o obxectivo xeral establecido na Lei de Normalización Lingüística.


O Equipo de Dinamización da Lingua Galega considera que o noso Centro precisa fomentar unha ampla variedade de actividades dirixidas a unha maior participación, uso e aprendizaxe da Lingua Galega tanto no alumnado como nas súas familias.

Consideramos importante crear unha dinámica continua, participativa, democrática e construtiva que incremente o uso e prestixio do noso gran Patrimonio Cultural que non é máis que a nosa Lingua. É por iso que no seguinte apartado presentamos os obxectivos que nos plantexamos no presente curso escolar 2023/20224.

Obxectivos e medidas encaminadas á normalización lingüística

Atendendo ás competencias do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e de acordo co artigo 14 do Decreto 79/2010, establécense unha serie de obxectivos xerais e as liñas e medidas de actuación:


- I. Promover o uso do galego en todas as actividades do centro e lograr unha actitude positiva da comunidade educativa en favor da normalización.
- II. Fortalecer os referentes históricos, sociais e culturais que permitan a identificación do alumnado coa súa terra, fomentando o uso da lingua galega como verdadeiro sinal de identidade, realizando mostras e/ou promovendo visitas a lugares de interese prioritariamente da nosa vila, concello e comarca, así como de profesións tradicionais, utensilios, folclore, etc.; dando continuidade a traballos realizados en cursos anteriores.
- III. Divulgar e dar a coñecer a nosa música, así como promover o gusto polo teatro, filmes, xogos ou vídeos en lingua galega.
- IV. Contribuír á recuperación dos xogos populares galegos, xa que son parte fundamental da cultura do noso pobo. O xogo é, por excelencia, a actividade facilitadora de aprendizaxes imprescindibles para vivir, forma parte da educación e axuda a asimilar e interiorizar a nosa lingua e expresións, habituándose a usar o idioma dunha maneira espontánea para expresar sentimentos.



- V. Realizar as campañas tradicionais: **Magosto, Día do Peón, Nadal, concurso de tarxetas de Nadal, Entroido, Día de Rosalía, Día das Escritoras, Semana das Letras Galegas e os Maíos** que se viñeron desenvolvendo ao longo destes anos.
- VI. Participar activamente ademais nas outras conmemoracións que o centro celebre.
- VII. Alentar a participación en concursos e actividades que teñan como fin a promoción e valoración da nosa lingua.
- VIII. Estimular a lectura en lingua galega e de autores galegos, facendo suxestións para a utilización dos recursos da biblioteca escolar (colaborando nas actividades programadas polo equipo de biblioteca) e para a adquisición de novos fondos e facendo uso tamén da biblioteca municipal.
- IX. Chegar á adquisición dos obxectivos planeados utilizando as TIC, dando a
- X. coñecer tanto medios audiovisuais como informáticos.
- XI. Colaborar na organización ou fomentar a participación nalgún acto ou espectáculo cultural que nos permita gozar da nosa cultura, reafirmándonos nela e elevando a autoestima a través da valoración e goce do que nos é propio.
- XII. Facer posible que alumnado procedente doutras culturas se mergullen e aprecien a nosa, enriquecéndonos positiva e mutuamente dado o carácter incipiente de interculturalidade que se observa nos últimos anos no centro.
- XIII. Publicación, se a economía do centro o permite, da revista “Somos Nós” coordinada polo equipo de Normalización da Lingua Galega; como medio de recompilación, comunicación e expresión, dos traballos realizados ao longo do curso por alumnos e mestres, para así poderen ser compartidos por toda a Comunidade escolar.
- XIV. Potenciar actividades conxuntas entre os ENDL da comarca que imprima maior ritmo á Normalización.
- XV. Fomentar a colaboración coas entidades culturais e asociativas do contorno do centro escolar para a organización de actividades conxuntas.
- XVI. Fomentar a transmisión do noso patrimonio oral no ámbito familiar.

A adquisición de todos estes obxectivos rexerese por unha dobre meta dentro dos obxectivos do equipo de Normalización Lingüística:


1. Coordinar e optimizar os recursos materiais e humanos dispoñibles.



2. Transmitir o maior grao posible de normalidade no uso da nosa lingua.


Actividades

- O ENDL, dentro das súas posibilidades, levará a cabo un labor de asesoramento e colaboración cos distintos Equipos Docentes do Centro en relación á determinación da lingua de instalación dos alumnos e alumnas, á avaliación do dominio do galego ó remate de cada ciclo e ó tratamento da lingua galega nas actividades académicas.
- Colaborar coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e cos Equipos involucrados no deseño de estratexias que conduzan á plena integración lingüística do alumnado procedente doutras comunidades.
- Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes relacionados co noso Patrimonio Cultural.
- Ampliar as bibliotecas de aula e do Centro con libros en lingua galega, e preferiblemente de autores galegos.
- Elaboración de carteis que promovan o acercamento a nosa lingua e costumes.
- Realizar exposicións de libros de distintas materias e xéneros prestando especial atención ao ***Día das Escritoras e Día das mulleres na ciencia.***
- Elaboración, se fose posible economicamente, da revista escolar ***“Somos nós”*** (nº29). Con esta revista pretendemos procurar un espazo onde toda a comunidade educativa, e moi especialmente o alumnado, poida expresar temas de interese así como dar conta de actividades realizadas durante o curso.
- Participar en festas , xogos e costumes populares do noso contorno.
- Participar nas actividades que se realicen e organicen dende o Concello.
- Adquirir material para a práctica de xogos populares.
- Elaboración dun folleto informativo co fin de conmemorar as **LETRAS GALEGAS 2024** (este ano dedicado a Luísa Villalta).
- Recompilación de unidades didácticas e materiais bibliográficos relacionados cos ciclos festivos tradicionais: Magosto, Outono, Nadal, entroido, Maíos,
- Ter a nosa especial lembranza ó ***“Día de Rosalía”, “Día Internacional da Muller Traballadora”, “Semana da Prensa”, “Día do libro”, “Día das***



escritoras”, Día do Peón, “Día da Paz”, “Día da Candeloria”, “Día do libro Infantil”, entre outras.

- Realización e exposición de traballos plásticos, por parte do alumnado, relacionados coas celebracións e vivencias realizadas no centro.
- Facer un traballo relativo ao **ARADO** galego.
- Proxección dalgunha película en galego
- Realizar campañas para fomentar a audición da nosa música.
- Organizar “contacontos” para E. Infantil e E. Primaria.
- Dotar á secretaría do Centro de diversos materiais que favorezan o proceso de normalización.
- Participar en cursiños e encontros de formación en lingua galega que sexan do interese dos membros da comunidade educativa.
- Comunicar ó profesorado e ós membros da Comunidade Educativa en xeral, as actividades e as liñas de actuación propostas dende o Equipo.
- Propiciar o intercambio de experiencias e o encontro entre equipos e persoas vencelladas ás tarefas normalizadoras.
- Adquirir materiais informáticos en galego como libros dixitais, materiais interactivos e outros de interese para potenciar o uso do galego nas novas tecnoloxías.
- Coñecer e divulgar a indumentaria tradicional galega da nosa Comarca.
- Afondar no coñecemento da persoa de que dá nome ao noso colexio “Mestre Pastor Barral”.
- Coñecer mellor as 26 parroquias de Melide mediante visitas a media ducia delas cada curso.



Criterios e mecanismos de avaliación

Tendo en conta os obxectivos, avaliarase a consecución dos mesmos dun xeito continuo, aberto e flexible, para ir axustándoos ás necesidades que vaian xurdindo. Tamén será importante avaliar o grao de implicación e de satisfacción acadada dentro de todos os membros da comunidade educativa.

Para realizar a avaliación utilizaremos diversos instrumentos baseados na: observación directa, entrevistas, reunións, etc...

Addenda ao proxecto lingüístico

Como ben se indica, e como marca o **Decreto 79/2010 do 20 de maio** para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo 5º para a **Educación Infantil**, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquiera, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia.

Membros activos o Equipo de Dinamización da Lingua Galega:


O presente curso escolar o Equipo de Dinamización da Lingua Galega queda composto polos seguintes membros:

- M^a Ángeles Noguerol López (Educación Infantil).
 - Malena Pazos Pintor (mestra de Educación Artística).
 - M^a Isabel Asorey Sesto (pedagogía terapéutica).
 - Miguel A. Sánchez Vila (Educación Física).
 - Mónica Vilariño Fociños (Apoio Educación Infantil).
 - Concepción Castro Pedreira (Educación Infantil).
- **Coordinadora do ENDL:** María Socorro Cea Vázquez (titora de 5º de primaria).

O ENDL **reunirase** de forma ordinaria todos os segundos luns de cada mes para estudar o funcionamento e desenvolvemento das actividades programadas, e reunirase de forma extraordinaria sempre e cando sexa necesario.

Conclusións

A nosa lingua e cultura existen grazas ao esforzo colectivo de varias xeracións que a mantiveron no tempo e na memoria. Esta riqueza non se conservará se nós non facemos o



posible por coidalo, protexelo e divulgalo. A recuperación da nosa lingua tanto a nivel oral coma escrito non se acadará sen o apoio conxunto das administracións públicas e sen o compromiso persoal de cada un de nós.

29. PLAN DE TRABALLO DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Coordinadora : Natalia Villar Vázquez

Reunións


Ademais das sesións de principio e remate do curso, reunirase o equipo os segundos luns de cada mes pola tarde. O obxectivo é a organización e proposta das actividades correspondentes para despois facer unha posta en común co resto dos equipos ou ciclos do centro para unha maior coordinación.

Equipo de Actividades Extraescolares

- Auria Ausina Arrojo
- M^a Socorro Cea Vázquez
- M^a Belén González Morán.
- Cristina Leiro Castro
- Rosa María Martínez Obarrio.
- Natalia Villar Vázquez (Coordinadora)

Obxectivos

- Informar e motivar á comunidade educativa, especialmente ao alumnado acerca das actividades complementarias e extraescolares que se ofertan e se poden levar a cabo ao longo do curso.
- Planificar actividades complementarias ou extraescolares ao longo do curso.
- Elaborar, seleccionar e proporcionar recursos para aquelas actividades/conmemoracións que o requiran.



- Avaliar as distintas actividades e analizar os aspectos positivos e negativos de cada unha delas co fin de melloralas, se fora necesario.
- Traballar de xeito colaborativo cos demais equipos do centro (Equipo de biblioteca, EDLG...) e propoñer ou atender ás propostas de cada un dos ciclos educativos.


Saídas

Queda pendente a valoración das ofertas de saídas educativas que chegan ao centro. Unha vez recompilada a información sobre diversas ofertas elixiranse conxuntamente ou por grupos de idade as máis axeitadas para poder organizalas. Tentarase facer unha proposta de saída trimestral para os diferentes ciclos coincidindo a do último trimestre coa excursión de fin **de curso**.

Actividades

A continuación recóllense as celebracións e conmemoracións para as que se realizarán propostas conxuntas tendo en conta a *ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.


- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.



- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 1 de abril de 2024: Día Das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 22 e o 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades de modo transversal e específico relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Tamén destacamos outras datas e celebracións que se adoitan conmemorar neste centro e nas que se pretende continuar facendo propostas dende este equipo:

- 31 de outubro de 2023: Samaín.
- Arredor do 11 de novembro de 2023: Magosto.
- Últimos días lectivos de decembro: Nadal.




- Semana do 5 ao 9 de febreiro: Entroido. Mandatos do Meco e celebración final o venres.
- Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo o 2 de abril de 2024.

30.ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PLAN DE CONVIVENCIA PARA O PRESENTE CURSO

No Decreto 85/2015 regúlase a convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- **A Resolución do 3 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa favoreceu un avance decisivo na aposta pola formación das familias e pola súa inclusión nos procesos de ensino-aprendizaxe dos centros docentes.**
- **A Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional supuxo un impulso decisivo para a incorporación da coeducación como elemento transversal ao traballo dos centros.**
- **A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación desenvolveu polo miúdo os principios de convivencia e inclusión que trasladou o citado decreto.**


Como centro educativo compétenos a elaboración do Plan de Convivencia de centro, no que recollerán as actuacións relativas á favorecer unha axeitada convivencia no centro. No noso centro estase a elaborar in novo Plan no presente curso, cos seguintes obxetivos xerais:



- Facilitarlles aos órganos de goberno e o profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e da mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar.
- Fomentar os valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar a aceptación e cumprimento das normas e así avanzar no respecto á diversidade e á igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, tratamento, seguimento, xestión e resolución de conflitos que se poidan producir no centro.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente de acoso escolar, da violencia de xénero e as actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a solución pacífica dos conflitos.
- Contribuir desde a convivencia á adquisición das competencias básicas particularmente a social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras cunha convivencia de calidade.

A consecución destes obxectivos realizarase a través das seguintes actividades:

- Actividades de acollida para o alumnado novo do centro e para as súas familias.
- Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como recreos, entradas e saídas do centro e os cambios de clase.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CEIP Mestre Pastor Barral

R/ Camiño Real s/n
15800 Melide (A Coruña)
Tfno.: 881866132/31/33 Fax: 881866134
ceip.pastor.barral@edu.xunta.es


Ademais será necesario revisar e actualizar as Normas de Organización e Funcionamento do Centro. (NOF)

31.ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA

Ao longo do curso a ANPA organizará distintas actividades.

- ✓ Pádel
- ✓ Inglés na Academia “La Torre de los Idiomas.”
- ✓ Inglés na Academia “Torre de Babel.”
- ✓ Informática
- ✓ Actividades con Xanela Ocio

E en horario escolar Actividades de Igualdade



32.RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2023-24.

LISTA DE LIBROS 2023 - 24

EDUCACIÓN INFANTIL
3 ANOS


TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
MIS NÚMEROS Os números 1 Os números 2	Obradoiro - Santillana	978-84-9972-292-4 978-84-9972-290-0
LETRAS E CORES Lectoescritura 1 Lectoescritura 2	Obradoiro - Santillana	978-84-8224-945-2 978-84-8224-845-5

EDUCACIÓN INFANTIL
4 ANOS

TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
MATEMÁTICAS PASO A PASO – nivel 2.	Editorial Edelvives	Nº 4 – 978-84140-2832-2 Nº 5 – 978-84-140-2833-9
Grafismo Creativo: ¡TODO ES POSIBLE! Número 1	Editorial Edelvives	978-84-140-3233-6
Letras de cores. Lectoescritura 2(versión pauta)	Obradoiro Santillana	978-84-8224-845-5

EDUCACIÓN INFANTIL
5 ANOS

Os libros de 6º de Educación Infantil escolleranse en setembro.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Mestre Pastor Barral


EDUCACIÓN PRIMARIA
1º CURSO

R/ Camiño Real s/n
 15800 Melide (A Coruña)
 Tfno.: 881866132/31/33 Fax: 881866134
 ceip.pastor.barral@edu.xunta.es

TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
1PRI Matemáticas. Mochila ligera. Construyendo mundos.	Santillana	978-84-680-7131-2
1PRI LENGUA CUADERNO 1, 2 y 3. Operación mundo.	Anaya	978-84-698-9229-9
Lingua Galega 1	Anaya	978-84-698-9317-3
1 Ciencias da Natureza. Construindo mundos.	Obradoiro - Santillana	978-84-9185-411-1
1 Pri CC Sociais. Cosntruindo mundos	Obradoiro - Santillana	978-84-9185-414-2
All About Us Now 1 - Activity Book with Digital Book.	Oxford	978-01-940-7429-2

EDUCACIÓN PRIMARIA
2º CURSO

TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
2PRI MATEMATICAS Mochila Ligera Construyendo mundos 2023	Santillana	978-84-144-0763-9
2PRI LENGUA Construindo mundos 2023	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-675-7
2PRI CC. DA NATUREZA Construindo mundos 2023	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-694-8
2PRI CC. SOCIAIS Construindo mundos 2023	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-696-2
2PRI LENGUA Mochila Ligera Construyendo mundos	Obradoiro-Santillana	978-84-144-0762-2
All About Us Now 2 Activity Book with Digital Activity Book	Oxford	978-01-940-7450-6



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Mestre Pastor Barral


EDUCACIÓN PRIMARIA
3º CURSO

R/ Camiño Real s/n
 15800 Melide (A Coruña)
 Tfno.: 881866132/31/33 Fax: 881866134
 ceip.pastor.barral@edu.xunta.es

TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
Matemáticas Construyendo mundos Mochila Ligera - 2022	Obradoiro -Santillana	978-84-680-7136-7
Lengua Construyendo mundos Mochila Ligera - 2022	Obradoiro -Santillana	978-84-680-7201-2
Lingua Construíndo mundos – 2022	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-409-8
CC da Natureza. Construíndo mundos 2022	Obradoiro -Santillana	978-84-9185-410-4
CC Sociais. Construíndo mundos 2022	Obradoiro -Santillana	978-84-9185-416-6
All About Us Now 3. Class Book with Digital Book.	Oxford	978-01-940-7465-0
All About Us Now 3 Activity Book+ ALK + Go Pangea with Digital Activity Book		978-01-940-7384-4

EDUCACIÓN PRIMARIA
4º CURSO


TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
4PRI MATEMATICAS Construyendo mundos 2023	Santillana	978-84-144-0769-1
4PRI LENGUA Construyendo mundos 2023	Santillana	978-84-144-0738-7
4PRI LINGUA Construíndo mundos 2023	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-705-1
4PRI CC. DA NATUREZA Construíndo mundos 2023	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-692-4
4PRI CC. SOCIAIS Construíndo mundos 2023	Obradoiro- Santillana	978-84-9185-698-6
All About Us Now 4 Class Book with Digital Class Book	Oxford	978-01-940-7480-3
All About Us Now 4 Activity Book+ ALK + Go Pangea with Digital Activity Book		978-01-940-739-05



TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
5PRI LENGUA Construyendo mundos 2022	Santillana	978-84-680-7200-5
Lingua .Construíndo mundos. 2022	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-412-8
Matemáticas Construyendo mundos	Obradoiro -Santillana	978-84-680-7140-4
Ciencias da Natureza. Construíndo Mundos. 2022	Obradoiro - Santillana	978-84-9185-407-4
Ciencias Sociais. Construíndo Mundos. 2022	Obradoiro - Santillana	978-84-9185-415-9
All About Us Now 5 Class Book with Digital Book All About Us Now 5 Activity Book+ ALK + Go Pangea with Digital Activity Book	Oxford	978-01-940-7498-8 978-01-940-7396-7

EDUCACIÓN PRIMARIA
6º CURSO

TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
6PRI LENGUA Construyendo mundos 2023	Santillana	978-84-144-0747-9
6PRI LINGUA Construíndo mundos 2023	Obradoiro- Santillana	978-84-9185-727-3
6PRI MATEMÁTICAS Construyendo mundos 2023	Santillana	978-84-144-0772-1
6PRI CC. DA NATUREZA Construíndo mundos 2023	Obradoiro- Santillana	978-84-9185-669-6
6PRI CC. SOCIAIS Construíndo mundos	Obradoiro- Santillana	978-84-9185-693-1
All About Us Now 6 Class Book with Digital Class Book All About Us Now 6 Activity Book+ ALK + Go Pangea with Digital Activity Book	Oxford	978-01-940-7513-8 978-01-940-7402-5



33. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.

AVALIACIÓN INTERNA

A **Avaliación do centro** farase a través do seguimento e revisión dos documentos de planificación docente e dos diferentes proxectos. Ademais reflectirase na memoria final os aspectos de mellora de cada curso.

A **avaliación dos alumnos/as** axustarase ó disposto na lexislación vixente. Será continua, terá carácter formativo e estará integrada no proceso educativo. As actividades da avaliación oriéntanse a detectar os progresos e/ou dificultades dos alumnos/as durante todo este proceso.

Ó longo do curso académico realízanse tres tipos de avaliación:

- Avaliación Inicial.
- Avaliación Continua.
- Avaliación Final.

As actividades de avaliación en Educación Primaria son levadas a cabo polo profesor titor correspondente coa colaboración dos restantes profesores das respectivas especialidades.

A información ós pais sobre a avaliación ten lugar antes do Nadal, Semana Santa e fin de curso. Darase a coñecer mediante os boletíns informativos que serán devoltos ó profesor titor unha vez asinados polos pais ou titores legais. Estes, así mesmo, serán puntualmente informados das incidencias (progresos e fallos detectados nos seus fillos/as) así como das posibles medidas correctoras a adoptar.

Quedan fixadas as seguintes ***datas de avaliación***:

1ª AVALIACIÓN:


Xuntas de avaliación: luns, 11 de decembro EI e 18 de decembro EP

Entrega de notas: Mércores, 20 de decembro.

2ª AVALIACIÓN:

Xuntas de avaliación: luns, 11 de marzo EI e 18 de marzo EP

Entrega de notas: xoves, 21 de marzo.



3ª AVALIACIÓN E FINAL:

Xuntas de avaliación: luns ,3 de xuño EI e 10 de xuño EP.

Entrega de notas: venres 21 de xuño

Ao final de cada curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, tomaranse as decisións sobre **promoción ao seguinte curso do alumnado**. A decisión de promoción adoptaraa o equipo de profesores/as que imparten docencia ao grupo de alumnos/as no último curso, **e deberá ter en especial consideración a información e o criterio do titor ou titora**.

O alumnado acadará a promoción ao curso seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e un axeitado grado de madurez. Accederase tamén ao seguinte curso cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo curso. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os apoios necesarios para a recuperación das ditas aprendizaxes.


Cando o alumno/a non cumpra as condicións establecidas parágrafo anterior, **permanecerá un ano máis no curso**, tendo en conta que esta medida só se poderá adoptar unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo educativo.

Esta avaliación quedaría incompleta senón se inclúe tanto a **avaliación da práctica do profesorado**. En canto ós docentes teremos en conta:

- A adecuación dos obxectivos propostos nas correspondentes unidades didácticas.
- A distribución, progresión e adecuación dos contidos.
- A proposta de actividades axustadas ó nivel do alumnado.
- Sacarlle o máximo partido aos materiais didácticos.
- Realizar agrupamentos apropiados segundo a actividade a realizar.
- Crear un clima idóneo para a aprendizaxe e a cooperación entre os alumnos/as.
- Coordinación con outros mestres.

34. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL.

Avaliarase segundo o grao de consecución dos obxectivos marcados nela. Esta avaliación quedará reflectida na memoria de fin de curso.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CEIP Mestre Pastor Barral

R/ Camiño Real s/n
15800 Melide (A Coruña)
Tfno.: 881866132/31/33 Fax: 881866134
ceip.pastor.barral@edu.xunta.es

A avaliación realizarase a partir de:

- ❑ Información aportada polos representantes dos distintos sectores no Consello Escolar.
- ❑ **Seguimento trimestral feito polo Consello Escolar.**
- ❑ Avaliación feita pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

En Melide, a 9 de outubro de 2023.

O Equipo Directivo

A directora

Mª Belén Mejuto Torreiro




A secretaria

Mª Dolores Gómez Neira

A xefa de estudos

Monica Vilariño Fociños



1. ANEXO IV – PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

INTRODUCCIÓN

O CEIP Mestre Pastor Barral ten 158 alumnos/as -procedentes da vila e Melide e da área rural próxima ó centro escolar- repartidos en tres unidades de educación infantil e 6 unidades de educación primaria. Aproximadamente un 15% é alumnado inmigrante.

De cara á realización de actividades físicas, o colexio dispón dun patio exterior –unha pequena parte del está cuberto- un ximnasio e unha pista polideportiva. Actualmente estanse levando a cabo traballos por persoal do concello para poder habilitar outras zonas que a día de hoxe aínda non poden ser utilizadas.


Con este plan téntase promover a boa saúde e o benestar dos nenos e nenas tendo en conta como son na actualidade os seus estilos de vida, hábitos alimentarios e de hixiene persoal, as actividades físicas que realizan a diario fóra do recinto escolar, as instalacións deportivas de que dispoñen para poder levalas a cabo, recursos familiares de que dispoñen, etc.

O traballo que faremos desde o colexio pretende crear un ambiente que promova a actividade física e a alimentación saudable como unha parte esencial desenvolvemento físico e mental do alumnado. Este plan non só apunta a mellorar a saúde física dos nosos nenos, senón tamén a fortalecer o seu benestar emocional e á adquisición duns costumes que contribúan a chegar a ser uns adultos sans no futuro. Aspiramos a moldear unha xeración de nenos e nenas que estea verdadeiramente capacitada para afrontar os desafíos que lles esperan sempre co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida e a da comunidade no seu conxunto.

ANÁLISE DO CONTEXTO

A situación de partida para o noso plan de actividades físicas e hábitos saudables é a seguinte:


1. O nivel de actividade física en boa parte do alumnado é insuficiente por empregar o seu tempo en actividades sedentarias coma ver a televisión ou con videoxogos, e teñen acceso limitado a oportunidades para realizar actividade física.



2. Hábitos alimentarios pouco saudables: a dieta adoita incluír un alto consumo de alimentos procesados, azucres e graxas saturadas mentres carece de froitas, verduras e alimentos nutritivos.
3. A dificultade para poder utilizar instalacións deportivas adecuadas, para poder xogar en parques infantís seguros ou en espazos ao aire libre por motivos de conciliación da vida familiar e laboral dos proxenitores ou outros.
4. En moitas ocasións, desprazamentos que se fan en automóbil serían susceptibles de ser realizados camiñando ou mesmo en bicicleta. Este feito resta oportunidades de mobilizar o corpo e, consecuentemente, os seus correspondentes beneficios.
5. A concienciación sobre os efectos para a saúde duns hábitos correctos de exercicio físico, de tipo alimentario e de hixiene para a saúde. Tanto os nenos como as súas familias poden ter un coñecemento limitado sobre a importancia destes hábitos e corrixir isto vai ser unha das nosas misións.
6. Nalgúns casos, a falta de información ou a información errónea en canto ós efectos positivos da realización de actividades físicas regularmente e duns hábitos alimentarios e de hixiene correctos.
7. Participación limitada dos pais en actividades relacionadas coa saúde e a actividade física.


Tendo en conta esta situación de partida, o plan de actividades físicas e hábitos saudables deséñase para abordar os desafíos que xorden a partir do que vimos de comentar. Con este plan trataremos de amosar as oportunidades de actividade física en espazos existentes e dispoñibles, orientar o traballo desenvolvido a nivel de aula para a promoción dunha correcta alimentación e fomentar a participación activa da comunidade na promoción de hábitos saudables.

No noso centro sempre demos unha gran importancia á saúde e ó deporte como elementos indispensables para unha educación integral e de calidade e con este plan tentaremos profundar aínda máis nesta idea. Os obxectivos do mesmo, que se enumeran deseguido, así o testemuñan.



OBXECTIVOS DO PLAN

1. Fomentar a actividade física regular. (Indicador: aumento no número de minutos de actividade física por semana) (Meta: incrementar progresivamente a media de actividade física semanal ó longo do presente curso escolar).
2. Promover unha alimentación saudable. (Indicador: cambio nas eleccións de alimentos para a parva –comida que toman durante o recreo de media mañá-) (Meta: aumento progresivo do número de nenos/as que optan por alimentos saudables para a parva).
3. Mellorar a resistencia e a condición física xeral. (Indicador: incremento no rendemento físico medido a través de probas de resistencia) (Meta: aumentar a distancia percorrida en probas de resistencia nun 10% a mediados do terceiro trimestre).
4. Mellorar as habilidades motrices básicas e a coordinación. (Indicador: datos recollidos por observación directa ou indirecta –escalas numéricas, escalas ordinales, ...ou mediante procedimentos de experimentación ou rendemento) (Meta: progresar no nivel de realización de actividades deste tipo durante o curso 2023/2024).
5. Concienciar sobre a importancia da actividade física, unha alimentación equilibrada, unha hixiene axeitada e, en conxunto, un estilo de vida saudable. (Indicador: participación activa en sesións educativas sobre saúde e actividade física desenvolvidas nas instalacións do colexio ou promovidas por certas asociacións, institucións, organismos ou, nalgún caso, persoas físicas) (Meta: conseguir que a concienciación sobre esta temática vaia dando os seus froitos pouco a pouco, aínda que sexa con pequenos feitos ou manifestacións).
6. Reducir o sedentarismo en xeral e, particularmente, o derivado da afección ós videoxogos. (Indicador: diminución do tempo diario dedicado a actividades sedentarias e ó uso de pantallas) (Meta: minorar o tempo dedicado actividades sedentarias coa presentación e posta en práctica doutras que requiran de esforzo físico e á súa vez sexan motivadoras para os nenos e nenas).
7. Fomentar a diversión e o interese pola actividade física. (Indicador: enquisas de satisfacción e entusiasmo dos nenos cara ás actividades físicas propostas) (Meta: lograr unha puntuación media de satisfacción de polo menos 8 sobre 10 nas enquisas dos nenos ó finalizar o curso escolar).



8. Involucrar ós pais e a comunidade no fomento de hábitos saudables. (Indicador: participación dos pais en eventos e actividades relacionadas coa saúde) (Meta: aumentar a participación dos pais nun 50% durante o primeiro ano do plan).


Con estes obxectivos pretendemos, en termos xerais, encamiñar ó noso alumnado para que progresivamente acade as competencias que lle permitan coidarse axeitadamente a todos os niveis, valorar a información que reciben -incluíndo a publicidade- despertando o seu sentido crítico e facéndoos conscientes de actitudes e costumes da sociedade en xeral que poidan repercutir negativamente no seu desenvolvemento físico, mental e social.

PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

O procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan é fundamental para garantir que o plan sexa efectivo e se adapte ás necesidades cambiantes da comunidade.

O primeiro paso sería o establecemento duns obxectivos claros. Ese paso xa está dado. A continuación traballarase para a recompilación de datos iniciais, pois necesitamos coñecer con absoluta certeza cal é o punto de partida no referente a actividade física, hábitos alimentarios e de hixiene, estilo de vida, etc. do noso alumnado para poder levar a cabo futuras comparacións. Viría a ser unha avaliación inicial. Despois desta, darase vida ó plan coa materialización de todas as iniciativas ou actividades pensadas para alcanzar os obxectivos propostos e para a mellora do nivel competencial. Sirvan de exemplo as seguintes:

- Promoción do ocio activo a través do xogo e do deporte.
- Divulgación das ofertas deportivas existentes para o alumnado en Melide e concellos limítrofes.
- Polas tardes, as bicicletas a funcionar!
- Dividimos o patio de recreo en varias zonas de xogo para mellor aproveitamento do espazo e aumentar as opcións lúdicas.
- Encontros lúdico-deportivos do CEIP Mestre Pastor Barral e os outros dous colexios de primaria de Melide.
- Participación no Corremelide 2024.
- Que comemos esta semana? (Recollida de datos da dieta semanal dos nenos e nenas do colexio).
- Actitude postural: como levar as mochilas, como coller pesos, como sentarse, ...




De cara á avaliación empregaremos, por unha banda, procedementos de observación, ben sexa observación directa ou indirecta. No caso da primeira poderíamos usar o rexistro anecdótico. Se fose observación indirecta, se nos decantamos por procedementos de apreciación teríamos a posibilidade de traballar con listas de control ou tamén con escalas de puntuación (ordinais, numéricas, gráficas e tamén as rúbricas); se escollemos procedementos de verificación utilizaremos rexistros de acontecementos ou a mostraxe de tempo.

Por outra banda, empregaremos procedementos de experimentación ou rendemento co fin de avaliar, en menor medida, algúns aspectos teóricos (probos de verdadeiro-falso, cuestionarios de elección múltiple, probos de correspondencia) e sobre todo aspectos de carácter máis práctico. Neste caso estaríamos ante probos de execución ou procedementos de test.

Mediante as avaliacións periódicas, coa comparación dos datos recollidos no momento desa avaliación cos datos de base –datos estes últimos que nos serven para lembrar cal foi o punto de partida-, poderemos ir coñecendo se progresamos adecuadamente para conseguir alcanzar os obxectivos sinalados no plan e, en caso de que non sexa así, cuestionarnos sobre a efectividade de dito plan e reorientar o traballo e as actividades propostas naquelas áreas que o necesiten.

CEIP MESTRE PASTOR BARRAL



PLAN DE IGUALDADE

1. Introducción
2. Contextualización normativa e do centro
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no Plan:
 - 4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
 - 4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
 - 4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
 - 4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:
 - 5.1 Organización do centro.
 - 5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
 - 5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
 - 5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
6. Seguimento e avaliación

1. INTRODUCCIÓN

Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situación de violencia, e en particular a de xénero. A educación convertese na ferramenta máis potente para inverter esta tendencia e acabar coa desigualdade e, a escola. Así mesmo, a escola é unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas na busca do cambio das estruturas e das prácticas sociais non desexables.

Seguindo o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 e de acordo coa Instrución do 6 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a elaboración de plans de igualdade no presente curso, a comunidade educativa debe impulsar un modelo de escola coeducativo que estableza medidas concretas de actuación que ofrezan pautas

de promoción da igualdade, da coeducación e da prevención da violencia de xénero nas escolas.

Para que o plan sexa realmente efectivo precisa da implicación de todos os sectores da comunidade e debe ser conecido e asumido por todas e cada unha das persoas componentes da mesma: alumnado, profesorado, familias e persoal non docente. Levalo a cabo será unha responsabilidade conxunta. A perspectiva de xénero integrarase transversalmente no currículo de toda a etapa, potenciando unha formación igualitaria e coeducativa en temas como a autonomía persoal, a educación emocional, a educación afectivo sexual, as relacións persoais ou a resolución pacífica de conflitos.

1.1 Base Legal

- Constitución Española: artigo 14, co que se reconece formalmente a igualdade ante a lei por razón de sexo; artigo 9.2 que asevera a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.
- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia: artigo 4.2 na defensa da igualdade.
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: artigos 17, 18, 22, 23, 24, 25 e 26.
- Resolucions aprobadas pola Unión Europea sobre igualdade de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transe - xuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

O CEIP Mestre Pastor Barral é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que comezou a funcionar en setembro de 1995 e está adscrito ao IES de Melide.

Está situado na Rúa Camiño Real S/N na vila de Melide, cabeceira de comarca da Terra de Melide. En devandita vila hai outros dous Centros de Educación Infantil e Primaria, cos que se organizan en ocasións actividades conxuntas, ademais dunha Escola de Educación Infantil (0-3 anos) e o IES mencionado anteriormente.

O noso colexio consta de unha liña. Temos 6 clases de Primaria e 3 de Infantil. E considerado centro de escolarización preferente para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e nel funciona unha Aulas Específica.

O centro conta con servizo de transporte escolar e conta con 162 alumnos dos que 85 son nenos e 77 son nenas. O Claustro está formado por 19 mestres, dos cales catro son homes e 15 mulleres. Tamén contamos un conserxe e unha coidadora.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia.

No noso centro observamos unha boa predisposición e alta sensibilización en relación as actitudes e valores referentes a igualdade e a aceptación da diversidade., así como cara ao rexeitamento da violencia de xenero. Mais no día a día, persisten actitudes e comportamentos, na comunidade educativa en xeneral, que denotan que, en gran medida, continuamos sendo educados nos roles de xenero tradicionais, subsistindo deste xeito condutas sexistas que, as veces, son difíciles de discernir, polo que se fai imprescindible o desenvolvemento deste plan.

Dispoñemos dalgúns recursos en materia de coeducación e violencia de xenero que se atopan na biblioteca do centro, aínda que debemos incrementar os mesmos. Poren carecemos de materias enfocados a identidade e orientación sexual. Puntualmente realizanse actividades e dinámicas de concienciación e sensibilización relacionadas coa igualdade e a non violencia de xenero. O Concello organiza puntualmente actividades extraescolares nas que participa o centro: 25 de novembro, 8 de marzo...

Creemos que os aspectos nos que se debe seguir incidindo no centro no ámbito da coeducación entre o alumnado, xa que segue habendo moitos estereotipos sexistas. Hay un uso desigual dos espazos: os nenos ocupan máis espazo físico que as nenas no patio, especialmente cando xogan ao fútbol. Hai un porcentaxe de alumnas que tamen xogan a este deporte, pero acostuma ser moi pequeno.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades ente mulleres e homes.

- Difundir os obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Educar en igualdade alonxándonos de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de sexo.
- Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- Potenciar o uso dunha linguaxe inclusiva tanto nos documentos de comunicación interna como externa do centro escolar.
- Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa do centro educativo.
- Asegurar a presenza da coeducación como marca de identidade do Proxecto educativo.
- Asegurar a presenza de obxectivos coeducativos concretos no Plan de convivencia.
- Asegurar a presenza de obxectivos coeducativos concretos no Plan de acción tutorial.
- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na nosa práctica docente a través da realización de actividades.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Concretar os obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.
- Substituír estereotipos por imaxes reais nos que homes e mulleres sexan valorados en igualdade.
- Fomentar actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGBTIfobia...).
- Realizar actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI)
- Fomentar o uso de materiais didácticos que non presenten linguaxe, contido e/ou imaxes sexistas propondo alternativas cando se detecten elementos deste tipo.

- Conseguir a colaboración das familias co centro para unha educación en equidade.

4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Sensibilizar a comunidade educativa en materia de violencia de xénero para coñecer as características e dimensións desta problemática.
- Dedicar especial atención a prevención da violencia de xénero, a igualdade e a non discriminación nas normas de organización, funcionamento e convivencia. Fomentar formas de estar e convivir baseadas no respecto, o diálogo e o coidado
- Traballar na prevención de situacións de violencia.
- Activar protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias a convivencia por razón de xénero
- Actuar nas situacións de acoso e violencia de xénero.
- Implicar as familias na participación de accións colectivas para previr a violencia.

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial atención ao reconecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autoconecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.
- Educar en igualdade apartándonos de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de orientación sexual.
- Realizar actuacións formativas dirixidas as familias, relacionadas coa diversidade sexual, facendo especial referencia ao coñecemento da realidade transexual.
- Fomentar a dispoñibilidade nas bibliotecas dos centros educativos dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade sexual, que se adecuen a finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.
- Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo

4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

- Garantir o respecto as manifestacións LGTBI que se realicen no ámbito educativo e o libre desenvolvemento da personalidade das persoas, conforme a súa identidade e/ou orientación.

- Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
- Previr actitudes ou comportamentos LGTBIfobicos que impliquen prejuizos e discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

5.1 Organización do Centro.

Destinatarios	Responsables	Procedementos
Comunidade Educativa	Equipo Directivo DO	Incluir as novidades legais nos distintos documentos do centro.
Comunidade Educativa	Equipo Directivo DO	Integrar a perspectiva de igualdade na PXA e todos os proxectos que a compoñen
Comunidade Educativa	Equipo Directivo Claustro Consello Escolar	Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias)
Comunidade Educativa	Equipo Directivo	Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de Igualdade.
Comunidade Educativa	Equipo Directivo Claustro	Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
Comunidade Educativa	Equipo Directivo Claustro	Promover a participación do centro no Plan Director dirixido aos alumnos, familias e profesorado

Comunidade Educativa	Equipo Directivo Consello Escolar Comision de Convivencia e Igualdade	Promover o emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
Comunidade Educativa	Equipo Directivo Niveis DO CCP	Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI..)
Comunidade Educativa	Equipo Directivo Claustro Niveis CCP DO	Promover a creacion da comision de convivencia e igualdade de xénero que se reuniran de forma trimestral coa persoa coordinadora do plan, constituíndose como axentes da convivencia e igualdade do centro.
Comunidade Educativa	Equipo Directivo Claustro ANPA Consello Escolar	Potenciar a participacion e colaboracion das familias, ANPA e a comunidade educativa na defensa da igualdade.

5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

Destinatarios	Responsables	Procedementos
Alumnado	Xefatura de Estudos (XE) Profesorado titor e especialista Niveis CCP DO	Revisar as programacions didacticas e a practica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os deberes asociados tradicionalmente as mulleres, as desigualdaes de xénero para

		para completar a historia da humanidade...
Alumnado	Xefatura de Estudos (XE) Profesor titor e especialista Niveis CCP Departamento de orientación	Revisar o material didactico empregado na aula (valores, normas, representacions, seleccion dos contidos, das personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
Alumnado	Profesorado titor e especialista Niveis CCP Departamento de orientacion	Realizar actividades de sensibilizacion na aula.
Familia	Equipo Directivo Profesorado titor e especialista Niveis CCP Departamento de orientación ANPA	Realizar actividades de informacion e sensibilizacion coas familias

5.3 Xestión de espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

Destinatarios	Responsables	Procedementos
Comunidade educativa	Equipo Directivo Persoa responsable en materia de igualdade Coordinador/a actividades extraescolares	Difundir informacion a traves dun taboleiro no centro.

Alumnado Familias	Equipo Directivo Niveis Equipo da Biblioteca	Promover lecturas coeducativas a traves da biblioteca escolar.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro	Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto a diversidade sexual e de xénero.
Alumnado	Equipo Directivo Claustro	Promover a cooperacion nos espazos tecnoloxicos.
Alumnado	Claustro Niveis CCP DO	Promover a prevencion ante a discriminacion por razon de sexo, xenero ou orientacion sexual dende o ambito da orientacion educativa e vocacional
Alumnado	Claustro Niveis CCP DO	Promover a prevencion ante a discriminacion por razon de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
Comunidade educativa	Claustro Niveis CCP DO	Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara a igualdade real

5.4 Inclusión de valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

Destinatarios	Responsables	Procedemento
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Familias Persoal non docente	Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.

Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro	Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Familias Persoal non docente	Promover o respecto cara a diversidade sexual e de xenero.
Alumnado	Equipo Directivo Claustro	Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
Alumnado Familias	Equipo Directivo Claustro Familias	Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Familias Persoal non docente	Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

5. Seguimiento e avaliación

A dirección do centro garantira a participación na avaliación do plan de igualdade de todos os sectores da comunidade educativa, e a través de mecanismos de coordinación e colaboración descritos.

Recollerase a información, mediante os instrumentos de avaliación elixidos, sobre o diagnóstico do centro, o funcionamento do plan, valorando os avances nesta materia coa maior obxectividade posible. Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

A CCP realizará unha avaliación do cumprimento do plan e trasladarase a información ao Claustro e ao Consello Escolar.

A **avaliación** do plan realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de implantación e consecución dos obxectivos.
- Coordinación e implicación do Plan de igualdade noutros documentos do centro.

- Actuacións e grao de participación da comunidade educativa.
- Participación e implicación do alumnado.
- Participación e implicación do profesorado.
- Valoración da dinámica dos grupos en relación a se estivo libre de sesgos

sexistas.

- Valoración da utilización de recursos didácticos e dunha linguaxe integradora con ambos sexos e libre de prexuízos.

- Valoración dos resultados.
- Conclusións e propostas de mellora.
- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Documentación elaborada.

Os **instrumentos de avaliación** utilizados serán:

En canto a recollida de información:

- Observación
- Sesións de avaliación
- Reunión se ciclo, Claustro, CCP, DO, Consello Escolar, etc
- Debates na aula co alumnado

En canto ao funcionamento do plan:

- Observación directa
- Fichas de avaliación das actividades extraescolares
- Cuestionarios para o profesorado, alumnado, familias e persoal non docente
- Rexistros do cumprimento do plan
- Memorias do centro.

O Equipo Directivo levará a cabo o control e seguimento do plan e coordinará as actuacións do Equipo Directivo cos Mestres de cada nivel, co Departamento de Orientación, coa Anpa e o Consello Escolar.

Ademais realizarase unha revisión anual do Plan ao comezo de cada curso escolar, para analizar a evolución e o clima do centro, incorporando posibles propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior, procedéndose así a súa actualización.

Esta revisión será aprobada polo Consello Escolar e incluída no Proxecto Educativo do Centro e na PXA.

Despois da aprobacion e difusion do Plan no Claustro e no Consello Escolar procederase a súa difusión traves dos medios posibles: charlas, reunións de comezo de curso co profesorado e coas familias , paxina web do centro....

O Equipo Directivo

A directora



Mª Belén Mejuto Torreiro



A secretaria



Mª Dolores Gómez Neira

A xefa de estudos



Monica Vilariño Fociños




CONCRECIÓN
PLAN XERAL



ATENCIÓN Á



DIVERSIDADE



CEIP MESTRE PASTOR BARRAL



Plan Xeral de Atención á Diversidade, tal e como recolle o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación “*é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado*”.

Deste xeito o Plan Xeral de Atención á Diversidade vai dirixido fundamentalmente ao alumnado que presenta **Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE)** definidas estas como:

“aqueles que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren:

- a) Necesidades educativas especiais: discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe.*
- b) Atraso madurativo.*
- c) Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación.*
- d) Trastornos de atención ou de aprendizaxe.*
- e) Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.*
- f) Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa.*
- g) Altas capacidades intelectuais.*
- h) Incorporación tardía ao sistema educativo.*
- i) Condicións persoais ou de historia escolar.”*

En consecuencia, considerando a normativa citada e as características e recursos deste centro, elabórase este Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), co norte permanente de que a diversidade é un valor, ademais dunha realidade, e a súa atención educativa, un dereito.

1. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A identificación e valoración das necesidades do noso alumnado é fundamental para poder deseñar as medidas de atención a diversidade máis axeitadas para dar resposta.

O Decreto 229/2011, citado anteriormente define atención á diversidade como:

“O conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.”

A detección e valoración das necesidades realízase fundamentalmente mediante as seguintes actuacións:

- Observación directa.
- Detección de sinais de alerta.
- Resultados das avaliacións iniciais.
- Informes previos.
- Sesións de avaliación trimestrais.
- Avaliación final.
- Avaliación psicopedagóxica individual.

Tal e como sinala a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a **avaliación inicial** constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, tendo por finalidade adaptar as ensinanzas á alumno ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

Os resultados da avaliación inicial servirán de referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos que sexa necesario, para demandar á xefatura do departamento de orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

No caso do alumnado que se incorpore ao 2º ciclo de Educación Infantil a avaliación inicial considérase fundamental e será realizada polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor e recollerá información achegada pola familia do alumnado e incluírá, de ser o caso, información procedente da etapa anterior.

A avaliación inicial permite reunir toda a información do desenvolvemento académico do alumnado e a avaliación dos coñecementos previos nas diferentes áreas curriculares permitíndonos:

- Coñecer ao alumnado de cada grupo e o seu nivel de competencia curricular.
- Coñecer as características do grupo-aula.
- Coñecer e tomar decisións respecto do alumnado que manifeste dificultade de aprendizaxe e precise de medidas de atención á diversidade.

A avaliación inicial, levada a cabo polos/as titores/as e os especialistas ao inicio do curso escolar, será o punto de partida para deseñar as medidas de atención á diversidade máis axeitada e que mellor resposta dean a cada caso en concreto.

Cada curso escolar incorporase ao centro novo alumnado que pode presentar Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), unha detección temperá destas, fan mais efectiva a resposta educativa que se proporcione, contribuíndo a aumentar as posibilidades de éxito deste alumnado.

Durante o curso manteranse reunións co profesorado titor/a para intercambiar información sobre o alumnado con NEAE escolarizado no seu grupo clase, así como outro alumnado no que poidan detectarse novas necesidades.

2. OBXECTIVOS

- a) Adecuar o desenvolvemento da acción educativa á diversidade do alumnado.
- b) Planificar e organizar os apoios para axustalos ás necesidades.
- c) Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- d) Favorecer o desenvolvemento integral en coñecementos, destrezas e valores do alumnado, colaborando e apoiando ao centro e ás familias no ámbito psicopedagóxico e social nas etapas de Educación Infantil e Primaria para a formación de alumnos competentes.
- e) Personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe para adaptarse aos requirimentos e características de cada alumno/a.
- f) Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- g) Establecer criterios pedagóxicos que orienten a adopción de decisións respecto do alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo.
- h) Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.
- i) Desenvolver procesos de atención á diversidade que axuden ao alumnado a conseguir, como mínimo, os obxectivos propostos para o final de cada etapa, ofrecendo actividades e estratexias que favorezan a súa aprendizaxe e evolución.
- j) Colaborar coas titorías na mellora da calidade educativa e na avaliación e ensino do alumnado en xeral.
- k) Dar resposta ás necesidades do conxunto do alumnado do centro.
- l) Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá de necesidades.

- m) Adquirir, por parte de todos, unha actitude de respecto pola diversidade de opinións, motivacións, intereses...
- n) Garantir a actuación coordinada do profesorado de apoio, tutores, profesorado especialista e persoal coidador para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- o) Promover a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- p) Potenciar no alumnado a adquisición de hábitos de estudo e esforzo como base para o seu progreso intelectual e persoal.
- q) Optimizar o uso dos recursos do centro na procura da mellora da eficiencia e calidade dos procesos educativos.
- r) Fomentar a participación de todo o equipo docente na elaboración e aplicación do Plan de Atención á Diversidade.
- s) Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abarca desde a prevención ata a intervención directa. Isto implica que as medidas de atención a diversidade non están ligadas de xeito permanente a un/unha alumno/a, senón que pode precisar ao longo da súa escolarización distintos tipos de medidas.

O *Decreto 229/2011, do 7 de decembro* recolle no seu artigo 7 a definición de medidas de atención á diversidade:

“Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado”.

As medidas de atención a diversidade clasifícanse en ordinarias e extraordinarias.

a) Medidas Ordinarias:

As medidas de atención á diversidade de carácter ordinario defínense no artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro como:

“Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.”

Entre outras, considéranse ordinarias as seguintes:

- a) Realizar unha avaliación inicial ao comezo de curso.
- b) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos...) e da organización e xestión da aulas ás características do alumnado.
- c) Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- d) Establecer os obxectivos e contidos mínimos de nivel e de cada unidade didáctica.
- e) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titorías entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promoven a inclusión.
- f) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- g) Aulas de atención educativa e convivencia.
- h) Reforzo educativo e apoio ao profesorado con dispoñibilidade horaria.
- i) Programas de enriquecemento curricular.
- j) Plan específico de reforzo para alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso
- k) Programa de habilidades e competencias sociais.

b) Medidas extraordinarias

As medidas de atención á diversidade de carácter extraordinario defínense no artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro como:

"Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado co necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Son medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

- a. Atención educativa domiciliaria.
- b. Atención educativa hospitalaria.
- c. Atención educativa virtual.
- f) Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro:
 - a. Grupos de adquisición das linguas.
 - b. Grupos de adaptación da competencia curricular.

4. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado é o criterio fundamental que adoptamos a fin de facilitar o logro dos obxectivos establecidos para cada etapa.

O Departamento de Orientación é o encargado de determinar a prioridade das demandas en función das características e particularidade de cada caso, determinando así a medida máis axeitada.

É importante sinalar que o apoios por parte das mestras especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe son unha medida extraordinaria, polo que deben esgotarse previamente medidas máis normalizadoras de carácter ordinario.

Os apoios atendidos polo profesorado especialista en PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA dirixíranse fundamentalmente a contribuír á adquisición das aprendizaxes nas áreas instrumentais: lingua castelá, lingua galega e matemáticas.

No caso dos apoios atendidos polo profesorado especialista en AUDICIÓN E LINGUAXE dirixíranse fundamentalmente a un correcto e axeitado desenvolvemento da competencia lingüística.

O apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe terán lugar fóra da aula ordinaria cando:

- a) O alumnado con Necesidades Específica de Apoio Educativo precise unha resposta educativa específica e individualizada que imposibilite que esta sexa levada a cabo dentro da mesma.
- b) Alumnado de audición e linguaxe.
- c) Alumnado de distintas aulas agrupados nunha mesma sesión.

- d) Alumnado con descoñecemento das súas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Alumnado que presente un desfase curricular considerable que imposibilite o dominio de técnicas instrumentais básicas

En ningún caso, os apoios específicos realizados fóra da aula ordinaria excederán a terceira parte da xornada escolar.

O alumnado a atender e o tempo de atención a este, sempre que non se poidan satisfacer todas as necesidades, rexeranse polos seguintes **criterios prioritarios de intervención:**

PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:

1. Alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) derivadas de:
 - a. Discapacidade: intelectual, motora, sensorial (visual e/ou auditiva).
 - b. Trastorno do espectro autista (TEA).
 - c. Trastornos graves de conduta.
 - d. Trastornos graves de comunicación e da linguaxe.
2. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) que sexa obxecto dunha Adaptación Curricular.
3. Outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE), que conte con informe psicopedagóxico no que recolla a necesidade de dita medida.
4. Alumnado que xa viñesen recibindo esta atención en cursos anteriores SEMPRE E CANDO NON APAREZAN CASOS DE MAIOR NECESIDADE.

PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA RESPONSABLE DA UNIDADE DE EDUCACIÓN ESPECIAL:

1. Alumnado con necesidades educativas especiais (nee) que se atope escolarizado na unidade de educación especial.
2. Alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) derivadas de:
 - a. Discapacidade: intelectual, motora, sensorial (visual e/ou auditiva).
 - b. Trastorno do espectro autista (TEA).
 - c. Trastornos graves de conduta.
 - d. Trastornos graves de comunicación e da linguaxe.
3. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) que sexa obxecto dunha Adaptación Curricular.
4. Outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE), que conte con informe psicopedagóxico no que recolla a necesidade de dita medida.

PROFESORADO ESPECIALISTA EN AUDIÇÃO E LINGUAXE:

1. Alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) derivadas de:
 - a. Discapacidade: intelectual, motora, sensorial (visual e/ou auditiva).
 - b. Trastorno do espectro autista (TEA).
 - c. Trastornos graves de conduta.
 - d. Trastornos graves de comunicación e da linguaxe.
2. Alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo (NEAE) que contén con informe psicopedagóxico que presente trastornos da linguaxe (*TEL, Trastorno de la comunicación social, trastorno de la comunicación no especificado*)
3. Alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo (NEAE) que contén con informe psicopedagóxico, por presentar TRASTORNOS ESPECÍFICOS DE APRENDIZAXE:
 - a. Trastorno de aprendizaxe con dificultades na lectura (DISLEXIA).
 - b. Trastorno de aprendizaxe con dificultade na expresión escrita (DISLEXIA)(DISGRAFIA E DISORTOGRAFÍA).
4. Alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo (NEAE) que conte cun informe da linguaxe no que se recolla a necesidade de estimulación para a adquisición e desenvolvemento da linguaxe oral: Retraso Simple da Linguaxe.
5. Alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo (NEAE) que conte cun informe da linguaxe por presentar un trastorno fonolóxico (trastorno da comunicación).
Estas NON serán intervidas ata 6º de educación infantil e tendo sempre en conta a dispoñibilidade horaria do especialista.

A organización destes apoios será aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso escolar.

As modalidades de atención ao alumnado serán as seguintes:

1. Atención individualizada do/a alumno/a polo profesorado titor por precisar un apoio de carácter puntual sen precisar da intervención directa doutro/a profesor/a ou especialista.
2. Apoios temporais dentro da aula: atención por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria que intervén na aula atendendo a un/unha alumno/a en concreto.
3. Atención especializada por parte do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe: recurso dirixido especialmente a alumnado con NEE.

ORGANIZACIÓN DOS APOIOS:

- A intervención do profesorado especialista en PEDAGOXIA TERAPÉUTICA e/ou AUDICIÓN E LINGUAXE sempre irá precedida da valoración por parte do DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.
 - A familia do alumnado obxecto desta medida será informada polo/a titor/a do/a alumno/a e asinarán un documento amosando a súa conformidade ou desconformidade coa aplicación desta. Aquel alumnado que non conte con autorización non será atendido.
 - No caso de alumnado que conte con Adaptación Curricular, nalgunha ou todas ás áreas, traballarase segundo o disposto en dito documento.
 - Os apoios impartiranse preferentemente:
 1. Áreas instrumentais: Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas.
 2. Áreas das ciencias: Ciencias Sociais e Ciencias Naturais.
 3. Evitarase que o alumnado saia nas especialidades (relixión/proxecto competencias, inglés, música e educación física) salvo casos debidamente xustificadas.
- O alumnado escolarizado en modalidade distinta da ordinaria, participará en todas as actividades complementarias e extraescolares da aula ordinaria e asistirá ás especialidades: Música, Educación Física, Plástica, etc
- A atención aos/ás alumnos/as fóra da aula ordinaria deberá compatibilizarse nas áreas obxecto de apoio coa presenza do/a alumno/a dentro desta có profesorado que as imparte. Sendo este último o responsable da avaliación do/a alumno/a.
- É responsabilidade do profesorado titor realizar as modificacións pertinentes do horario de aula para que o alumnado se ausente nas áreas instrumentais evitando a ausencia sempre na mesma materia.

5. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Acadar o éxito no proceso de atención a diversidade implica a coordinación e cooperación de todos e todas os membros do equipo docente, esgotando en primeiro lugar as posibilidades dun determinado nivel, antes de pasar ao seguinte. Do mesmo xeito esgotaranse sempre en primeiro lugar as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario antes de pasar ás de carácter extraordinario.

Para iso empregaranse as seguintes medidas:

1. PROFESORADO TITOR/A

O profesorado titor/a é unha figura de referencia para a totalidade de todo o alumnado do seu grupo-clase. Este/a actuará ademais como coordinador do profesorado que traballa con ese grupo e será o vínculo máis estable coas familias.

Serán polo tanto funcións do titor/a:

- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación de xefatura de estudos e a colaboración do Departamento de Orientación.
- Realizar a avaliación inicial ao comezo de curso, co fin de establecer o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo.
- Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica.
- Atender ás necesidades do alumnado do seu grupo-clase.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo.
- Fomentar a participación de todo o seu alumnado nas actividades de centro.
- Coordinar o proceso de avaliación do seu alumnado.
- Informar ás familias e ao resto do profesorado do alumnado con NEAE sobre todo aquilo que lles concirna en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

2. COORDINACIÓN DO EQUIPO DOCENTE

O equipo docente que imparta docencia nun grupo manterán intercambios de información co profesorado titor/a e coa colaboración do Departamento de Orientación (de ser necesaria) para:

- Establecer criterios comúns de actuación.
- Analizar as necesidades educativas do grupo e cada alumno/a en particular.
- Facer un posta en común das informacións que cada un/unha poida ter do grupo-clase.
- Facer unha posta en común dos resultados da avaliación inicial.
- Introducir acordos e prioridades nas distintas programacións.

3. XUNTAS DE AVALIACIÓN

Permitirán facer unha posta en común, coordinada polo respectivo titor/a, do Equipo Docente para analizar o proceso de ensino-aprendizaxe e, a partir dos datos recollidos:

- Tomar decisións conxuntas.
- Realizar o seguimento do proceso de todo o grupo e de cada alumno/a,
- Estimar o grao de competencia do alumnado.

- Valorar o progreso de cada alumno/a e establecer as medidas a adoptar e/ou a eficacia das xa adoptadas.
- Avaliar a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás necesidades do alumnado.
- Detectar posibles novas necesidades no grupo-clase.

4. ACCIÓN TITORIAL:

Poñer en práctica as actuacións (alumnado, profesorado e familias) que recolle o Plan de Acción Titorial coa colaboración do Departamento de Orientación e coa coordinación da Xefatura de Estudos como medida que axuda á personalización e individualización do proceso de ensino-aprendizaxe en cada alumno/a.

5. PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE:

O profesorado de apoio (PT, AL...) manterá reunións de coordinación coa xefa do departamento de orientación do centro para planificar e facer seguimento de todos os apoios específicos. É importante que tamén manteña contactos sistemáticos cos respectivos titores/as para o seguimento da evolución do alumnado no que interveñen. A súa intervención coas familias será indirecta, xa que case sempre se canalizarán a través do titor/a correspondente.

6. ORIENTADOR/A:

É responsable da avaliación psicopedagóxica e da toma de decisións que se leven a cabo. Unha vez se poña en marcha a medida de atención á diversidade decidida, que preferiblemente debe ser consensuada co Equipo Docente, o seu papel será, especialmente, o de coordinar todo o proceso e a todos e todas os implicados.

De maneira máis específica sinalamos:

- Servir de apoio tanto ao Equipo Directivo como ao Claustro, alumnado e familias.
- Coordinar a atención ao alumnado con NEAE xunto co xefe/a de estudos e o profesorado de apoio.
- Coordinar a planificación e desenvolvemento das actividades de orientación a través do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación.
- Colaborar na prevención e detección de problemas de aprendizaxe.

- Participar na planificación e desenvolvemento das medidas específicas co alumnado que o precise.
- Colaborar cos titores/as na toma de decisións de promoción final de curso.
- Coordinar a avaliación psicopedagóxica do alumnado que o precise, realizando os informes pertinentes.
- Solicitar a intervención do Equipo de Orientación Específico cando sexa preciso.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

Para establecer as coordinacións precisas levaranse a cabo as distintas reunións para potenciar a participación e colaboración de todos os axentes implicados/as:

- a) Reunións de ciclo en Educación Infantil.
- b) Reunións de nivel en Educación Primaria.
- c) Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- d) Reunións do Departamento de Orientación.
- e) Reunións da orientadora co profesorado de apoio.
- f) Reunións da orientadora co profesorado titor/a.
- g) Reunións do Claustro de profesorado.
- h) Reunións do Consello Escolar.

Ademais garántese a coordinación entre etapas a través de reunións co Departamento de Orientación do IES de Melide, centro ao que estamos adscrito e ao que acudirá o noso alumnado ao rematar a etapa de Educación Primaria.

8. LIÑAS DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS, TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Facilitaremos a coordinación e o intercambio de información coas familias a través de:

- Reunións de tutoría grupais coas familias.
- Atención ás familias en horario de 16:00 a 17:00 horas.
- Circulares informativas de centro e/ou tutoría.
- Notificación a través de Abalar.

O centro potenciará tamén a necesaria colaboración con servizos externos como: EOE, Inspección educativa, Servizos Sanitarios, Servizos Sociais, Atención Temperá, etc.

9. PROTOCOLOS PARA SOLICITAR E/OU AUTORIZAR MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Para determinar a necesidade de solicitar unha medida extraordinaria de atención á diversidade (recollidas no punto 3) seguirase o proceso que se recolle a continuación:

INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

a) Detección das necesidades educativas do/a alumno/a por parte do/a titor/a e/ou familia.

FAMILIA: No caso de que a detección sexa por parte desta, poñeranse en contacto co profesorado titor/a do/a alumno/a a través dunha titoría.

b) O/A titor/a cubrirá o cuestionario de demanda de intervención do Departamento de Orientación.

c) O/A titor/a informará á familia da necesidade da avaliación psicopedagóxica do/a seu/súa fillo/a.

Previamente a calquera actuación a familia firmará a súa conformidade ou desconformidade coa solicitude de avaliación, así como estar informados da mesma.

d) Realización da avaliación psicopedagóxica e correspondente informe por parte da xefatura do departamento de orientación.

e) O profesorado e a familia do alumnado serán informados dos resultados da mesma, así como das medidas propostas.

Tal e como recolle a *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia*, no seu artigo 23:

“No caso de que as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado demanden copia do informe psicopedagóxico, deberán solicitalo por escrito á dirección do centro docente. O centro docente facilitaralles copia do informe solicitado; esa entrega consignarase no rexistro oficial de saída do centro e deixarase constancia escrita da recepción por parte da persoa solicitante no expediente da alumna ou do alumno”.

f) O informe psicopedagóxico forma parte do expediente do/a alumno/a en cuestión, arquivándose o orixinal ou unha copia auténtica do mesmo no seu expediente escolar.

É importante sinalar que en ocasións, o proceso de avaliación psicopedagóxica realízase de xeito coordinado cos profesionais sanitarios. É moi frecuente que os resultados da avaliación psicopedagóxica detecten indicios dun posible trastorno ou dificultade que debe ser abordado desde a área sanitaria.

As demandas ao Departamento de Orientación realízanse unha vez esgotadas as medidas levadas a cabo polo titor/a.

APOIO POR PARTE DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU AUDICIÓN E LINGUAXE.

- a) Solicitude de apoio por parte do profesorado ao departamento de orientación.
- b) Proposta de apoio por parte do departamento de orientación. Débese ter en conta que é un recurso para alumnado que presenta necesidade educativas especiais e alumnado que presente outras necesidades específicas de apoio educativo, polo que necesitan de informe do departamento de orientación.
- c) Información ás familias da pertinencia de adoptar dita medida.
- d) Autorización na que á familia do/a alumno/a amosa a conformidade coa aplicación da medida.

ADAPTACIÓN CURRICULAR.

- a) Realización da avaliación psicopedagóxica do/a alumno/a e elaboración do posterior informe psicopedagóxico.
- b) Reunión coordinada pola xefatura de estudos na que asistirán o equipo docente do/a alumno/a e a xefatura do departamento de orientación na que se decidirá a pertinencia da aplicación deste medida. Redactarase unha acta de dita reunión que será custodiada na xefatura do departamento de orientación.
- c) Informar á familia desta medida. A familia asinará a conformidade de estar informados da realización da Adaptación Curricular.
- d) Elaboración das adaptacións das diferentes áreas por parte do profesorado que a imparta, contando co asesoramento do departamento de orientación se fose preciso.
- e) A xefatura do departamento de orientación conforma o expediente da adaptación e xuntaráselle copia da acta da reunión na que se decidiu realizar a adaptación curricular.
- f) A dirección do centro envía o expediente de Adaptación Curricular ao servizo de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización.
- g) Formarán parte do expediente do/a alumno/a unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.

FLEXIBILIZACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN EN ED. INFANTIL E ED. PRIMARIA.

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 58:

“Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais.”

- a) Informe do profesorado titor, oído o equipo docente e a xefatura do departamento de orientación, no cal se xustifique a necesidade de dita medida.
- b) Conformidade expresa das familias do/a alumno/a.
- c) Informe psicopedagóxico do Departamento de Orientación.
- d) Copia do historial académico ou informe persoal do/a alumno/a. Na súa ausencia certificación académica.
- e) Proposta de adaptación ao currículo.
- f) Informe de inspección educativa.
- g) Solicitude á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a quen corresponde a flexibilización.

10. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro. Deste xeito o Plan de Atención á Diversidade estará suxeito a un proceso continuo de seguimento e avaliación de tal forma que, anualmente, se establezan as modificacións e áreas de mellora pertinentes para axustar a resposta educativa ás necesidades do propio centro e do alumnado que nel se atopan escolarizado.

En Melide, 26 de setembro de 2023

A xefa do departamento de orientación



Asdo: Miriam Blanco Rodríguez

PLAN ANUAL DE LECTURA

2023/2024

CEIP MESTRE PASTOR BARRAL

ÍNDICE

1. FUNDAMENTACIÓN	3
2. OBXECTIVOS	3
3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.....	6
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.....	7
5. SECCIÓNS (BIBLIOTECAS DE AULA).....	8
6. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS	9
6.1. ACTIVIDADES NA HORA DE LER	9
6.2.- BOLSAS/MOCHILAS VIAXEIRAS E SESIÓNS DE LECTURA COMPARTIDA	10
6.3. CLUBS DE LECTURA	10
7. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA	10
8. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:	12
8.1. PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS.....	14
8.2.- PROGRAMAS DE FORMACIÓN DE USUARIOS.	14
8.3. ACTIVIDADES PUNTAIS: OBRADOIROS, EXPOSICIÓNS, CONCURSOS, ENCONTROS CON AUTORES, CELEBRACIÓNS (DÍA DA BIBLIOTECA ESCOLAR, DÍA DO LIBRO, DÍA DA PAZ, 8 DE MARZO, SEMANA DA PRENSA, DÍA DAS LETRAS GALEGAS, ...).....	14
9. RECURSOS E MATERIAIS	16
10. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.	16
11. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	16

1. FUNDAMENTACIÓN

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no artigo 33 a obriga de que os centros contén cunha biblioteca escolar como instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

O Proxecto Lector será a referencia para a elaboración do Plan Anual de Lectura (PAL), un documento a curto prazo, que concreta obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro (PLC) nun curso escolar concreto, e que estará incluído na Programación Xeral Anual do Centro.

O presente PAL contribuirá a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e niveis de Educación Infantil e Primaria que apoien a adquisición das competencias clave e posibilitando o acceso igualitario aos bens culturais, independentemente do estrato económico e cultural de procedencia.

Por outra banda, a través de dito Plan incidirase no logro dos obxectivos 2030 de equidade, calidade, dixitalización e inclusión.

2. OBXECTIVOS

A **finalidade principal** do PAL consiste en lograr que as alumnas e os alumnos sexan lectores competentes.

Os **obxectivos xerais** do Plan Anual de Lectura son os seguintes:

- Fomentar o uso da biblioteca escolar.
- Continuar actualizando a sección da biblioteca no blog dentro da web do centro.
- Potenciar unha biblioteca que dote ao alumnado das destrezas necesarias para a consulta eficaz das distintas fontes informativas, a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.
- Converter a nosa biblioteca nun espazo privilexiado para o achegamento aos textos literarios e informativos, en diferentes formatos e que favoreza pouco a pouco o hábito lector.
- Facer da biblioteca un lugar de encontro, comunicación, lecer e centro de recursos para a aprendizaxe ampliando as posibilidades de uso pedagóxico da biblioteca escolar.

- Facer da nosa biblioteca un espazo de aprendizaxe por proxectos e con propostas de carácter interdisciplinario, favorecendo así o desenvolvemento das competencias clave.
- Facer que a nosa biblioteca sexa cada vez máis inclusiva, que dea resposta ás necesidades de todo o alumnado no que se refire á accesibilidade, aos recursos dispoñibles a través da colección física ou virtual, aos equipamentos e ás actividades propostas.
- Organizar e sinalizar os recursos de modo que sexan facilmente accesibles e localizables para todos os usuarios.
- Continuar o proceso de expurgo e catalogación a través da nova CDU (autobuses) tanto dos fondos xa presentes na biblioteca como dos localizados noutras dependencias.
- Continuar coa ampliación e singularización dos fondos que permitan a análise e o coñecemento das desigualdades de xénero e contribúan á superación das mesmas.
- Ofrecer diversidade de fondos, documentos, audiolibros, CD-roms, eBooks, cine, música...
- Equilibrar os fondos das distintas seccións da biblioteca, tanto temáticos (áreas de coñecemento) como no tipo de soporte (vídeos, discos, xogos didácticos, etc.).
- Propoñer videoxogos educativos en acceso libre coa pantalla dixital.
- Contribuír ao fomento da lectura, facilitando ao alumnado o acceso á información e a todo tipo de recursos para a aprendizaxe de áreas e materias, e a adquisición das competencias. Promover o uso cotiá da mesma.
- Promover o coñecemento dos fondos por distintos medios: exposicións, blogs, taboleiros de anuncios, guías de lectura, exposicións temáticas ou de novidades, etc.
- Favorecer a aprendizaxe autónoma.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- Contribuír á superación das desigualdades sociais no eido educativo: capacidade, xénero, económicas, raciais, etc.
- Continuar ampliando a colección específica de recursos para atención ao alumnado con ACNEAE e ACNEE.

- Lograr que as/os alumnas/os valoren a importancia de coidar e conservar os libros.
- Desenvolver un Plan de Formación de Usuarios cun conxunto de actividades adaptadas ás distintas etapas educativas e á diversidade do alumnado.
- Animar ao alumnado para formar un grupo de voluntarios na biblioteca.
- Iniciar os clubs de lectura.
- Crear un recuncho especial para os libros asinados polo/a seu/súa autor/a.
- Organizar un recuncho de ciencia.
- Ampliar o novo espazo no recreo: a biblioteca no patio.
- Estudarase a posibilidade e necesidade de subscribirse a unha revista e/ou xornal infantil.
- Fomentar a participación do profesorado no uso da biblioteca como centro de documentación e recursos ao servizo de toda a comunidade educativa.
- Empregar o buzón de suxerencias para recibir as propostas de compra, do profesorado e do alumnado.
- Participar nas diferentes actividades e conmemoracións programadas no colexio e no Concello que sexan de interese.
- Establecer os criterios e mecanismos de avaliación do funcionamento da biblioteca partindo dunha avaliación inicial.

Os **obxectivos** que nos formulamos en canto á lectura e ao tempo diario de lectura son:

- Mellorar a expresión oral.
- Desenvolver estratexias para ler coa fluidez e a entoación adecuadas.
- Ler de forma comprensiva e expresiva.
- Ler de forma autónoma e con asiduidade.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade: contos, narrativos, expositivos, científicos, periodísticos, interactivos, etc.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario
- Empregar a lectura como medio para fixar a ortografía correcta.
- Utilizar a lectura comprensiva como ferramenta para obter información de distintas fontes.

- Acceder ao descubrimento doutros mundos tanto en sentido físico como de pensamento.
- Desenvolver habilidades de lectura crítica e interpretativa.
- Establecer, a través da escritura, unha vía de diálogo con outros lectores.
- Participar de forma activa na dinámica do centro.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación como fonte de consulta e como medios de expresión.

Os **obxectivos** a conseguir co hábito lector en relación **ao centro escolar e ao equipo docente**:

- Participar na elaboración de lecturas e actividades de comprensión lectora para o seu nivel.
- Potenciar a integración da lectura e actividades de comprensión na dinámica da clase.
- Fomentar o hábito de lectura diaria e a afección á lectura como un ben cultural en si mesmo e en tempo de lecer.
- Facilitar a través da formación unha mellora no coñecemento das habilidades lectoras e das estratexias de ensino máis adecuadas para levala á práctica.
- Potenciar un novo estilo docente ofrecendo recursos alternativos ao libro de texto e ampliando as vías de acceso á información e o coñecemento.

Os **obxectivos** a conseguir en relación ás **familias** son:

- Favorecer que as nais e os pais se convertan en modelos de bos lectores e contribúan a estimular a lectura das/os súas/seus fillas/os no tempo de lecer.
- Fomentar o uso e aprecio das nais e pais da biblioteca como centro de documentación e lugar de formación.
- Promover a participación das familias nas actividades organizadas dende a biblioteca escolar.

3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

A biblioteca dispón dun horario onde cada titoría pode realizar o empréstito e devolución dos fondos ademais doutras actividades que o profesorado considere oportuno.

Cando coincida no horario a titoría cun membro do equipo da biblioteca será este quen realice o empréstimo e devolución, de non suceder isto será @ propio titor/a quen o efectúe.

Nos recreos sempre haberá un membro do equipo na biblioteca para que o alumnado poida gozar deste espazo sempre e cando cumpra as normas do servizo.

A biblioteca abrirá pola tarde para a comunidade educativa de martes a venres.

O horario é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:05-10:00	Malena	(1º E.P.)			
10:00-10:55				Mª Elvira	Mª Socorro
10:55-11:50	(5º E.I.)	Natalia (6º E.I.)	Miriam	Auria	(4º E.I.)
11:50-12:20	RECREO (Mª Socorro)	RECREO (Natalia)	RECREO (Mª Socorro)	RECREO (Mª Elvira)	RECREO (Auria)
12:20-13:15	(3º E.P.)	Auria	(2º E.P.)	(5º E.P.)	
13:15-14:05				Auria (6º E.P.)	(4º E.P.)
	T	A	R	D	E
16:00-18:00		Quendas entre o profesorado do centro.			

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO

No presente curso continuaremos coa adquisición de fondos bibliográficos e audiovisuais, catalogación dos mesmos mediante o programa Meiga, facilitado pola Xunta de Galicia, e a reorganización dos fondos para unha mellor localización e uso dos mesmos. Ademais, continuaremos coa CDU (autobuses) para a clasificación dos fondos.

Co fin de abrir a biblioteca ás novas tendencias sociais e configurarse como centros creativos de construción do coñecemento así como para atraer á cultura e ao mundo do coñecemento ao alumnado en risco de exclusión, integraremos os videoxogos educativos en acceso libre coa pantalla dixital.

Ademais, organizaranse as mochilas viaxeiras que tanto éxito tiveron no curso anterior.

5. SECCIÓNS (BIBLIOTECAS DE AULA)

As bibliotecas de aulas canalizan e comparten moitos propósitos da biblioteca escolar: elas son unha ferramenta perfecta para apoiar os obxectivos curriculares e un espazo dende o que se motiva, invita e se propoñen actividades relacionadas coa lectura, a escritura e a expresión oral.

A biblioteca de aula é o espazo lector máis próximo e cotián no escenario do ensino e a aprendizaxe escolar. O seu uso é diario para consultas puntuais, busca de información, lecturas persoais e lectura grupal.

A proximidade dos recursos da lectura cobren as necesidades de información, complementan e amplían a curiosidade das/os alumnas/os sobre os temas de estudo, alentan o hábito lector e ademais achegan a posibilidade de innovación nas metodoloxías do profesorado.

Os materiais cos que contamos na biblioteca de aula son, entre outros:

- Libros de referencia (dicionarios, enciclopedias, atlas...)
- Libros informativos de diferentes materias.
- Cómicos.
- Libros de ficción.
- Fotografías, láminas de imaxes,...
- Libros feitos polos alumnos.
- Material manipulativo.
- Xogos de mesa.

A biblioteca de aula dispón de recursos para o fomento da lectura e a escritura pero non só para traballar dende a área de Lingua, senón que será

responsabilidade de todas/os as/os mestras/es dese grupo de alumnas/os, o desenvolvemento dos obxectivos propostos dende o PAL.

Dende e coa biblioteca de aula traballaremos:

- Familiaridade cos libros.
- Hábitos de coidado e manexo dos libros.
- Manexo doutros soportes de lectura audiovisuais e informáticos.
- A motivación da lectura diaria na aula. En voz alta ou silenciosa.
- A lectura social con estratexias de expresión oral como presentacións, debates, exposicións...
- O uso doutros libros informativos para ampliar información e elaborar traballos de documentación en torno a un tema, de xeito individual ou en equipo.
- Elaborar diarios de lecturas, recomendacións, guías...
- Produción de elementos motivadores como marcapáxinas, carteis...
- Produción de textos e libros persoais sobre temas documentais ou escritura creativa.

6. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS

Partimos da dedicación dun tempo diario á lectura comprensiva e/ou aos hábitos lectores, empregando unha metodoloxía activa, participativa e interdisciplinar, con actividades individuais e colectivas na que cada nivel conta coas estratexias de animación á lectura axeitadas e na que participa toda a comunidade educativa. Con estratexias de fomento da lectura, de uso da biblioteca, de atención á diversidade, de implicación das familias, etc.

6.1. ACTIVIDADES NA HORA DE LER

Desenvolvendo o PLC poñeranse en práctica distintas fórmulas que derivan nun maior compromiso do alumnado coa súa formación como lectores. Segundo se establece no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no punto 5, do *artigo 16.Principios metodolóxicos (Capítulo II)* di que “os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria”.

Dende o noso centro non se pretende impor nin o tipo de documento que vai utilizar, xa que poden decidilo tanto o profesorado como o propio alumnado, nin

o xénero, pode ser de ficción ou formar parte do currículo da materia en cuestión, pode ser o mesmo para todo o grupo ou individualizado, e a lectura pode ser en grupo ou de forma persoal, en voz alta ou silenciosa e o profesorado decidirá que tipo de actividades, se o desexa, quere e pode facer en torno á lectura.

6.2.- BOLSAS/MOCHILAS VIAXEIRAS E SESIÓNS DE LECTURA COMPARTIDA

Neste curso retomaremos ambas actividades coa necesidade da colaboración e implicación das familias. Ditas actividades teñen como obxectivo sensibilizar ao alumnado sobre a necesidade de contar cuns niveis de lectura comprensiva e de apego á lectura como ferramenta de construcións persoal e social. Ademais de cumprir unha función de compensación de desigualdades poñendo a disposición do alumnado e das súas familias, materiais actualizados e seleccionados con criterio de calidade, así como oportunidades para o encontro coa cultura en xeral e coa lectura en particular.

6.3. CLUBS DE LECTURA

Este ano crearemos un club de lectura co noso alumnado de 6º de Educación Primaria xa que consideramos que resulta unha práctica enriquecedora e estase demostrando a súa potencialidade no desenvolvemento de competencias clave, máis aló da evidente formación lectora.

7. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

Este curso contamos cun Equipo de Apoio a biblioteca formado polas seguintes persoas:

- Auria Ausina Arrojo (titora 1º E.P. e mestra responsable da biblioteca)
- Miriam Blanco Rodríguez (orientadora)
- Mª Socorro Cea Vázquez (titora 5º E.P.)
- Malena Pazos Pintor (mestra de Educación Artística)
- María Elvira Rodríguez Cebreiro (titora 3º E.P.)
- Natalia Villar Vázquez (titora 4º E.P.)

As súas **funcións** son as seguintes:

- Apoiar ao responsable da biblioteca na organización e dinamización da mesma, desenvolvendo así as funcións que se lle encomendan á biblioteca escolar.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- Elaborar diversos materiais: carnés, boletíns informativos, exposicións, ...
- Formar aos usuarios.
- Realizar reunións periódicas e toma de decisións con respecto a biblioteca escolar.
- Cooperar no deseño de actividades de uso, dinamización e animación.
- Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- Recoller propostas e suxestións do profesorado e o alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar no desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo individual.
- Efectuar pedidos de materiais e recursos.
- Publicar e divulgar experiencias e actividades realizadas na biblioteca escolar.

Algunhas das **funcións específicas** da **responsable** do equipo son:

- Elaborar a programación anual da biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares de centro e a memoria final.
- Colaborar no deseño e posta en práctica do PLC, coordinándoo, no seu caso.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
- Representar o equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxerencias.
- Analizar a situación e necesidades da biblioteca.
- Xestionar os recursos materiais e humanos.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade educativa.

- Comunicar e facer circular a información.
- Participar na capacitación do alumnado no uso das fontes de información.
- Ofrecer recursos e oportunidades para a aprendizaxe.
- Promover a lectura como medio de ocio e entretemento.

PROFESORADO:

- Recibe información das actividades programadas. Colabora con elas.
- Dispón dunha ou varias sesións semanais de uso.
- Propón a adquisición de recursos.

ALUMNADO:

- Dispón do servizo de préstamo e de lectura en sala.
- Utiliza os diversos recursos da biblioteca.
- Participa nas diferentes actividades de animación á lectura, escritura e investigación propostas pola biblioteca.

NAIS/PAIS:

- Reciben información e recomendacións da biblioteca e de lecturas a través de boletíns.

8. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:

● En **Educación Infantil:**

A lectura na etapa de Educación Infantil e Primaria está presente na actividade cotiá da aula, no currículo da etapa infantil faise fincapé na necesidade de achegar o alumnado á lectura e á escritura.

Concretamente na Área de Comunicación e Representación da Realidade faise fincapé tanto a importancia da oralidade como instrumento por excelencia para a comunicación como ao achegamento á literatura infantil como fonte de gozo.

Detállanse a continuación unha serie de actividades nas que literatura e lectura son protagonistas:

- **PRÉSTAMO DE LIBROS:** as/os nenas/os levan libros da biblioteca de aula para ler na casa coas familias.
- **BIBLIOTECA DE AULA:** é un recurso que está presente en todas as aulas e que se emprega como complemento do proceso ensino-aprendizaxe. Ademais é un recuncho que forma parte da rutina do traballo da aula.

▪ **LECTURA DIARIA: A HORA DE LER.** Esta é outra actividade diaria nas nosas aulas, establecendo así un tempo mínimo diario para a lectura. Fanse lecturas moi diversas para ampliar a visión literaria das nenas e nenos.

Estas son algunhas das actividades que se realizan en educación infantil e que van encamiñadas ao fomento da lectura.

● **En Educación Primaria:**

Nas programacións dos distintos niveis aparecen recollidos os obxectivos e actividades en torno á lectura e escritura. Verémolo a continuación:

Nos primeiros cursos de Primaria téñense que acadar as máximas competencias en lectura comprensiva e escritura.

Para as actividades de **fomento da lectura** utilizarase tanto a biblioteca do centro como a de aula. O alumnado de cada nivel acoden unha sesión semanal a biblioteca do centro onde escollen un libro axeitado á súa idade. Da biblioteca de aula dispoñen libremente e fan un servizo máis puntual, por exemplo con aquelas alumnas e alumnos que rematan antes o seu traballo.

Respecto á **escritura**, tentarase que sexa lexible e entendible, que superen as inversións que aínda se poidan dar, que entendan a idea de palabra, frase e parágrafo e que, en definitiva, entendan que se trata de representar na escritura o sentido da oralidade.

Seguindo en todo momento as directrices que se marcarán con toda a seguridade no PLC, levaranse a cabo en toda a etapa de primaria unha serie de actividades para fomentar o hábito lector en dous campos:

- Como actividade de lecer.
- Como vehículo para adquirir coñecementos.

Traballando a lectura axudarase a que o noso alumnado mellore a comprensión, a expresión oral e escrita, a ortografía, que enriqueza o seu vocabulario, que aprenda conceptos novos,...

Están previstas, sen excluír outras que poidan xurdir e que consideremos de interese, as seguintes accións:

- **Ler en todas as áreas:** Practicarase a lectura silenciosa e a lectura individual en voz alta, tanto por parte do alumnado como do profesorado.

- Unha **sesión semanal na biblioteca** do centro, na que o alumnado á parte de poder ler alí, terá a posibilidade de levar libros en réxime de préstamo para a súa casa.

A **biblioteca**, tanto de aula como de centro, será fundamental para o traballo diario, xa que se entende como un centro de recursos converténdose nun lugar axeitado para o estudo, a investigación, a autoformación, a creación do hábito lector.

Todas/os as/os alumnas/os, tanto de E. Infantil como de Primaria, participarán de distintos xeitos nas actividades específicas do PAL programadas ao longo do curso: composicións escritas (contos, poesías...), elaboración de murais, tarxetas, marcapáxinas, actividades de animación á lectura, exposicións, celebracións, conmemoracións, ...

8.1. PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS.

Os proxectos documentais integrados (PDI) son actividades nas que o alumnado, ademais de investigar sobre un tema ou problema concreto, familiarízase cos mecanismos de busca de información e traballo intelectual empregando para iso os recursos documentais da biblioteca escolar.

Os proxectos documentais integrados son un excelente instrumento para xerar e estimular novas formas de aprender, acordes coa sociedade da información. Son unha forma de traballo que permite transformar a información en coñecemento e coa que a biblioteca escolar se converte no eixe da acción educativa.

Estableceremos neste curso o tema dos **camélidos** como eixe fundamental do PDI.

8.2.- PROGRAMAS DE FORMACIÓN DE USUARIOS.

É unha tarefa fundamental a formación de usuarias e usuarios. Ao longo do curso realizaranse actividades destinadas a acadar por parte dos nosos usuarios, fundamentalmente alumnado e profesorado, un completo aproveitamento dos nosos fondos e servizos. O equipo de biblioteca publicará as oportunas guías ou carteis así como se encargará do deseño de actividades de formación.

8.3. ACTIVIDADES PUNTUAIS: OBRADOIROS, EXPOSICIÓNS, CONCURSOS, ENCONTROS CON AUTORES, CELEBRACIÓNS (DÍA DA

BIBLIOTECA ESCOLAR, DÍA DO LIBRO, DÍA DA PAZ, 8 DE MARZO, SEMANA DA PRENSA, DÍA DAS LETRAS GALEGAS, ...)

Ao longo do curso deseñaranse diferentes actividades na biblioteca, ás veces tendo a biblioteca e a literatura como referente, e outras veces como apoio de distintas celebracións e festividades.

Co apoio das diferentes editoriais, ao longo do curso agardamos establecer diferentes encontros con autoras/es e ilustradoras/es, que nos animarán á lectura e tamén fomentarán a labor literaria do noso alumnado.

As actividades programadas que poderán ampliarse ao longo do curso son as seguintes:

ACTIVIDADES XERAIS COORDINADAS POLA BIBLIOTECA	
Difusión e exposición de libros sobre o Outono	Outono
Contacontos/Outras actividades	Día da biblioteca escolar
Exposición de libros	Día Universal da Infancia
Exposición de libros	Día Internacional contra a Violencia de Xénero
Exposición de libros relacionados coa conmemoración	Día Internacional das Persoas con Discapacidade
Exposición de contos de medo e terror	Magosto/Samaín
Elaboración dun díptico sobre recomendacións de contos	Decembro
Exposición de libros sobre o Nadal	
Exposicións de fondos bibliográficos e audiovisuais	Día da Paz
Exposición de libros de Rosalía de Castro	Día de Rosalía de Castro
Exposición de traballos de investigación	Día da muller
Escritura de poemas propios	Día da poesía
Exposición de libros de poesía	
Obradoiros	Semana do libro
Exposición de libros de Luisa Villalta	Día das Letras Galegas
Exposición de traballos de creación persoal	Día do Medio Ambiente

Publicitación dos fondos da biblioteca

Ao longo do curso

9. RECURSOS E MATERIAIS

Continuaremos coas tarefas do curso pasado (adquisición e catalogación) e levaremos a cabo as liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar para o curso 2023/244 dentro do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia, PLAMBE.

Todas as aulas deben contar con biblioteca propia que se nutrirá cando sexa posible da biblioteca do centro.

Todos os membros da comunidade educativa están implicados neste PAL, sendo as/os titoras/es os que guían ao alumnado na consecución dos obxectivos propostos.

Ademais, o equipo de biblioteca está constituído por mestras e mestres que representan todas as etapas educativas.

10. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

O ámbito familiar é potencialmente o máis idóneo para xerar o gusto pola lectura nas nenas e nenos, xa que canto antes aprendan a gozar do que supón entrar no mundo máxico dos libros, a aprender a emocionarse con eles, maior será a posibilidade de crear bos lectores ao longo da vida.

Como xa incidimos anteriormente vai ser fundamental a colaboración das familias en diversas actividades, non obstante, será imprescindible a súa implicación nas actividades desenvoltas no punto 6.2. e no uso da biblioteca escolar polas tardes.

11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**Aspectos a avaliar:**

- O grado de consecución dos obxectivos.
- O grado de satisfacción do profesorado implicado no plan.
- A participación nas actividades relacionadas coa biblioteca e a lectura en xeral.
- O uso por parte das/os alumnas/os e profesorado.
- A adecuación dos horarios.

- A adecuación dos recursos.
- A comunicación do equipo coas titorías.
- A comunicación coas familias.
- Os hábitos de lectura e o respecto ás normas.
- As dificultades atopadas e as posibles solucións.

Instrumentos de avaliación.

- Observación por parte de titoras/es, profesoras/es e equipo de biblioteca de diferentes aspectos:
 - Participación e interese do alumnado polas diferentes actividades propostas relacionadas co PDI, a animación á lectura e ás diferentes celebracións ao longo do curso.
 - Traballos realizados polo alumnado.
 - Interese e motivación por ir á biblioteca do centro.
 - Comentarios/valoracións do alumnado respecto á biblioteca, o seu funcionamento, organización, colección...
- Cuestionarios.
- Rexistros.



PLAN DIXITAL

CEIP MESTRE PASTOR BARRAL

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: *Ceip Mestre Pastor Barral.*

Dirección: *Rúa Camiño Real, 0, 15800 Melide, A Coruña.*

E-mail: *ceip.pastor.barral@edu.xunta.gal*

Web: *<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippastorbarral/>*

Profesorado durante o curso 2021/2022:

- *4 especialistas en Educación Infantil*
- *5 especialistas en Educación Primaria.*
- *1 especialista en Filoloxía Inglesa.*
- *1 especialista en Filoloxía Francesa.*
- *1 especialista en Educación Musical.*
- *1 especialista en Educación Física.*
- *2 especialistas en Pedagogía Terapéutica (unha delas en comisión de servizos)*
- *1 especialista en Audición e Linguaxe (itinerante)*
- *1 Orientadora (itinerante)*
- *1 especialista en Relixión (itinerante)*

A maioría do profesorado actualmente está en situación definitiva no centro.

Alumnado durante o curso 2021/2022:

A matrícula dos últimos anos está sendo en torno aos 150 alumnos/as.

O centro é de liña 1, é centro de integración preferente de alumnado con discapacidade motriz da zona debido á accesibilidade das instalacións e ten o seguinte número de unidades:

- *3 unidades de Educación Infantil.*
- *6 unidades de Educación Primaria.*
- *1 unidade habilitada de Educación Especial*

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro:*

Melide é un concello do interior de Galicia, situado ó SE da provincia da Coruña, no Camiño de Santiago. Ten uns 102 Km².

O concello de Melide ten unha poboación de 7443 habitantes APROXIMADAMENTE, agrupados en 26 parroquias. A capital municipal conta con preto de 4.000. Tamén se observa o fenómeno da inmigración. Prodúcese un avellentamento da poboación debido a que a mortalidade é superior á natalidade.

As familias do alumnado que viven no entorno do centro residen en edificios de pequena altura ou vivendas unifamiliares, que se estenderon nos últimos anos pola nosa zona. Os que viven no rural acostuman a facelo tamén en vivendas unifamiliares.

A maioría dos alumnos/as contan con recursos tecnolóxicos e informáticos nos fogares.

Os sectores laborais das familias do alumnado do centro sitúanse nos sectores agrícola-gandeiro, construción, transporte e administración e servizos.

O nivel socio-económico e cultural das familias é medio-baixo.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa,

O Plan Dixital formará parte da PXA, contribuíndo á adquisición da competencia dixital por parte do alumnado durante o próximo curso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Este Plan Dixital responde á necesidade de unificar e sistematizar todas as iniciativas, actividades e esforzos que se desenvolven no centro, e que están relacionados co uso das ferramentas dixitais para a planificación, o desenvolvemento e a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.

Dende fai anos, as chamadas Tecnoloxías da Información e da Comunicación foron gañando presenza e protagonismo nos Centros educativos, sendo ferramentas auxiliares nos diferentes procesos, tanto nos didácticos como nos administrativos, comunicativos...

Na actualidade, as ferramentas dixitais son inherentes á sociedade da que forman parte os docentes e tamén as nenas e nenos, polo que deben formar parte do día a día dos Centros educativos, dado que aportan un valor engadido do que todos somos conscientes.

Polo tanto, este Plan Dixital vén a unificar todas as iniciativas que se desenvolven no Centro relacionadas co uso das Ferramentas Dixitais, conformando un Documento no que se establecen os Obxectivos a conseguir, e un Plan de Acción para cada un deles.

O marco normativo que regula a esta acción é o seguinte:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital creouse un grupo de traballo no que participou todo o profesorado do centro a través dunha liña de traballo dentro dun PFPP.

Todo o traballo foi realizado en conxunto, levando a cabo reunións periódicas e establecendo as liñas a seguir e concretando as necesidades do noso centro en materia dixital.

Os resultados dos test e enquisas realizados foron recollidos polo coordinador do Plan Dixital e expostos e debatidos.

Con todo isto, establecemos os obxectivos de cara o curso que vén de forma conxunta e coordinada con todos os membros do claustro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Infraestrutura:**

No centro contamos con conexión cableada (especificar aulas) e contamos con internet sen fíos en todo o centro, tendo boa cobertura e velocidade.

- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**

Aulas dixitalizadas: contamos con dúas aulas Abalar, con encerado dixital e proxector. Todas as aulas contan con proxector, tendo algunhas PDI e outras adaptador para transformar a pizarra branca en interactiva.

Cada membro do equipo directivo conta cun ordenador completo para a xestión e administración do centro. Na biblioteca contamos cun equipo para o préstamo de libros e 3 ordenadores fixos para o seu uso por parte do alumnado nas horas de biblioteca e nos tempos de lecer.

Na sala de mestres temos 3 ordenadores fixos para uso do profesorado para labores relacionadas coa docencia. Cada mestra ou mestre conta con un ordenador portátil para a súa aula.

Temos un aula con toda a instalación precisa para ser un aula de informática operativa, pero carecemos de equipos informáticos nela, xa que o centro non conta con ningún ordenador dispoñible e operativo para esta aula.

- **Servizos dixitais educativos:**

Utilizamos de xeito habitual a páxina web do centro para avisos e outras actividades, así como a aula virtual en momentos puntuais durante o curso. Temos dúas aulas Abalar e participamos no proxecto Snappet, financiado polas familias nos cursos de 5º e 6º. O equipo directivo comunícase coas familias a través do AbalarMóbil, pero o resto do profesorado faino a través doutros medios.

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**

A xestión dos equipos e mantemento do centro lévaa a cabo un servizo externo ao centro (concretar).

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	4.7
	Profesorado	3.7
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4.8

	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.9
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.8
	Profesorado	3.7
	Alumnado	3.9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5
	Profesorado	3.7
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.5
	Profesorado	3.6
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.6
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4.3
	Profesorado	2.9
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.3
	Profesorado	3.3
	Alumnado	3.6

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	14	71.4%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	3	3	100%
DESPRAZADO	0	4	0%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
63.8	Explorador/a (A2)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>45.8</u>	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)
PRI	<u>63</u>	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	13.3%
A2	8	53.3%
B1	2	13.3%
B2	1	6.7%
C1	1	6.7%
C2	1	6.7%
TOTAL	15	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Acceso a Internet na maioría do centro.	1. Dispositivos dixitais inexistentes para o alumnado. 2. Dispositivos para o profesorado insuficientes e desactualizados. 3. Non existen un sistema de protección de datos.
	PERSOAL DOCENTE	1. Busca de recursos dixitais en Internet por parte do profesorado. 2. Utilización de medios dixitais nas aulas por parte do profesorado.	1. Pouca motivación por parte do profesorado polo uso das tecnoloxías na aula. 2. Pouca formación en novas tecnoloxías. 3. Non se debate sobre as vantaxes e desvantaxes sobre o proceso de ensinanza aprendizaxe usando as novas tecnoloxías.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. O alumnado non é capaz de ver a seguridade ou inseguridade na rede. 2. No centro fomentamos o uso responsable das novas tecnoloxías.	1. Hai alumnado con pouco acceso a medios tecnolóxicos. 2. O alumnado non manexa equipamento informático salvo móbiles e con ferramentas lúdicas.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. O centro usa medios dixitais para a comunicación coas familias do alumnado.	1. Pouco orzamento por parte do centro para a compra de medios dixitais. 2. Inexistencia dunha Estratexia Dixital de Centro. 3. Falta de horario por parte do profesorado para adicar a mantemento dos aparellos dixitais.

--	--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Posibilidade de participación no proxecto E-dixgal.	1. Non existe no noso centro asistencia técnica experta por parte da administración. 2. Falta de investimento en medios dixitais. 3. Falta de tempo para o profesorado para explorar a Ensinanza Dixital. 4. Falta dun espazo físico para a correcta organización.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

O Plan de Acción é un documento no que establecemos os obxectivos para o próximo curso no noso centro.

No noso centro contamos cuns recursos moi limitados para traballar de forma dixital co alumnado e poder acadar un correcto desenvolvemento da competencia dixital, tan importante no mundo actual.

Non temos dispositivos para que o alumnado manexe, nin estamos actualmente en ningún plan ou proxecto específico para conseguir financiamento. Esta será un dos obxectivos para o vindeiro curso: participar nos diferentes proxectos sempre que se adapten ás necesidades e realidade do noso centro.

O persoal está pouco cualificado para utilizar de xeito eficiente medios dixitais para o ensino aprendizaxe do alumnado, polo unha das metas do curso que vén debe ser a formación do profesorado nesta materia.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Elaboramos o Plan de Acción tendo en conta as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que establecemos no DAFO. Para elo, elaboramos obxectivos sinxelos, reais e con posibilidade de ser cumpridos.

Os obxectivos, indicadores e accións están elaborados e concretados nas táboas para cada obxectivo do Plan de Acción, presentes neste documento.

Área/s de mellora: Liderado (A)						
OBXECTIVO 1: (1)	Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións coas familias a través do sistema AbalarPro					
Valor de partida: (3)	0% das titoras					
Valor previsto e data: (4)	75% das titoras			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear un grupo de traballo encargado da formación sobre o programa AbalarPro	Equipo directivo	01/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formar as persoas titoras na ferramenta AbalarPro	Profesorado do grupo de traballo	21/12/2022	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas	Persoas titoras	30/06/2023	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)							
OBXECTIVO 1: (1)	Iniciarse nas TIC na etapa de Educación Infantil					Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Utilización das TICS na aula						
Valor de partida: (3)	Non aplica						
Valor previsto e data: (4)	Utilización das TIC por todos os docentes				20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Solicitar un PFPP cunha liña de formación en robótica	Equipo directivo	30/11/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Usar de xeito semanal instrumentos para traballar robótica na aula	Persoas titoras	20/06/2023	Escornabots e circuítos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3:					Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)							
OBXECTIVO 1: (1)	Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de EP para analizar a fiabilidade da información					Acadado	
Responsable:	Persoas titoras de cada grupo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de sesións lectivas dedicadas a analizar a fiabilidade da información						
Valor de partida: (3)	0 sesións						
Valor previsto e data: (4)	4 sesións				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Crear grupos de traballo na aula para analizar a información	Persoas titoras de cada grupo	20/12/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Elaborar unha rúbrica que se utilizará para analizar a información	Persoas titoras de cada grupo	20/12/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Elaborar dous retos con información de diferentes sitios web para valorar a súa veracidade por parte do alumnado coa rúbrica xerada	Persoas titoras de cada grupo	30/06/2023	Rúbrica creada		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipos (C)							
OBXECTIVO 1: (1)	Dotar ao centro de tabletas dixitais para poder iniciar ao alumnado de segundo e terceiro ciclo na programación dixital					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de tabletas mercadas. Actividades realizadas en Scratch.						
Valor de partida: (3)	0 tablets. 0 actividades						
Valor previsto e data: (4)	10 tablets. 5 actividades por grupo aula				20/12/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Mercar 10 tabletas dixitais	Equipo directivo	20/12/2022	Fondos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Utilizar as tabletas para programar con Scartch e Arduino	Persoas titoras	30/06/2023	Tableta dixitais. Opcionalmente Mbots.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3:					Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 1: (1)	Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características					
Responsable:	Dirección					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de experiencias que se intercambiaron durante o curso					
Valor de partida: (3)	0 experiencias intercambiadas durante o curso 21/22					
Valor previsto e data: (4)	5 experiencias intercambiadas durante o curso 22/23			20/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Organizar intercambios de experiencias entre profesorado do centro	Dirección	20/05/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Pescudar experiencias que se están a levar a cabo noutros centros	Dirección	20/10/2022	Boletíns, webs doutros centros, redes sociais e congresos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Organizar/ participar/ divulgar intercambios de experiencias de profesorado doutros centros	Dirección	20/5/2023	Profesorado doutros centros que desenvolva experiencias interesantes e profesorado do centro que estea disposto a coñecelas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: Liderado						
1. OBXECTIVO (1):	Facer un uso dos Recursos Educativos Abertos respectuoso cos Dereitos de Autor e Licenzas de Uso.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O Claustro de profesores coñece as distintas licenzas de uso (Copyright, Copyleft e Creative Commons), e as posibilidades que cada unha delas ofrece para a utilización dos Recursos Educativos Abertos no Proceso de E-A.					
Valor de partida (3)	O 0% do profesorado coñece a importancia do respecto aos Dereitos de Autor e Licenzas de Uso. O 10% selecciona os recursos respectando estes aspectos.					
Valor previsto e data (4)	O 75% do profesorado coñece a importancia do respecto aos Dereitos de Autor e Licenzas de Uso. O 50% selecciona os recursos respectando estes aspectos.			Fin do curso 22/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación dunha liña de formación relacionada con Recursos Educativos Abertos, cos Dereitos de Autor e coas Licenzas de Uso.	Persoa Coordinadora do PFPP.	Fin do curso 22/23	- Relator. - Aula de Informática. - Organización da actividade para o Claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Recompilación de recursos educativos Abertos con licenza Copyleft e Creative Commons	Persoa coordinadora do PFPP e participantes no mesmo.	Fin do curso 22/23	- Persoas integrantes no PFPP. - Rede que permita o traballo colaborativo (Google Drive ou similar).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Estratexias e repositorios para a busca destes recursos.	Persoa Coordinadora do PFPP e participantes no mesmo.	Fin do curso 22/23	- Relator - Aula de Informática.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)							
OBXECTIVO 1: (1)	Iniciarse en robótica no primeiro ciclo de EP					Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Utilización da robótica na aula						
Valor de partida: (3)	Non aplica						
Valor previsto e data: (4)	Utilización da robótica por todos os docentes				20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Solicitar un PFPP cunha liña de formación en robótica	Equipo directivo	30/11/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Usar de xeito semanal instrumentos para traballar robótica na aula	Persoas titoras	20/06/2023	Escornabots e circuítos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3:					Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No noso centro precisamos mellorar o noso equipamento tecnolóxico de xeito urxente. Non contamos con algo tan básico coma unha aula de informática pola inexistencia de equipos nin tampouco contamos con ningún tipo de tableta dixital.

Polo tanto consideramos que dende o noso centro precisamos:

- *Ordenadores para dotar a aula de informática para poder iniciar ao alumnado en edición de texto, presentacións e distintas ferramentas para poder acadar unha competencia dixital. Serán precisos uns 15 equipos completos para garantir o seu correcto funcionamento.*
- *Precisamos tabletas dixitais para poder iniciar ao alumnado a unha correcta búsqueda de información en Internet, estando dentro da aula. O número preciso sería de 10 tabletas dixitais.*
- *Kits de robótica con Escorabots e Mbots para poder traballar a programación.*
- *Dos impresoras en 3D para utilizar co alumnado de segundo e terceiro ciclo para acadar un desenvolvemento da competencia dixital.*
- *Un armario de seguridade coa capacidade suficiente para almacenar todo o equipamento móbil.*
- *Un carrito para poder trasladar todo o material dunha aula a outra, así como para recollelo no armario de seguridade.*
- *Monitores interactivos para poder modernizar o aprendizaxe do alumnado e as aulas Abalar.*

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Realizarase unha vez ao trimestre unha revisión do grado de consecución dos obxectivos. Valorarase o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

O seguimento queda recollido tamén nas táboas do Plan de Acción.

Tamén se realizará unha avaliación final ao rematar o curso para establecer propostas de mellora e analizar o grado de consecución dos obxectivos.

5. Difusión do plan

O centro difundirá o Plan Dixital entre a comunidade educativa a través da súa páxina web. Tamén haberá unha copia dispoñible para todo aquel que queira consultalo na secretaría do centro.